

LEMA: MARES DO NOITE

A SAGA DA ILHA SEM NOITE

"Caelum non animum mutant qui trans mare current"
"Os que corren máis alá dos mares mudan de ceo,
máis non de espírito".

Quinto Horacio Flacco (65-8 aC.)
("Epístolas", I, 11).

I N D I C E

LIMIAR	2
MAPAS.	4
O REI QUE SE ANUNCIA	5
O CABALO DAS ONDAS	18
A TERRA DO XEO	47
A MONTAÑA DO LUME.	68
UNHA CASA NA BAIÁ.	81
A PLUMA DO INVERNO	97
RAUDA.	127
NEMA LAND.	137
NOTAS A PE DE PAXINA	153
GLOSARIO	156
TABOA CRONOLOXICA.	163

LIMIAR

Por pouco que o poida parecer o presente relato é a reconstrucción dun feito real, acontecido hai máis de once séculos. A consecuencia inmediata do mesmo foi a creación dun novo país capaz de aportar ó patrimonio humano unha das súas literaturas máis fermosas e admirables. O acontecemento recompómolo nestas páxinas tratando de ser fieis en todo momento ó que sobre el refiren os diferentes textos e códices aínda existentes, máis ou menos próximos ó tempo no que ocorreron, logo de nos esforzar en conseguir a debida coherencia interpretativa dos informes, ás veces en aparente contradicción, e sempre concisos, que conteñen. Os aludidos son tamén os documentos cronoloxicamente máis achegados ós feitos dos que nos imos ocupar, transmitidos de xeito oral ata o momento no que foron finalmente recollidos por escrito.



Campe indicar tamén, que se barallan outras cronoloxías distintas ás que aquí defendemos, aínda que moi próximas a elas, tanto para datar as descubertas de Naddod, Floki, e Gardar Svarvarson, coma a orde no que estas se produciron.

Como é natural, para facilitar o seguimento dunha historia das características da presente ó lector non familiarizado co mundo e a xeografía nos que se desenvolve, consideramos

necesario complementala con algunhas anotacións a pé de páxina, así como con mapas contendo a reconstrucción cartográfica dos lugares e do momento nos que acontece. Así mesmo, as palabras sinaladas cun *, teñen a súa cumprida aclaración, por orde alfabética, no Glosario que incluimos ó final.

Con isto pretendemos ofrecer un corpus explicativo suficiente para que se comprenda tanto o mundo como as circunstancias que arrodeaban ós protagonistas e conseguir ó mesmo tempo que ninguén chegue a se sorprender de se atopar aquí cuns viquingos un tanto diferentes daqueles outros, máis convencionais, que, por aquel mesmo tempo, enchían as igrexas de Europa de xentes a imploraren angustiadas: "A furore normannorum, liberanos, Domine". "Da furia dos homes do norte, líbranos, Señor".

....., verán de 1999.



O REI QUE SE ANUNCIA

Había un home chamado Gardar, fillo de Svavar o Sueco. Tiña fincas na illa danesa de Seeland*, pero nacera en Suecia.

Gardar Svavarson casou cunha noruega e, segundo estiman os eruditos, pasou a vivir no Wiken*. Isto foi nos confusos días nos que Harald* o da Ferosa Cabelleira, fillo de Halvdan* o Negro, pretendía ser rei de Noruega.

Esvaíase o solpor e cubríanse xa de sombras as lombas e os outeiros próximos, mentres no occidente mantiñase aínda un lene brillo metálico nun ceo calmo, naquel momento riscado por unha bandada de aves mariñas, quizais nos prolegómenos xa da súa inminente marcha cara ó sur. Onda o pequeno casal bambeábanse mainamente as embarcacións: un arredondeado "knorr"*, coa vela empallicada, dous "sheid"*, e un fato de botes de distintos

tamaños, algúns deles sen tan sequera pau. A temperatura descendera de xeito apreciable.

Parecía non haber máis nada xa que dicir. A maioría pareceu renderse á evidencia, aínda que decidiu demorar a decisión para unha nova xuntanza. Gardar Svarvarsson, o "hersir"*, sen embargo, non podía ocultar a súa preocupación. Non era bó que se producisen diferencias tan acusadas en cousas que, como aquela, podían afectar de xeito tan profundo a cantos vivían na súa xurisdicción. Había varios anos xa que morrera Halvdan o Negro, o primeiro noruego coa cobiza o suficientemente grande como para pretender considerarse rei, aínda que o seu poder non conseguira chegar nunca moito máis alá das súas terras do Vestfold*. E non atopaba nada tranquilizador que o seu fillo, Harald, que non debía de chegar aínda sequera ós dezaseis anos, se sentise tan constrinxido no cativo territorio que delimitaban os "Catro outeiros de Halvdan", o herdo recibido do seu pai, que cobizase converterse no soberano de todos os noruegueses.

Preocupáballe semellante pretensión polo que puidese influír nas vidas de todos cantos estaban alí representados. Certo que, polo de agora, Harald limitábase nada máis que a lles pedir o seu recoñecemento. Mais cheiráballe certamente a can o feito de que pretendese que este se fixese mediante un xuramento. Porque, aínda que isto fose unha práctica habitual entre as xentes do sur, a propia natureza de semellante acto ofendía a dignidade de calquera home que se sentise autenticamente ceibe.

Era tamén certo que el non tiña por que se someter a unha humillación como aquela. Non era noruegués, e mesmo tiña máis

propiedades fóra que no propio Wiken. Mais residía nel, e tanto a súa nai como a súa esposa eran norueguesas, polo que, ademais de polas responsabilidades do cargo, tiña motivos máis que sobrados para comprender que non se ía poder manter á marxe do desacordo, se este chegaba a se producir, por moito tempo.

Os asistentes iniciaron o descenso da lomba na que se celebrara o Thing*. Gardar foinos avisando a todos. A sesión alongárase máis do previsto, e non era aquel o momento máis axeitado para intentar o retorno ás súas granxas ou ás súas aldeas. A escuridade podía converter nunha trampa mortal as augas do fiordo, por ben que as coñecesen. E tampouco ía beneficiar ós cabalos naquelas congostras, para os que trataran de facelo por terra. Os que procedían dos lugares máis afastados aceptaron comprácidos o convite. O resto preferíu arriscarse.

As tripulacións destes estaban xa a bordo dos seus respectivos botes, dispostas a non desperdiciar os últimos fulgores do solpor. Os criados do "hersir" fornecéranas de fachicos, e estaban a facer o mesmo cos que pretendían viaxar por terra.

-Di que se vai conformar co xuramento -teimou de novo Olaf, antes de chimpár ó interior da súa embarcación- Pero despois acabará por demandar tamén o pagamento de tributos, xa que considerará razoable contar tanto cunha corte coma con xentes de armas. Non é xa en exceso doada a vida para moitos dos que en Noruega vivimos para que veña agora este mozo a tratar de pórnola aínda máis difícil. E despois haberemos de presenciar como utiliza eses guerreiros para impor a súa vontade e o seu capri-

cho sobre cantos esteamos a contribuír ó seu sostemento. Acabará por detentar o poder máis absoluto, e sen a obriga de ter que dar conta dos seus actos a ninguén. De aceptar a súa proposta converteríamonos en súbditos. Deixaríamos de ser homes libres, coa facultade e o dereito de elixir a quen nos governe. Non, Gardar. Non é ese o camiño que nos convén.

O "hersir" asentíu, aínda que gardou silencio. "Neisti", a súa cadela, remexía naquel momento onda eñ, pretendendo que contemplase unha vez máis a súa nova camada de cachorros. Movíanse todos eles ó seu arredor, inqedos, como un mar de pequenos seres, tirándolle lustre á súa grosa pel aínda case branca, mantendo sempre en alto os seus rabos enreberichados por riba do lombo. Foi suficiente que pasase a man polas cabezas de algúns para que a cadela desaparecese satisfeita, ó fronte do fato, camiño do alboio. Os botes marchaban xa en todas as direccións, reflectindo nas augas a luz das súas candeas. Noutros puntos, as irregularidades do camiño ían ocultando pouco a pouco ós que se desprazaban por terra.

Helga, a esposa de Gardar, recibíu ós convidados cun sorriso na porta da palizada de troncos, que separaba o pequeno casal dos campos de labor.

O fogar do "hersir" atopábase xa debidamente iluminado polos archotes e os lumes da lareira e da fogueira, na que estaba a ser asada carne nun espeto. E os escravos amañaban a toda presa as longas bancadas de terra esmagada adosadas as paredes, para que puidesen acoller ós hóspedes. A atmósfera resultaba xa un tanto mesta, aínda que estivese aberto o buraco do teito.

A sala era realmente grande, abranguendo practicamente case que a totalidade do edificio, aínda que compartillada polas trabes verticais que sostían a cuberta de herba e de colmo. Delas, e das travesas que aseguraban a armazón, apenduraban armas, caldeiros, trebellos, forquiñas, picos, fouciños, angazos, fontes e pratos, de madeira ou de esteatita, bolsas de coiro ou de liño, con provisións, así como un amplo mostrario das ferramentas que utilizaban tanto Gardar coma os seus servidores. Onda todo isto advertíanse tamén as rocas e os fusos de fiar. Na parte alta dun dos cangos, dous gatos, coa pel a riscas, ollaban con degoro os alimentos que estaban a ser adubados tanto no espeto coma nos caldeiros da lareira. O tear onde os homes e as mulleres da casa, especialmente durante o inverno, elaboraban o "vadhmal"* co que confeccionaban a roupa, advertíase no fondo da sala.

Gardar foille asignando a cada un o seu lugar, máis ou menos preto da mesa reservada para el e a súa esposa. Esta estaba situada no centro da parede meridional, ó fronte da lumieira do teito. O lugar distinguíase dos demáis non só por ser máis elevado, senón por que as trabes que o abeiraban, as patas da propia mesa, e mesmo os seus asentos, estaban profusamente decorados con entrambilicados deseños de lacería de carácter máxico ou metafórico. A do "hersir" era así mesmo a única das mesas que contaba cun mantel de liño. Nela foron tamén acomodados Eirik "o Vello" e Björn, os xuristas do Thing.

Aínda ben non tomaran asento, remataron de seren repartidos

os pratos, as culleres de ferro ou de madeira, o pan de avea e os picheis con hidromel e cervexa. As vasillas de ferro que contiñan as papas foron as primeiras en saír do lume e seren distribuídas. Helga, aínda en apariencia allea á todo aquel aparello organizativo, inspeccionaba coa ollada cada movemento dos servintes, pendente do menor percance e da súa sagacidade para solucionalo. Onda ela, a súa sogra, a nai de Gardar, permanecía en silencio, en actitude completamente pasiva.

Eirik "o Vello" e Björn continuaban aínda coa teima que os enfrontara no Thing.

-É moi fermoso o que defendes Björn: territorios de homes libres gobernados por cadansúa asemblea comarcal, a construír naves en común, e a comerciar ou a realizar expedicións tamén en común. Mais ¿cal é a realidade se agacha detrás?. Sábelo perfectamente: Territorios a pelexar uns contra outros; home contra home, "jarl"* contra "jarl", "hersir" contra "hersir"... Hai outros camiños, Björn.... Terías que estar alí... Foron centos as embarcacións as que os daneses conseguiron xuntar para atacar a terra dos francos..., hai disto, penso que preto xa de vinte anos. Desengánate. Nunca acadaremos os noruegueses unha capacidade como esa có noso actual xeito de nos gobernar. desengánate, o futuro pasa por Harald "Haarfagr"*.

Björn probou as papas. Atopounas demasiado quentes aínda. Logo virouse cara ó seu veciño.

-¿Qué pretendes significar con iso, Eirik?. ¿Que lembre as xestas da túa perdida xuventude?. Se é iso, ben está que mo repitas unha vez máis. Mais o argumento resulta feble respecto ó

que estamos a tratar. Entrastes en París e xuntastes unha auténtica fortuna, sen sequera arriscarvos, nada máis que por vos comprometer a respectala. Seino. Mais, ¿de que vos valeu?. ¿Que conseguistes en realidade?. A maior parte do que gañastes foi parar ó saco do rei Horik. ¿É algo así o que cobizas para nós?.

-Debezo por que haxa unha orde. Unha orde e unha autoridade que nola garantice, Björn. Non quero que sigamos a rifar entre nós, como ata agora.

-Segues sen comprender o problema, Eirik. Non é a coroa, senón a espada a que confire a autoridade que ti cobizas. Mais lémbrao ben, os suecos teñen reis, que non paran de rifar entre eles. E o mesmo lles acontece ós dos daneses. Nin sequera ó propio Horik pareceu serlle de proveito canto lle procuraron esas expedicións das que tanto te gabas ter participado, posto que tamén el acabou por perder o trono (1). ¿Non son suficientes estes exemplos?. A auténtica orde e a auténtica autoridade nada máis que poden ser acadadas a través da lei. Non da espada, ou de que os trate de encarnar un home, por moi mozo, garrido, e espelido que este sexa. Por riba, agora sabemos xa todos de que é pola condición que a danesa Ragnhild lle puxo para se casar con el, que pretende Harald convertirse no noso rei. Se é así, o futuro que ti defendes é o de sermos nada máis que a súa dote. E non quero pórme sequera a considerar esa ridícula promesa súa de non se cortar o pelo mentres non o consiga, por qué acabaría por me indignar máis aínda do que xa o estou.

Gardar seguía a dar conta da súa ración mentres escoitaba, aparentemente alleo á porfía. E aínda que esta lle pareceu un tanto pueril, tampouco podía dicir que estivese exenta de contido. Mais gardouse ben de avivala lembrándolles a ambos que os reis daneses consideraban ter dereitos sobre o territorio do Wiken, no que residían, o cal, podería contribuir a converter en aínda máis difícil a situación. Por qué o Wiken era a parte máis úbeda do país. Fragas, ríos e cultivos espallábanse sobre o seu ondeante chan para regalo dos ollos e satisfacción das necesidades dos seus habitantes, o que facía del un lugar ben diferente das escarpas e fragosidades ás que se reducían a maioría das terras dos homes do norte, imposibles case de ser cultivadas ou de ofrecer lugares nos que alimentar ó gando. A causa disto o Wiken podía considerarse un bocado auténticamente apetecible. O "hersir" preferíu manterse en silencio. Non quería ter que se pronunciar abertamente, antes de tempo, sobre asunto tan delicado.

Tiña, o cría ter, sen embargo, as ideas claras ó respecto. Svavar, o seu pai, abandonara tanto a Suecia, onde nacera, como a illa danesa de Seeland, na que se instalara despois, pola mesma causa. Svavar fora sempre un auténtico devoto da liberdade, incapaz de aceptar que ninguén lle indicase onde se tiña que instalar, cal debía de ser o seu xeito de vivir, ou a función que lle correspondía na vida, satisfacer impostos arbitrarios, ou ter que defender coas armas litixios que nada lle importaban. Por iso rematara os seus días entre os noruegueses xentes para as que unha palabra ou unha promesa seguían a ter aínda o valor

dunha lei.

Harald non lles pedía máis que un simple xuramento. Certo. Facíao, con toda a seguridade, por qué coñecía o alcance e o significado do mesmo. Era toda unha advertencia o que xa estaba a acontecer tanto no Ostfold* coma no Agder*, os territorios sobre os que o aspirante a rei de todos os homes do norte principiara a expansión do seu poder. Pois neles, despois daquel inicial e institucional sometemento, Harald, considerárase no dereito tamén de dispor á súa vontade mesmo das propiedades dos seus vasallos. Uns bens ata entón considerados nada máis que privativos de cada familia (2). Ou, polo menos, isto era o que se dicía. E non o engaiolaba a idea de chegar a comprobalo a través da súa propia carne. Por qué, ata aquel intre, aínda que non puidese dicir por canto tempo, tal como pensaba Bjönr, o único que había sobre el era a nada máis que a lei. Unha lei coñecida por todos e non sometida a capricho. Algo que representaba toda unha garantía para a persoal liberdade.

-Bota ó aire unha man de moedas no medio dunha Asemblea - escoitoulle dicir ó vello Eirik, a rebañar xa no seu prato de papas-, e verás como ata os máis respectables, e os máis dignos e irreductibles dos homes libres acaban por se pegar entre eles para apañalas.

Outra futilidade por parte deste, pensou. Porque o que se botaba a ver era que, se triunfaban os partidarios de Harald, en diante xa ningún noruegués podería seguir a afirmar crer "na miña forza e capacidade, e en nada máis", como se gababan de

afirmar a cotío. Terían que pasar a depender da capacidade e dos intereses do monarca que lles caíse en sorte. Porque, e isto si que consideraba que debían de telo todos moi claro, quen fose este era algo que tampouco ían ter a posibilidade de decidir.

Principiaba a ser servida a sopa de carne picada, así como a carne dos espetos. No medio da fumeira que atoldaba en parte a visión xeralizáranse as conversas, corría a cervexa, e escoitábanse berros e risas. Nattfari, o novo ferreiro de Gardar, vixiaba tamén, dende o seu asento, o reparto, pendente de calquera xesto de Helga.

E foi entón cando o "hersir" advertiu algo que se producía na súa propia mesa. Un case que imperceptible intercambio de acenos entre unha das servas que chegaba do exterior, e a súa nai. Esta deu entón por rematada a súa abandonada actitude contemplativa e principiou a facer a toda presa sitio na mesa. A propia Helga axudouna, retirando algúns pratos de enriba dela.

Logo veu como extendía as runas* sobre o mantel. Gardar ollouna de esguello, aínda que con interese. Algo estaba a matinar a vella, cando se mantivera á marxe de canto alí estivera a acontecer, ata o momento no que fora advertida da saída da Lúa. Sópoo en canto advertiu no ambiente os efectos do carbón e do arrecendo da flor de xufre que alguén botara entón na lareira para purificar o aire.

Enmudeceron as conversas e, coa mellor visibilidade que gracias a isto se producía, os ollos converxeron na viúva de Svarvar. Esta estaba a manexar as runas, sobre a mesa, con movementos doctados de certa e estudiada solemnidade. Por último

botounas ó aire.

Ó cair estas procedeu a examinalas con atención. Tratábase dunhas taboíñas alongadas, de formas moi parellas entre si, aínda que con inscricións e incisións distintas. Tres veces máis voaron ó aire estas, e outras tres observou aquela o resultado. Completou así o que chamaba unha man. Helga, a sua nora, tratou de cambiar entón con ela unha ollada de entendemento, mais non obtivo resposta ningunha pola súa parte.

Mais de quince mans completou a nai de Gardar, e en todas repetiu a súa análise. Despois. Tan en silencio como as manipulara, fixo desaparecer as táboas no interior da súa faltriqueira.

-¿Que din as runas, miña nai?.

A anciana demorou un tanto a resposta, como se estivese a tratar de procurar as palabras máis axeitadas para se expresar.

-Sangue, Gardar... Moito sangue.

-Pero, ¿sangue de quen? -quixo saber este, aínda coñecedor por experiencia da ambigüidade daqueles agoiros.

-Haberá unha grande batalla. A máis grande de cantas houbo nunca entre os homes do norte...

Logo enmudeceu, e os seus ollos azues e inexpresivos pareceron fixos na interminable danza das labaradas da lareira. Gardar ficou intranquilo. Porque, aínda con toda a súa imprecisión, non eran boas as novas que aquelas palabras anunciaban nun momento tan difícil como aquel.

O agoiro correu polos bancos da sala. Mais non produciu en

todos o mesmo efecto. En breves momentos, rematada a sopa, un dos grupos principiou a marcar un ritmo acompasado, semellante ós movementos dos remos dunha embarcación, batendo con coitelos e culleres sobre as mesas. En breves instantes este foi seguido por case que todos os asistentes, ó tempo que se ía acelerando ata converterse nun son case que empolgante, que acompañou ó canto que entón xurdíu da maioría das gorxas. Un carne que falaba de naves, de mar, de combates, de sangue, de riquezas e de gloria.

Gardar limitouse a mover os beizos ó tempo que observaba aquela efusión, mestura de ardor guerreiro e da ledicia propiciada pola cervexa. A súa nai engulía naquel momento, en silencio, a sopa e as servas repartían máis bebida entre os convidados, procurando manterse lonxe do alcance das súas mans sempre ávidas. Nunha das mesas próximas, advertíu como o mesmo Nattfari, que endexamáis participara en ningunha expedición, cantaba tamén.

Cando deu remate a festa, a servidume recolleu mesas e servicios. Na mesma sala, sobre as bancadas e en cada currunchito libre, foron montadas unhas camas móbiles, e os convidados deitáronse nelas para descansaren. Mais detido foi o artellamen-

to do leito dos anfitrións, case que unha alcoba, fechada e illada dos demais por medio de mamparas desmontables.

O "hersir" aproveitou a ocasión para achegarse á súa nai.

-A a min non me podes enganar. Vin como consultabas tanto as novas como as vellas runas. ¿Por qué? ¿Que é o que dicían estas en realidade?.

A anciana ollouno vivamente, e esta vez non ocultou unha expresión de tenrura. Mais marcáranselle profundamente as concas baixo as cellas e a súa face semellaba dominada pola preocupación.

-Agora utilízanse máis as runas de 16 notacións -respondeu- Mais non podo esquecer que foi o propio Odín* quen creou as de 24. Por iso consulte tamén estas. Necesitaba estar segura.

-¿E estaban as dúas de acordo?.

Ela asentíu. E Gardar advertíu que medraba o seu desacougo. Comprende que a mensaxe debía de ser o suficientemente clara, a xulgar por aquela reacción. A anciana fíxolle entón unha nada agardada pregunta:

-¿Lembras o lugar do que nos falou aquel Naddod* que nos visitou hai agora un ano?.

-¿"Schnaeland"?, ¿"A terra da Neve"?...

Ela volveu a asentir.

-A mesma -afirmou despois- As runas foron moi explícitas ó respecto. Ese parece ser o único camiño que nos queda.

-¿Non che amosaron ningunha outra posibilidade, nai?.

A anciana limitouse a facer un novo e desacougante aceno.

O CABALO DAS ONDAS

Fora erguido e apuntalado o mastro, e asegurada a súa estabilidade por medio de estais e obenques. O seu extremo inferior descansaba xa no rebaixe da "vella", a grosa peza de carballo que reforzaba a caderna central da embarcación, logo de pasar pola enfogonadura do mamparo situado sobre ela. Ó seu arredor amoreábanse as mercadorías, as vituallas e moitas das caixas que contiñan os efectos persoais da tripulación.

A driza fora pasada xa polo ollal do pau, e izada a verga, coa vela aínda empallicada. Os seus extremos ficaran tamén asegurados por medio de cabos, para evitar que xirara sobre o racamento.

Os compoñentes da primeira tanda agardaban ordes nas bancadas, pouco máis anchas que o espacio que ocupaba un home. Baixo elas era onde gardaban os sacos de durmir, e as armas.

Un dos botes fora xa subido a bordo e inmovilizado sobre a plataforma de proa. O outro continuaba amarrado ó codaste de popa. As mulleres acomodáronse no estrado dianteiro, mentres que os demais tripulantes facíano entre a impedimenta.

Nattfari tratou de comprender en toda a súa ben artellada

complexidade cada movementos e cantas actuacións, que, coa máis sorprendente das precisións, se estaban a producir a bordo. Un mundo case que insospeitado, completamente novo para el. E sentiuse intimidado, ó mesmo tempo que cheo dun oculto entusiasmo, polo feito estar a ser partícipe do mesmo.

A embarcación, sabíao moi ben, era de pau de enciñeira, e a súa obra morta de bidueira e de freixo. Como todos os anos, durante o inverno fora repasada, calafateada con crinas de vaca empapadas de alquitrán, e pintada por riba da liña de flotación a franxas brancas e vermellas. Como especial particularidade a proa, no remate da roda, amosaba tallada a cabeza dunha grulla, a enorme ave das brañas e as marismas, dirixindo os seus ollos e o seu longo peteiro ó fronte. Era alta case que como dous homes. Mais non se atopaba alí como unha simple curiosidade ou un mero adobío. O animal prestáballe tamén o seu nome ó barco: "Kranich", "A grulla".

Gardar situouse ó pé do codaste e pousou con degoro as mans na cana do timón, situado, como era norma entre as xentes do norte, a estribor. Gostara sempre de dirixir a súa embarcación, aínda que contase, como nesta ocasión, coa axuda do "leidhsogumadr"*, coñecedor da arte da navegación. Un membro, por outra banda, indispensable en toda expedición que se preciase. Atli realizara xa varias viaxes ás Hébridas*, e coñecía os rumbos, as correntes, os ventos, e mesmo o aspecto do mar e das ribeiras polas que ían navegar. Mais ninguén lle podía tirar nunca a Gardar o privilexio de dirixir os primeiros movementos do seu

querido "Kranich".

Nattfari empuñou o guión do seu remo, un dos oito, catro a cada banda, cos que contaba a embarcación. Onda el, "Bu", o fillo de "Neisti" que máis familiarizara con el, un dos tres cans que levaba a bordo, deitouse no fondo da armazón da nave. Distinguíase dos seus irmáns en que, ademais de ter o lombo máis escuro, contaba cunha orella branca e outra acastañada. Mais o mozo a penas lle prestaba atención naquel momento. Non podía tirar o ollo de nada de canto dixesen ou fixesen Gardar e Atli, nin tampouco os outros quince homes de a bordo, veteranos todos eles no manexo do "knorr". Aquela ía ser a primeira viaxe na que tomase parte e, aínda que non agardaba dela ningunha especial vivencia capaz de merecer a atención de calquera "thulir"*, por moi necesitado que estivese de materia da que se ocupar, valorábase tanto coma calquera das moitas e emotivas expedicións ás ricas terras do sur das que tanto se falaba, e nas que todos cobizaban participar algunha vez. A súa experiencia como mariñeiro era moi cativa. Non pasaba dalgúns percorridos en bote pola reducida xeografía do fiordo. Mais, o mesmo que os demais membros da tripulación, trataba de aparentar o maior dos acougos, como se non lle procupara a relevancia da viaxe.

En terra ficaban a maioría dos servos, necesarios para continuar a explotación da granxa, así como unha boa parte das mulleres, e os homes de máis idade. A nai do "hersir" deulles entón a derradeira despedida co seu case que sempre adusto aceno.

A unha orde de Gardar foi erguido o rizón e ciaron os remos.

O "knorr" principiou a se arredar da terra, ó tempo que o madeirame renxía como se se queixara. En terra, "Neisti" deu entón un breve ladrido de protesta, antes de retornar á súa estática postura á beira da anciana.

Gardar tirou con destreza do gobernalle ata conseguir que a proa embicase ó oeste, cara á boca do fiordo. O bote grande marchaba aínda detrás, a remolque. Acadada esta dirección comenzo a boga. Con movementos acompasados e precisos, os remos atacaron verticalmente as augas para erguerse despois de liberar o pulo, deixando sobre elas unha pegada de círculos e remuíños a se espallar e diluir como unha mancha de aceite.

Atrás, cada vez máis lonxe, fóronse quedando persoas e construcións, o cercado, os campos aínda sen labrar, as abas cubertas de relva da lomba do Thing, e toda aquela familiar xeografía, baixo un ceo medio atoldado no que trataba de abrirse camiño o sol.

"Bu" xemeu lixeiramente, aínda debuzado ós pés de Nattfari. Na bancada de diante, Stein, o "thulir", virou lixeiramente a face para dirixirlle ó animal un comprensivo sorriso.

Navegaron por unhas augas mansas e gratamente tranquilas, facendo quendas ó remo. Á tardiña, bastante despois de que largaran a vela para aproveitar o vento, Atli sinalou un pequeno illó entre os varios que aparecían enfronte. Gardar asentíu. Chegaran á boca do fiordo, e o piloto amosalles o lugar máis axeitado para pasar a noite.

"Bu" foi o primeiro en chimpar a terra. Despois fixérono os

seus irmáns. Helga e as outras seis mulleres foron trasladadas a ela nos botes. A tripulación procedeu entón a asegurar a embarcación lonxe de calquera arroutada do mar e do vento e, a seguir, descargou unha parte da impedimenta.

Montaron as tendas utilizando unhas armazóns triangulares de madeira, á suficiente distancia tamén do mallante da praia, ó tempo que era acendido o lume. Sobre el colocaron unha trepia desmontable cun caldeiro de grandes dimensións, e as mulleres axudaron a preparar nela a cea. Ó aire libre e baixo a friaxe da noitiña e do vento do solpor compartiron todos aquel primeiro condumio.

Gardar procedeu de inmediato a designar a "garda dos illós", os encargados de velar pola seguridade durante a noite. Fíxoo entre os que menos tempo turraran do remo. Ninguén fixo a menor obxeción. O patrón dunha nave era sempre a derradeira instancia en calquera viaxe. Nunca se discutían as súas disposicións. Mais todos sabían tamén que un bo patrón non impuña nunca nada, senón que actuaba do xeito máis obxectivo posible, logo de dialogar ou argumentar as cousas, de forma que pareceuse que era entre todos como se tomaban as decisións.

-Esta vai ser a primeira garda de Nattfari -comentou- É xusto que así o sexa posto que tamén é un home máis a bordo. Mais, dada a súa mocidade e súa falta de experiencia, non lle imos pedir xa hoxe todo canto pode dar de si. Deixémolo que durma agora, xa que soupo remar como o mellor. Fará a última tanda.

O ferreiro deitouse na mesma tenda que Gardar, a súa esposa,

e dúas das criadas, entre elas a que criara a Helga. A non ser el, os demais fixérono metidos por parellas en sacos de pel, capaces de aquecer os corpos, aínda que non de minguar a dureza do chan.

Tardou en se durmir, e non precisamente polo feito de estar preto da entrada. Non eran a friaxe nin o balbordo exterior, naquela parte máis acusados, os culpables. Continuaba inquedo. Desacougábao o desafío que representaba aquela viaxe. Porque, de transcurrir todo tal como Gardar agardaba, non só se ía converter xa nun auténtico viquingo a penas rebasaran aquel illó, senón que cabía tamén a posibilidade de que o agoiro da viúva de Svavar se cumprise, e moi ben puidese chegar el a posuír unha terra e unha casa propias.

Aquela afastada "Schnaeland", a "Terra da Neve", que Gardar pretendía atopar, se realmente existía e non se trataba de ningún invento daquel Naddod, parecía ser un lugar con posibilidades para acoller a cantos chegasen a se sentir molestos polo xeito de actuar de Harald "Haarfagr". Mais Nattfari tampouco podía esquecer que o seu pai fora desposuído dos seus dereitos de home libre antes de que el nacera. Polo que, naquel momento, dependía nada máis que da vontade de Gardar que el, fillo dun servidor seu, e nacido na súa casa, puidese chegar a recuperar algunha vez a condición que o seu proxenitor perdera.

Procurou non escoitar o rumor da conversa entre o "hersir" e a súa esposa, nin os comentarios das mulleres acerca do mareo ou dos seus medos ó mar. Afora continuaban a deixarse sentir o

vento e o balbordo das ondas, como un insistente sinal que impedía esquecer o lugar no que se atopaba. Nalgún momento entretívose medindo o tempo que transcurría entre dúas delas, para saber se a súa forza aumentaba ou mirraba. Logo viñéronsele ó pensamento unhas palabras que lle escoitara a Stein, o "thulir":

Na beira do mar non puiden durmir.
Importunábanme as aves mariñas.
Despertábanme moi cedo, cada mañá,
cando chegaban do océano.

Acordou ó sentir sobre el unhas mans.

-A túa tanda -díxolle unha voz como un susurro.

Recoñeceuna asiña. Era a de Orn, "A Aguiá", un dos designados para vixiar aquela noite. Esbarrou a escape do saco e saíu despois da tenda, coa mesma dilixencia, tratando de non facer importunar ós demais. Orn botoulle enriba un abrigo de pelica de ovella, cousa que lle agradeceu de inmediato ó advertir a friaxe que facía no exterior. Unha friaxe rexa e húmida, remexida pola brisa. No alto brillaban algunhas estrelas, sinal de que o ceo non estaba cuberto de todo.

O "Kranich" cabalgaba na crista das ondas ou afundiábase por momentos nas profundas vagoadas, que ían e viñan, ordenábanse e desfaciáanse innúmeras ó seu arredor. O mar amosábase verde, salpicado de folerpas brancas, baixo un ceo despexado e unha inclemente nordesía. Foran pasados por debaixo da quilla varios "thuergyrdingar", uns cabos tensados que permitían incrementar a resistencia do casco e darlle unha maior resistencia. O aire zoaba con persistencia contra o cordame e o borde da amura, pódolle o oportuno complemento melódico á tensa situación.

No seu posto, Atli mantíña firme o leme, embruñado o corpo e a cabeza en peles, sen perder de vista o mar nin a vela de reducido tamaño, situada a menos da metade do mastro, que ordenara izar, por se advertía nela indicios de ser incapaz de resistir a forza do vento. Onda el, agarrados ó codaste, Gardar, e outro home mantíñanse á espreita por se se facía preciso botarlle unha man. Os remeiros estaban nos seus postos, cando ou bogando, de cando en vez, seguindo as ordes do piloto, cando se facía necesario para manter o rumbo ou endereitar a embarcación como xeito de evitar o perigo de que fora atacada de costado, ou de que chegara a quedar nalgún momento entre as cristas de dúas ondas.

O bote grande fora asegurado a bordo, onda o outro. E os que fixeran aquela noite a "garda das velas", durmían ou descansaban onde, e como podían. Os demais achicaban a toda presa, con baldes e caldeiros, a auga que, a pesar da borda suplementaria

que montaran, se ía xuntando no fondo da sentina. A vella ser-
vente de Helga continuaba postrada no interior da tenda erguida
na cuberta de popa. E, de cando en vez, había quen tiña aínda
algo de sobra no estómago e debía de acudir con prontitude á
borda para liberarse del.

Os curutos que advertiran ó frente fóronse agrandando ó
longo da mañá ata cobrar a forma do que parecía unha illa de
regular tamaño a estribor, e outra, máis cativa, a babor. Aínda
sen saber case que nada de mar, Nattfari comprendeu que Atli
pretendía pasar entre unha e outra.

-!O Estreito dos Pictosi (3) -berrou este, tratando de
facerse oír por riba dos acordes do vento e o ruído do mar, ó
tempo que sinalaba unha afastada e a penas perceptible ribeira
que se albiscaba cara ó sur. A súa voz evidenciaba a satisfacción
que sen dúbida sentía por ter conseguido chegar alí - A terra
que vedes a babor é a dos escoceses; e a de estribor, as Orca-
das*.

Mesmo antes de alcanzar o paso advertiron xa que a illa
pequena era de moi escasa altura, estaba precedida por un cinto
de inmisericordes cons, contra o que se esfarelaban as ondas, e
que, detrás dela, a certa distancia, había outras terras. Mais,
tal como agardaban, unha vez que a rebasaron, mirraron de xeito
notorio tanto o mar como a propia forza do vento. Un sentimento
de tranquilidade e de satisfacción invadeunos entón a todos
mentres contemplaban os primeiros mergullóns, e uns enormes
gansos mariños a remexer en torno a eles, alleos por completo ó
impresionante aspecto do mar.

Nattfari respirou tamén tranquilo. Vivira a experiencia dun temporal e semellaba que ía vivir para podelo contar.

-¿Temporal, isto? -repetíu con sorna Stein, o "thulir"- Non, Nattfari, non é nada máis que unha brisa airexa. E teríamonos que nos considerar como autenticamente afortunados se fose este o vento máis rexo co que nos imos atopar nesta viaxe.

Mais, ó advertir a expresión de desencanto que reflectía a face do mozo, considerouse na obriga de engadir:

-De todos os xeitos, pódoche asegurar, que ningún barco de guerra tería resistido un mar como este.

Abatida a vela approaron, a forza de remos, cara a outra illa, non moito máis alta e grande que a que acababan de deixar atrás, situada ó noroeste.

Ultrapasada lixeiramente esta, o "Kranich" enfióu xa abertamente o norte, en contra do vento, agora moito máis soportable. Estábanse a achegar a un amplo paso entre a masa de illas e illós que xurdían ó fronte deles.

Este novo brazo de mar, cada vez máis estreito, levounos entre terras achanzadas e ribeiras de escasa elevación, aínda que con paredes cortadas a pino. Nelas, en covas abertas nas pías de basalto, en moitos puntos branqueadas polas excrecións, aniñaba unha increíble cantidade de aves. Ademais das gaivotas e os mascatos, que se deixaban mexer sobre eles polo vento, cáse que inmóbiles, como chantados no ceo, viron tamén araos, parde-las, distintos corvos mariños, cercetas, e mergullóns, así como algunha solitaria foca no mar. A paisaxe volvíase máis acolledo-

ra por momentos.

A popa, moi lonxe, advertíanse aínda as ribeiras escocesas. Mais, no interior do paso polo que se estaba a adentrar o "Kra-nich", nalgunhas das elevacións das ribeiras, principiaron a ver unhas construcións de pedra, redondas e de grande altura, anchas na base, pero máis estreitas na parte superior, cercadas con muros (4). Polos lugares nos que estaban situadas deduciron que debían de se tratar de obras defensivas realizadas polos pictos.

De súpeto, rebasada a parte mais estreita do paso, ó fronte deles abríuse unha enorme e case que circular baía, abeirada por terras intensamente verdes que se elevaban cara ó interior das mesmas ata acadar ó oeste alturas bastante respectables (5).

A media tarde afundían a proa na area dunha praia situada ó noroeste daquela abra, preto de varias embarcacións norueguesas. Arredor deles revoaban máis que nunca as aves mariñas atordándose cos seus chiídos. E en terra deixábanse ver algúns edificios de grande tamaño, construídos con pedras cubertas de líquens. Estaban tellados de colmo e arrodeados de terras de labor. Nas partes resgardadas das lombas puideron advertir algunhas árbores.

Contiveron os cans, e ninguén baixou a terra ata que o "hersir" nomeou as gardas de "cabo de áncora" destinadas a vixiar mentres permanecesen en porto. Ó mesmo tempo, este aproveitou a ocasión para lembrarlles a necesidade de non comentar, respecto ó motivo daquela viaxe, nada que non fose o de que ían ás Hébridas a se facer cargo do herdo dos pais da súa

muller. Se alguén bebía de máis, e se ía da lingua, sería abandonado alí sen ningunha clase de consideracións. Despois, cansos, e vacilantes aínda, como consecuencia da dura proba, os viaxeiros tomaron de novo contacto coa terra firme.

Houberon de permanecer alí varios días, mentres agardaban que mirrase a forza do vento. Durante eles, o tempo que non adicaron ó coidado do barco, repasar redes, ou á pesca, destinárono a fraternizar coa xente do pequeno casal, ou a coñecer os arredores do mesmo. Viron mesmo a algúns pictos, todos eles de longos cabelos e barba aguzada, e admiráronse de que se atrevesen a cruzar aquel mar coas súas naves de peles embreadas.

Ó terceiro día consideráronse xa cos folgos suficientes como para facer un partido de pelota. Utilizaron para isto unha campa próxima ó fondeadoiro. Durante a liza correron, deron berros, rifaron entre eles, pegáronlle con carraxe á dura pelota de madeira cos seus macicos, e ata se mancaron máis do que se podía considerar conveniente. O xogo rematou cando dous dos participantes achegáronse ás mans. E mentres os demais os acirraban acabaron por coller os seus respectivos coitelos. Gardar intervíu entón con increíble rapidez, e desarmounos a bastonazos co pau que utilizara para golpear a pelota.

-Non quero mortos nesta viaxe -advertíulles- Se vos queredes

bater, terédelo que facer dentro das régulas.

Ambos estaban demasiado excitados para avirse a outras razóns, e aceptaron. Desvestíronse de medio corpo para arriba e arremeteron o un contra o outro, con asaltos e presas, agarrándose e derrubándose mutuamente, aínda que zoscándose tamén con ganas, ás caladas. O enfrontamento rematou cando, case que esgotados xa, o que viña levando a peor parte recoñeceu a súa derrota.

Aquela noite, sen embargo, durante a cea, Stein o "thulir", amosouse máis estricto e severo que noutras ocasións. As súas palabras sonáronlle a todos como unha advertencia:

Necesita cordura aquel que viaxa lonxe.

Na casa todo é fácil.

Mais o home de pouca cabeza,

en ridículo queda diante da xente sensata.

Cincocentas portas, e corenta máis hai no Walhalla*.

Os guerreiros da corte de Odín

ármanse e vístense cada día, e no grande patio

acométense e loitan. Ese é o seu xogo.

Despois, amigos de novo, beben e almorzan xuntos.

Logo destas palabras, os protagonistas do lance baixaron os ollos. A mensaxe fora clara e certa. A través dela souperon todos de novo que era o que se lles pedía. E foi a causa desta pequena experiencia que comprendeu Nattfari o por qué do predicamento que aquel home, pequeno, e de certa idade xa, tiña entre

a tripulación. E naquel mesmo momento fíxose o firme propósito de non se rir nunca máis da súa constante utilización de rebuscadas metáforas, tanto ó recitar coma na conversa habitual, chamándolle "peixe do combate", ou "trabadora da pedra de afiar" á espada, "turbión de lanzas e espadas" ó combate, "lúa da embarcación" ó escudo, e "azoute das fragas" ó lume, ou ó describir con circunlóquios tan gráficos como os de "puñal dos fiordos", "páxaro con quilla", "cisne divino do mar", ou "cabalo das ondas" ó propio "Kranich".

-Son homes de Rögnvald de Möre -díxolle o orcadiano- Queren falar contigo.

-Debo de entender que se trata de alguén importante -comentou Gardar- Do contrario non tería enviado xente dacabalo.

O outro asentíu.

-É o noso "jarl".

As súas palabras, sen embargo, semelláronlle en exceso parcas.

-¿A ver se acerto, Hjorlief?. Ese home debeu de fuxir de Möre* por algún escuro motivo, e chegou aquí ó mando xa de xente armada.

-Así é -asentíu de novo o orcadiano- E como non tiñamos Thing daquela, cando el apareceu hai tres anos cos seus dous

"drakkars"*, conseguiu que a súa propia xente o elixira como "jarl". Agora ten aínda máis barcos e guerreiros. E adoita sair ó mar unha ou dúas veces ó ano.

Gardar agradeceulle o informe. Gracias a el sabía xa con quen ía tratar. Despois achegouse ós xinetes. Estes desmontaran e ollábano con finxida cortesía.

-O "jarl" oíu falar de tí, Gardar, e gostaríalle que o visitaras.

-Non teño inconveniente ningún, se me cededes eses dous cabalos que traedes de máis, e me permitides antes que elixa un agasallo axeitado para un home da súa importancia e condición.

Os outros cruzaron unha ollada antes de aceptar. Cando Gardar se achegaba á súa tenda saíulle ó paso Stein, o "thulir".

O convidado prudente que vai ó festín
a penas abre a boca.
Mantén as orellas ó axexo
e os ollos ben abertos.

-Agradézoche consello, Stein -díxolle- Mais, aínda que non coñeza tan ben coma tí as sabias palabras de Odín, sei que tamén dixos, pouco máis ou menos, "rí e dille finuras a aquel no que non confíes; e obséquiao; mais non lle descubras nunca as túas intencións"...

Esta vez, o "thulir" limitouse a sorrir.

Instantes despois, facéndose acompañar por Orn, a "Aguia", un dos seus homes de confianza, cabalgaba o "hersir" na compañía dos descoñecidos. Maior escolta parecía non ser do agrado do "jarl",

xa que, de así consideralo, máis cabalos lle tería enviado. O camiño levounos cara ó leste a través da aberta paisaxe da chaira costeira, ó pé das alturas de color verdeazulada do interior.

Os orcadianos estaban ben armados e tamén ben abrigados, para se protexer do intenso vento. Polo camiño faláron nada máis que deste, dos pictos e das súas mulleres, pequenas e de pel escura, e dos seus costumes. Parecía ser que as illas estaban cheas de torreóns como aqueles que xa tiveran ocasión de contemplar. Pero os pictos ergueran tamén, noutras partes das mesmas, uns grandes círculos de pedras chantadas no chan, con funcións nada máis que por eles coñecidas, e decoraran outras con fermosos deseños nos que mesturaban xinetes, naves, persoas, animais, armas, e mesmo estrañas figuras entrelazadas. Algúns eran cristiáns.

Por boca daqueles homes souperon Gardar e Orn que a illa na que se atopaban recibía o nome de Hrosey*, e que era a maior de todas. Cara ó oeste contaba con varios fiordos y algúns lagos.

O "hersir" simulou moito interese pola conversa, aínda que non pretendese outra cousa que tratar de adiviñar a través dela as intencións daquel Rögnvald. E soupo finxir unha grande sorpresa cando lle comentaron que a maioría dos noruegueses alí asentados tiñan esposas pictas.

Non debían ser moitos estes, sen embargo, xa que non se vían máis que algunhas cativas e espalladas granxas. Pouco despois, ó fronte deles, cara ó norte, albiscaron de novo o mar, e máis

alá, a silueta doutras illas.

A residencia de Røngvald atopábase na parte máis estreita de Hrosey, ó fondo dunha abra, próxima a unha praia de regular extensión, entre acantilados. En terra, ó pe de varios edificios e alboios, en todo semellantes a cantos viran antes, aínda que nesta ocasión protexidos por unha palizada de madeira e pedra, había catro naves. E debían de estar a ser calafateadas ou reparadas posto que polo medio delas andaba a remexer un grupo de homes. Gardar sentiu un certo alivio ó advertilo, pois nesta situación non representaban ningunha ameaza inmediata para o seu lento e escasamente armado "knorr".

O "jarl" resultou ser un home relativamente novo, e de boa presenza, a pesar de coxear lixeiramente e amosar unha pequena cicatriz na cara. Recibiu a Gardar e a Orn cun sorriso de orella a orella e convidounos a cervexa no interior dunha das casas, ofrecéndolles ó mesmo tempo pan quente de cebada con sal, e leite agre. O fillo de Svavar agradeceullo, con visibles mostras de satisfacción. O comenzo non podía ser mellor.

Tal como este agardaba, Røgnvald faloulle tamén de cousas completamente intrascendentes, como que as Orcadas debían ser arredor de trinta illas, e de xeito especial, tamén dos pictos.

-Son xente bastante salvaxe -díxolle- Aínda que agora lévanse ben con nós, e tratan de aprender canto poden. Mais tamén é xusto que lle reconeza certos valores. Inclínanse diante dos seus pais, e son uns excelentes traballadores do metal.

-¿Hai pictos tamén nas Faerøe?.

-¿Tes, seica, a intención de ir a elas?.

-Non -negou Gardar, sen abandoar o sorriso- O obxecto da miña viaxe son as Hébridias. Nelas vive o meu sogro. É veciño de Ketil Flatnose, a quen sen dúbida coñecerás, ou do que terás escoitado falar (6). O meu interese polas Faerões redúcese nada máis que ó feito de que coñezo un home que vive nelas. Tal vez saibas tamén del. Chámano Naddod; Naddod "o Viquingo".

Rögnvald, observouno un intre con marcado interese. Logo acenou dubitativamente coa testa.

-Sei algo del. E non me agradaría que se deixara caer por aquí. Non é home de fiar. Non. Non hai pictos nas Faerøe. Nelas non había nada máis que ovellas. E había tamén algúns "papar"*, que abandonaron o lugar hai uns anos, cando chegou a el Grimur Kamban* e iniciou os primeiros asentamentos. De todos os xeitos, por se se che ocorrese facerlle unha visita a ese Naddod pódose dicir que se atopan ó noroeste. Dende a punta das Orcadas pódese chegar a elas nuns dous días e dúas noites de viaxe. Advírtense moito antes de as albiscar por estaren sempre cubertas de nubes. Realmente -engadíu logo, batendo coa man enriba da mesa- é unha mágoa o tempo que estamos a ter. Porque na primavera o habitual aquí son os ventos do levante, que xa deberían de ter chegado. Sabéndoos aproveitar chegaríades alí sen esforzo. Despois, para volver ó Wiken teríades que agardar a mediados do verán, que é cando aparecen os do poñente.

-Esa é unha observación que valoro máis do que poidas supor, Rögnvald. Nin sequera o meu "leidhsögumadr", con ter estado xa tres ou catro veces nas Hébridias, sabe desas circunstancias.

Calquera novo informe é sempre de agradecer cando un se despraza a lugares tan pouco habituais coma este. Mais, como sen dúbida debes xa de saber, viaxa connigo a miña esposa, e non entra nos meus propósitos sometela a probas ás que non está afeitada. O meu coñecemento de Naddod redúcese nada máis que a un pequeno intercambio de mercadorías que tivemos no Wiken hai perto de dous anos.

Gardar fíxolle entón un aceno a Orn, e este procedeu de inmediato a entregarlle ó "jarl" o envoltorio que levaba nas mans. O peso do mesmo fixo que se dibuxase unha expresión de curiosidade na súa face. Desenbrullouno a toda presa, riscando a tea co seu coitelo, e detívose, admirado. Do seu interior acababa de xurdir un arma de fino aceiro, coa garda e o pomo dourados, e a empuñadura forrada de coiro.

-!Unha espada!. !Unha espada de Haitabui* -comentou, logo de examinala con auténtico degoro e de pasar as xemas dos dedos polos fios da folla- Abrúmasme, Gardar Svavarsson. Este é un agasallo propio de reis. ¿Qué é o que pretendes de min?.

-Nada máis que seguir a contar coa tua comprensión, Rögnvald de Möre. Teño á xente algo cansa, logo de pelexar co mar varios días, e necesito permanecer en terra mentres o tempo non nos permita continuar.

Lonxe de contestar, o "jarl" berrou entón unhas palabras que os outros non puideron comprender. No acceso ó vestíbulo apareceu unha mulleruca pequena que cruzou con el unhas frases tan inintelixibles para eles como as primeiras. A servente, sen dúbida unha picta, desapareceu despois, silandeira.

-Queda aínda moita terra de calidade nas Orcadas, Gardar - comentou despois o anfitrión, ó tempo que tentaba unha media finta có arma- Nada me satisfaría máis que ter como veciño a un home coma tí. Son moitos os que están a chegar aquí agora, fuxindo da tiranía de Harald "Haarfagr".

-Procedo do Wiken, como che dixen, Rögnvald. Alí nada temos que ter, de momento, con ese Harald, aínda que tampouco esteamos en contra súa. O cal non significa que non agradeza o teu ofrecemento.

Na porta xurdiu de novo a picta, acompañada agora dun par de rapaces novos.

-Oín dicir que morrera a serventa da túa esposa, Gardar. Era demasiado vella para unha viaxe como esta, segundo parece. E aínda que teño referencias acerca da afouteza da túa muller, en xusta correspondencia á esta xenerosa dádiva non podo menos que compensarte desa perda pregándoches que aceptes esta parella de escravos.

Tratábase dunha rapaza osuda e de cabelo case que cobrizo, que non parecía chegar sequera ós trece anos, e un rapazote, tamén fraco, que tanto podía ter un ano máis coma outro menos ca ela. Este tiña a pel algo máis branca, e o cabelo acastañado.

-¿Por qué dous?.

O outro encolleu lixeiramente os ombros.

-Son irmáns. Non me parece axeitado separalos. Trouxémolos de Irlanda hai un par de anos, e falan xa bastante ben.

Era todo un detalle pola súa parte, ó mesmo tempo que unha sorprendente amostra de consideración para con a aqueles.

-Non creo merecer tanto, Rögnvald -comentou o sueco, ó tempo que dibuxaba un sorriso con mal disimulado artificio- Por riba, un agasallo como este vaime crear unha obriga para contigo, que non terei máis remedio que corresponder como se merece nalgũa outra ocasión. Agora déixame que o adeviñe. Trátase, sen dúbida, dos fillos dun rei irlandés ó que ti conseguiches vencer en desigual combate.

O "jarl" soltou agora unha longa gargallada.

-¿Qué é realmente a verdade, Gardar? -preguntoulle despois- ¿O que é certo, ou aquilo que nós crémos que o poida ser?... Podes pensar, se iso che conforta, que sexan fillos dun rei, aínda que non crea que sexas dos que pensan que a estirpe continúa, aínda que o home pase.

Beberon durante unha boa parte da noite, cervexa e hidromel, mentres falaban, ata caíren rendidos.

A media mañá os criados despertaron a Gardar. Tanto o "jarl" coma Orn agardábano fóra, onda os cabalos, sen parecer acusar a longa vixilia. Con eles atopábanse un rapazote virollo, e feo como un demo, e un neno loiro. Nunha das monturas estaba o agasallo.

-O meu fillo Einar -presentoulle o de Möre, pondo o seu brazo sobre o lombo do maior- En realidade chamámolo Turf-Einar porque conseguíu atopar turba aquí, nas Orcadas. Un produto de vital importancia nun lugar como este, no que non é nada doado conseguir leña para o lume. Este outro é Hrolfr*, o máis novo da

camada.

O primeiro dos aludidos tratou de sorrir, mentres que o pequeno limitábase a baixar os ollos. O "jarl" continuou:

-Non sería cortés pola miña parte, Gardar Svavarsson, reter-te máis do necesario. A túa xente sen dúbida necesita de tí. Mais, por se che sirve de algo, quero que saibas que hai outra saída do fiordo, polo oeste. Trátase dun paso bastante cómodo para as naves, aínda que deban pasar entre acantilados de máis de trescentos pés de alto. A maior e máis próxima das Hébridas atópase a un par de días de viaxe, cara ó sudoeste. Mais, se é visitar a Naddod o que pretendes, non tes máis que tomar o rumbo contrario.

-Agradézoche de novo tanto o agasallo coma os consellos, Røngvald de Möre. Non esquecerei a túa hospitalidade. Tiñamos previsto sair polo mesmo lugar polo que entramos. Mais consultarei co piloto e cos mariñeiros a posibilidade que me acabas de indicar.

Ningún dos membros da expedición creu que aqueles puidesen ser realmente fillos de ningún rei de Irlanda. Os escravos, xa se sabía, inventábanse as máis sorprendentes xenealoxías para impresionar. Mais, á marxe dos nomes que autenticamente puidesen levar aqueles novos membros da expedición, foron chamados xa dende o primeiro momento, "Rauda"*, a rapaza, e "Vestur"* o seu irmán.

Tampouco nisto o enganara aquel Røngvald. O vento do leste mantiñase, e, ademais de menos frío, era tamén menos rexo. Necesitaron, sen embargo, manter de través a vela, agora reforzada con tirantes de coiro, e ben asegurada á regala dende os seus dous puños por medio de escotas. Tiveron así mesmo que apuntalar o "beitiás"*, de xeito que, aínda singrando cara ó noroeste, puidesen aproveitar o vento sen necesidade de facer bordadas.

Despois da segunda noite albiscaron, tal como o "jarl" lles anunciara, terras a proa, baixo un mesto manto de nubes. Non podía tratarse senón das Faerøe. Tivéronas á vista ó longo de todo o día. A relativamente boa visibilidade existente permitíulles advertir que se trataba de terras escarpadas, e de grandes alturas, rematadas ás veces en cumes cortadas a coitelo, arredadas por difíciles acantilados.

Perto da media tarde embicaron cara á illa que aparecía ó fronte deles, e abeiraron as súas ribeiras cheas de cons, nos cortes das escarpas das cales podían diferenciar con claridade as escuras capas do basalto das vermellas da toba. As evolucións das aves mariñas fixeron desta unha repetición da súa chegada ás Orcadas.

A ribeira descendía cara ó occidente, onde chegaba a ser case chan. Cara a este punto dirixiron a proa, meténdose por un estreito que a separaba doutra illa próxima, se ben que máis cativa.

A penas rebasado o primeiro cabo, advertiron xa o que sen dúbida intuíra Atli: unha abra orientada ó oeste. Mais tamén se decataron da fortísima corrente que traballaba naquel lugar. Foi recollida a vela a toda presa e abrindo os portelos, sacaron de novo e coa mesma celeridade os remos. O "Kranich" entrou nela empequenecido pola altura das súas ribeiras. Repetindo a precaución que tomaba cada vez que se atopaban perto de terra, o piloto situou tamén nesta ocasión dous homes na proa, con cadanseu remo nas mans, a esculcar as augas. Non quería ter ningunha desagradable sorpresa. Mentres avanzaban, baixo a agrisallada luz que permitían as nubes, puideron ver dúas cativas embarcacións nunha abra situada na parte norte do fiordo, e fume, como dunha casa. Gardar fixo soar as tubas de xeito amistoso.

Cando largaban o rizón naquel resgardado lugar advertiron a presenza de varias construcións de pedra cubertas de herba, ata entón mimetizadas na aba do outeiro. Tratábase dun lugar de acantilados de pórfido, lombas basálticas e pedras soltas, nunha paisaxe enbranquecida tamén polos excrementos. As ovellas destacaban no medio do herbazal como pequenas pintas brancas e negras. Mais viron tamén varios homes con arcos e machados de combate na man a observarlos dende unha das alturas dominantes.

Gardar fíxolles acenos amistosos cos brazos, ós que aqueles responderon de xeito semellante, aínda que sen baixar a garda. O "hersir" tratou de se amosar seguro de si mesmo. Calculaba que os feroeses debían de ser inferiores en número. Por outra banda, sabía que, dende o lugar no que se atopaban, debían de ter com-

probado xa que a súa xente estaba relativamente ben armada. Non os creu capaces de tratar de se aproveitar da aparente vantaxe coa que contaban.

Chiaban as gaiivotas e as anduriñas brancas, e remexían ó seu arredor bandadas de mergullóns, cando comezou o desembarque. Foi entón cando contemplaron por primeira vez unha clase araos cun sorprendente peteiro de coores, e uns enormes ollos saltóns no medio dunha face ampla e branca. Adoitaban lanzar un curioso "arr" ó se aproximar ós acantilados (7). Onda eles abundaban uns garbosos mascatos, de branca plumaxe, aínda que cunha parte da cabeza, o rabo e as patas negras. Eran de enorme tamaño, e admiráronse ó contemplalos voar sobre eles en círculo, para tirarse despois ó mar, como auténticas pedras afiadas, dende enormes alturas.

Nesta ocasión, por fortuna, ninguén resultara excesivamente afectado polo mar. Ata os escravos irlandeses, aínda que non afeitos a navegar, conseguiran superar a proba.

-O meu nome é Gardar, e veño do Wiken.

-E o meu Thorwald -presentouse o dono do pequeno casal-, e nacín no Agder, aínda que levo aquí perto xa de dez anos. ¿Que é o que vos trae por estas terras?.

-Nada máis que coñecelas, Thorwald. Corren malos tempos por alá, como sen dúbida has de saber, e é bo coñecer que outros lugares hai ós que se poida un trasladar se chega a ser necesario. Das Faeröe faloume un home que seguramente coñecerás, Naddod "o Viquingo".

O outro asentíu, ó tempo que sinalaba dun xeito un tanto

impreciso cara ó leste.

-Vive nun pequeno fiordo na illa inmediata- explicou- aínda que non creo que se atope nela agora.

Gardar comprendeu. A primavera era sempre o tempo máis axeitado para a clase de actividades ás que Naddod parecía adicarse.

-Agradeceríache que nos permitises pasar a noite en terra. A xente non gusta de durmir a bordo, nin de comer frío. E penso que quizais nos poideses vender tamén algúns bastimentos, especialmente leite e pan frescos.

-Coméntase que "Schnaeland" atópase a cinco ou seis días de mar, cara ó noroeste -anticipouse a informalo o feroés, antes sequera de que pensara formularlle a pregunta- Iso, polo menos, é o que se dí dende que chegou aquí Naddod.

-Tampouco descarto a posibilidade de achegarme a ela, Thorwald. ¿Coñeces esa terra?.

-Non -negou este, movendo ó mesmo tempo a cabeza- Ningún feroés se ten arriscado tan lonxe. As augas que se espallan ó norte destas illas non son das máis recomendables para navegar, segundo teño escoitado dicir. Mais a finais do pasado outono estivo aquí un home do Rogaland* que aseguraba vir de "Schnaeland". Podes instalar onde creas conveniente as túas tendas, Gardar Svavarson. Convidaríavos a durmir na miña casa, mais, como podes ver é pequena. Aínda así penso que no seu interior hai sitio tanto para ti como para a túa muller. E dareivos o que poida. Non hai demasiadas cousas nestas illas, a non ser peixe seco e carne de ovella. Por faltarnos, fáltanos mesmo a madeira.

Para reparar os barcos temos que botar man da que nos trae o mar. E para o lume contentarnos coa turba e as matogueiras.

-Agradézoche o convite, Thorwald. Durmirei na túa casa. Isto é algo polo que a miña muller che será sempre debedora. Deste xeito poderás comprobar que tampouco teño ningunha mala intención para contigo e a túa xente.

Mais, pesia a canto se laiara, o feroés ofreceulles tamén papas de cebada e nabos, ademais de carne de foca. Mentres estaban a cear aumentou no exterior o vento e, pouco despois, principiaba a chover con toda.

-Os invernos aquí sou moitísimo mellores que os do Agdercomentoulles Thorwald- E supoño que mellores tamén que os do Wiken. Pola contra, os veráns das Faeröe resultan bastante máis ruíns. Aquí nunca fai calor, e temos moi pouco sol. As veces a néboa impídenos saber mesmo o que está a acontecer ó noso arredor.

-Interésame moito canto me poidas dicir dese outro home que estivo en "Schnaeland"- quixo saber Gardar.

-Procedía do Rogaland, como che dixen. E chamábase Floki. Floki Vilgerderson, segundo coido lembrar. Foi á procura da illa da que falara Naddod, logo de casar perto de aquí a unha filla súa. Chegou a ela e recoñeceu todo o sur e os fiordos do oeste, ata bastante ó norte. Atopounos cheos de peixe e de focas. Mais adicouse máis á pesca que a facer forraxe e, a causa disto, durante o inverno morréronlle todos os animais. Contou que a primavera fora moi fría alí e que houbera moito xeo á deriva. Por iso decidiu mudarlle o nome de "Schnaeland" para o de Islan-

dia (8). Pasou nela aínda un segundo inverno, e despois volveu. Fondeou no mesmo lugar onde está agora o teu barco, e permaneceu aquí un par de días, antes de ir visitar á súa filla. Queixouse moito desa terra, onde, ademais dos animais, perdera tamén un bote con varios homes. Ata me dixo que había montes que botaban lume. Mais algúns dos que viñan con el non eran do seu mesmo parecer, posto que gabaron moito o lugar.

Seguíu a zoar o vento e a bater a chuvia no colmo da casa ó longo de case que toda a noite. Ó mencer, sen embargo, minguara moito a forza do aire e aínda que seguía atoldado o ceo non presentaba aspecto de que fose a chover de novo. Thorwald e a súa xente preparáronlles un cativo almorzo mentres os seus fillos saían a ver como resistira o gando, e as súas noras atendían ós pequenos.

Gardar e a súa esposa volveron onda os seus. Estes recolleran xa as tendas e agardaban ordes. Resultara tamén fructífero o contacto con aquel home. A través del conseguiran unha importante información tanto sobre a terra descuberta por Naddod coma respecto ás posibiliades coas que contaban as Faerøe, nas que a penas había máis que algúns cativos bidueiros e uns poucos arces, aínda que contara con excelentes pastos e pesca abonda. De todos os xeitos, o máis sorprendente de canto lles dixera Torwald fora que alí nunca se xeaba o mar.

-Se de verdade pretendedes chegar a Islandia sería bo que vos levásedes algún animal. Polo que contaron Floki e os seus, hai moita herba alí. O seu leite e a súa carne poderíanvos ser

de moita utilidade. Do contrario non conseguiríades sobrevivir se, por calquera razón, tivésedes que invernar nela.

O fillo de Svavar, aínda que xa pensaba pedirullo el, agradeceulle a suxerencia. E, aparentando consultar o caso coa súa xente, acabou por lle mercar varias ovellas, un carneiro novo, e dous años, xa destetados, coa súa correspondente dotación de herba para varios días. Non quería ateigar en demasía a embarcación, nin fomentar a ociosidade e a nugalla entre a súa xente. Prefería que se defrontasen á necesidade de manter estable a despensa pescando, ou cazando aves. Estas, sabíano todos perfectamente, por ruíns que fosen, logo de secadas, tiñan un agradable sabor.

A TERRA DO XEO

O vento seguía do leste, polo que os remos permanecían amoreados nas gallas. Mais o ceo mantíase constantemente atoldado impedíndolles contemplar tanto o sol coma as estrelas. O escandallo nin sequera tocaba fondo. Tiveran que se valer tanto da Pedra do Sol coma do Compás Solar (9) para se orientar a través da vasta e interminable superficie mariña. Un recurso que non todos os pilotos coñecían, mais si Atli.

Houbo un intre no que Nattfari advertíu como este botaba ó mar, pola amura de estribor, un puñado de herba seca, e ficaba despois a ollar como esta se ía arredando da embarcación.

-Hai unha corrente moi forte aquí -comentoulle, ó advertir que reparara no feito- Procede do oeste. ¿Sabes o que pode significar unha cousa así?.

-Que aínda que pensemos que estamos a navegar cara a un punto determinado -respondeu o ferreiro- podemos estar a ser levados noutra dirección.

-Exactamente, Nattfari. Exactamente. O cal podería resultar perigoso se non sabemos canto é o que estamos a ser desplazados

(10).

Naquel momento distraéronnos uns berros procedentes da proa. Soupéron axiña a que se debían. Acababa de ser descuberto outro pequeno grupo de baleas, esta vez máis próximo. Os animais pasaban por diante deles largando un chafarís semellante á silueta da folla dunha lanza, ou á dunha árbore de copa estreita e alta. Cando estaban xa perto delas, un dos animais mergullouse. Fíxoo erguendo ó ceo a súa inmensa cola, que mantivo en alto uns intres antes de se afundir no océano. Unha demostración que os fixo aterrecer ó pensar no que lles podería acontecer nada máis que de recibir a nave un pequeno golpe dunha cauda como aquela.

Eran cada vez máis breves as noites e máis longos os días. No seu perguiceiro camiñar cara ó noroeste viron tamén moitos golfinhos de cabeza grande. Mais aquela rutina crebouse na mañá do terceiro día despois de avistaren ás baleas, ó soltar o piloto dúas pardelas. As aves evolucionaron un momento no alto, para enfiaren axiña cara ó oeste.

-A corrente era aínda máis forte do que parecía -limitouse a comentar Atli, mentres procedía a cambiar case que un cuarto o rumbo- Se non muda o vento, avistaremos terra hoxe mesmo.

-¿Son as pardelas as que che din iso? -quixo saber Gardar,

sorprendido pola seguridade coa que aquel se manifestara.

Atli riscou un sorriso de raposo.

-Nada máis que en parte -admitíu- Elas confirmanme a dirección na que se atopa a terra. O resto dimo o propio mar. Está relativamente calmo, como podes ver, a pesar do vento. Ese é un claro indicio da proximidade da costa... Son cousas que se deprenden co tempo, Gardar.

Nattfari ficou admirado. Vira a Atli aquela noite, ó se deitar, atente na proa, e atopáralo na mesma posición, cando se erguera para facer a súa garda, perto xa do mencer. O piloto observaba o mar. Escoitábalo á procura de penetrar nos seus avisos. E agora, logo de velar toda a noite, continuaba no seu posto.

Sen necesidade sequera de que llo advertise, os mariñeiros procedían xa a retirar o "beitiás" e a situar as escotas á mesma altura en cadansúa banda. Centrada así a vela, a embarcación recibiu pola popa toda a forza do vento.

A penas advertiron as primeiras aves, indicando a proximidade do obxectivo, Gardar procedeu a retirar do alto da roda o mascarón coa grulla. Tivérono que axudar varios homes, a causa do seu peso. Respectaba así o vello costume do mar que aconsellaba non avistar ningunha nova terra mantendo as fauces do mascarón abertas. Os espíritos daquela poderían asustarse e amosarse despois pouco proclives coa nave que a tal cousa se atrevese.

Horas despois aventaron, efectivamente, terra.

Primeiro foi unha lene sombra, algo máis compacta nada máis

que unha nube. Mais, logo, conforme se aproximaban, esta foise transformando nunha liña escura, cada vez máis grosa e elevada, que chegou a cubrir todo o horizonte, de norte a sur. Nattfari sentíu un enorme acougo. A máis afastada das terras, a grande esperanza para cantos desexaban unha vida ceibe e digna, á procura da cal navegaran ata alí, non era froito da imaxinación. Existía realmente.

Cando a poideron observar con máis vagar e claridade advertiron unha dilatada cadea de alturas bicudas, cubertas de neve nos curutos, e horizontalmente diferenciadas en estratos sorprendentemente denegridos. Algúns puntos verdes indicaban a existencia nelas de pastos ou de vexetación. Pero, ó seu pé rompían con forza as ondas. Mais perto xa, advertiron tamén a existencia de breves chairas costeiras cubertas de arboredas e de herba.

Atopábanse, evidentemente, na sua parte oriental. Con toda a probabilidade non lonxe dos puntos abordados antes por Naddod e Floki.

-A ribeira está a sotavento -comentou Atli- Pode resultar perigoso acceder a ela nestas condicións.

Mais Gardar estaba xa de pé nunha das amuras da proa, agarrado ó estai, para observar mellor. Despois virouse cara ó piloto:

-Hai un fiordo a estribor, antes daquela montaña triangular, ... a que está medio coutada por esa nube baixa. E máis alá vexo unha chaira.

-Seguen a estar a sotavento -teimou o piloto.

-Xa o sei, Atli. Non fai falla que mo lembres. Non estou tan tolo como para arriscar innecesariamente o barco. Contamos tamén cunha illa polo caurel de babor.

Atli comprobou a afirmación. Despois asentíu. Os seus brazos turraron do leme ata facer virar a embarcación cara ó sur outro cuarto de rumbo.

A tripulación modificou a toda presa a posición da vela para aproveitar ata onde fora posible o vento. Os cans e as ovellas principiaron a remexer inquedos.

A illa non era demasiado grande, se ben que de costas recordadas. Dende aquela distancia pareceulles baixa, e estaba cuberta de verdume o que indicaba que debía contar con abundosa vexetación. O "Kranich" abeirouna pola súa ribeira occidental, arrodeado por un auténtico enxame de gaivotas e anduriñas brancas. As distintas especies de araos voaban tamén en todas as direccións escorrentados pola súa presenza, enchendo o aire de chiídos e de cores fuxidías.

A un sinal foi empallicada a vela e sacados os remos. No sudoeste daquel pequeno anaco de terra, entre as puntas de dous dos seus arrecifes, lonxe da acción do vento, atoparon unha cativa abra de area tan negra como a noite na que poideron fondear sen perigo.

Baixaron nada máis que o imprescindible. Foron montadas as tendas, acendida unha fogueira con polas e ramallos, e Vestur e outro home levaron as ovellas a se fartar de herba, aproveitando a ocasión para apañar canta puideron e repór unha parte da xa

consumida a bordo. Non atoparon, sen embargo, ningunha fonte. Gardar tampouco lles permitiu que se arredasen demasiado do acampamento.

O' acougo daquel pequeno abrigo cearon baixo un aire moito máis aquecido que o que tiveran que soportar no mar. E aínda que faláron moito, fixérono polo baixo, como se o subconsciente os advertise da importancia do momento que estaban a vivir. Chegáran a "Schnaeland", naquel momento chamada tamén Islandia, o máis remoto de cantos lugares había no mundo, e estaban a piques de iniciar o seu recoñecemento para saber se contaba coas debidas garantías para acoller a cantos seguían a considerar a súa persoal liberdade por riba de todas as demais cobizas.

Despois Gardar sondeou á xente acerca da rota que cumpría seguir.

-Temos dous camiños -díxolles- O importante agora é que saibamos elixir o máis conveniente.

-Estamos moi ó norte, Gardar -comentou Orn- Moito máis do que teña acadado nunca ninguén, a non ser, se acaso, ese Naddod ou ese Floki dos que nos faláron. É de supor que o mellor tempo, e polo tanto, as terras máis acolledoras, se atopen no sur. Penso que ese é o camiño que deberíamos seguir.

Os demais amosáronse conformes. O "hersir", satisfeito, limitouse a sorrir mentres asentía.

Logo, como todas as noites, contáronse mútuamente historias, e por especial concesión beberon cervexa, e cantaron. Kraka, o "Corvo", principiou a tallar coa súa navalla, á luz do lume,

unha pequena pola dun bidueiro collida na illa.

-Obsérvote máis calado que de costume, Stein. Algo imperdonable pola túa parte que non nos regales co teu saber o noso primeiro contacto con esta terra.

O "thulir" amosou unha serea expresión na face.

-Estaba a pensar, Gardar. Trataba de chegar a comprender a grandeza e as marabillas do mundo e da propia vida. Mais debo de recoñecer que me faltan tanto as palabras como a sabedoría necesarias para expresar o que agora estou a sentir.

-Fainos, polo menos, partícipes dos teus pensamentos.

Stein pareceu indeciso un intre. Logo tomou a súa pequena lira e comprobou, case que maquinalmente, as súas cordas.

-Farei algo mellor -dixo despois. E os seus ollos quedaron fixos, como retidos máis alá daquel breve brazo de mar, na descoñecida ribeira que se lle amosaba ó fronte, visible aínda no lusco-fusco. As súas notas soaron na quietude e entre os rumores que preceden á noite. Con elas a súa voz, grave, lenta, pousada, foi chegando a cantos se aquecían arredor da fogueira:

"No principio foi o tempo no que non había nada: nin area, nin mar, nin as frías ondas, ni a Terra embaixo, ou enriba o Ceo. Nada máis que o Abismo. Non había tampouco herba".

"O Sol non sabía onde estaba a súa casa. A Lúa ignoraba o seu poder. As estrelas descoñecían onde estaban. Así era antes de que fose feita a Terra.

"Antes de que a Terra fose feita había un mundo de néboa. Despois houbo un mundo na rexión Sur, levián e quente. Unha rexión ardente e resplandecente, vedada ós forasteiros, e ós que non tiñan nela o seu asento".

"A vida agromou despois das pingas da fermentación, polo poder de quen enviou a calor, tomando a forma dun home. E este home chamouse Imir".

"Da escarcha do norte xurdíu entón a vaca Audumla. Catro ríos de leite saíron das súas ubres. Con eles foi alimentado Imir".

"Do sangue de Imir fixeron os deuses o mar e as augas. Da súa carne, a terra firme. Dos seus osos, as rochas. Dos seus dentes e das súas moas, as pedras e os pelouros. Tomaron o seu cerebro e, botándoo ó aire, crearon as nubes".

"Coas súas pestanas ergueron unha fortaleza no medio da terra. Da súa calaveira fixeron xurdir o ceo, e dos lugares cos que afirmaron esta sobre a terra, catro ananos chamados, Norte, Sur, Leste e Oeste".

"Despois fixeron para os homes unha cidade chamada Asgarth. Odín estableceu nela xuíces, que acordaron con el as vellas leis. El deulles consello para ordenar a disposición da cidade e a construción do Santuario dos doce asentos, a mellor e máis grande de todas as casas que houbo na Terra".

"Cando Odín se sentou no seu trono divisou

o mundo enteiro, e veu os actos de cada home. A Terra foi a súa filla e a súa esposa. E a forza e os feitos cos que señoorea sobre todos os homes son seus".

"Odín alimenta coa comida que ten sobre a mesa ós seus dous lobos. Os seus corvos, Huginn e Muninn (11), repousan sobre os seus hombros. Sótaos cada mañá, e volven á hora do almorzo a contarlle ó oído canto ven e escoitan no mundo".

"Odín rixe todas as cousas, e todos os deuses, por importantes que sexan, acátano. El é o Pai de todo".

Os ladridos e o remexer dos cans, despertounos a todos. Os centinelas tiveron que turrar deles para que non se botaran cegamente contra as sombras que arrodeaban o acampamento. Nattfari, recén saído da súa quenda de guarda, asomou á porta da tenda. Mais non conseguiu distinguir ningún rumor especial capaz de xustificar semellante actitude por parte dos animais. Tan só o balbordo das ondas, e o lene e familiar murmurio do madeirame do barco.

Algo máis tarde, os animais pareceron acougar, e nada máis aconteceu xa.

A' mañá o tempo amosouse máis acolledor. E aínda que seguía a haber nubes, víase o azul do ceo entre elas, e o aire estaba máis claro. Advertíanse moito mellor as elevacións da costa, as chairas litorais e, máis ó sur, onde semellaban acabar as terras, un cabo rematado como un corno aguzado.

Gardar presentouse diante de todos cunha fermosa túnica de la bordada, e pantalóns cinguidos, levando ós ombros unha capa con reberetes tamén bordados. Calzaba uns zapatos de coiro coas correas atadas por riba dos nocellos. E mesmo se aquelara a barba e os pelos do seu bigote, mentres que Helga, a súa esposa, vestía unha saia azul claro, solta, e tan longa que lle ocultaba os pés. Pero levaba tamén uns ricos broches ovalados e decorados sobre o peito, cubrindo a cabeza cun tocado de liño que mantiña atado sobre o queixo. Era evidente que ambos esposos queríanse amosar coa dignidade que o histórico momento requería.

Revolexaban de novo as gaivotas en derredor cando o "Kranich" embicou o sudoeste. Aquel promontorio albiscado ó lonxe, que agora podían comprobar tiña unha color sorprendentemente abrancuxada, contrastaba baixo aquela luminosidade cos montes escuros e coroados de neve, fechando o horizonte, que o precedían.

Gaivotas no aire, e fulmares a rente o mar, seguíanos.

Mais, antes de que cubrisen sequera a metade da distancia que de aquel os separaba, un dos mariñeiros sinalou a illa na que acababan de pasar a noite. Un fío de fume negro subía naquel momento dende ela ó ceo.

-¿Quen foi o agudo que se encargou de apagar o lume?.

O responsable do cometido asegurou que o fixera como debía. E mesmo que mexara sobre as brasas para se asegurar. A gargallada dos seus compañeiros fíxolle ver que a precisión do dato non resultara en exceso afortunada.

Aforaron unha parte da ribeira baixa e verdecente que precedía ó cabo. A través das árbores puideron advertir unha longa lagoa litoral, situada entre ela e as alturas interiores, da que supuxeron que debía ter comunicación co mar nalgunha parte. Detivéronse nun cativo fondeadoiro, no que tomaron contacto físico co territorio. Despois a nave singrou paralela a unha elevada montaña cunha aba como de farelo incríblemente negro a se desaprumar sobre eles.

Cando por último domeaban o destacado promontorio que presidía a escena, Gardar fíxolles saber que decidira chamalo "Horn", O Corno.

O pé mesmo del abríase unha baía de grandes dimensións, fechada no seu extremo occidental por outro cabo alto e bicudo que semellaba xurdir das ondas. Había neve tamén nalgúnha das súas cumes. Pero o máis sobranceiro deste novo accidente, o que os fixo reparar con maior atención na súa estampa, foi a columna de fume, semellante á que acababan de deixar atrás, que naquel momento ascendía das inmediacións dunha delas.

O mariñeiro obxeto antes das burlas dos demais fixo entón un comentario o suficientemente alto como para que o poidesen escoitar todos:

-¿E quen sería o agudo que se encargou de apagar o lume dese

outro cabo?.

Mesmo Nattfari, nada habituado a viaxar, atopou que o feito non parecía ter nada de normal.

-¿Será iso o que ese Floki, do que nos falaron nas Faeröe, deu en chamar unha "eldfjall"*?- comentou Atli.

A pregunta ficou no aire. -A aparición case que inmediata doutra lene columna nas inmediacións do por eles recén bautizado Horn fixo reaccionar a Gardar de xeito expeditivo.

-¡Atento todo o mundo! -dixo a berros- ¡Preparade os escudos e as armas!. Non quero que nos collan desprevidos.

En breves momentos, as regalas do "Kranich" luciron o abigarrado colorido das adargas, as rodelas e os paveses. Dos sacos gardados baixo as bancadas foron tirados espadas, machados de combate e cascos. E cantos non tomaron entón os remos vestiron a toda presa as súas cotas de malla e procederon a montar os seus arcos.

A nave embicou o novo promontorio. E os remos movéronse ó ritmo, cada vez máis apurado, que Gardar lles marcou batendo no chan coa conteira da súa lanza. As augas, remexidas a unha e outra borda pola palamenta eran unha auténtica fervura de espuma. Mais Helga e as demais mulleres parecían nerviosas, aínda que tratasen de non parecelo. Resultaba evidente que aquela terra estaba habitada. E a ningunha parecía atraerlle a posibilidade de presenciar, e mesmo que tomar parte, un combate.

Ó pé do cabo abríase un brazo de mar que permitía o aceso a unha lagoa interior. Foi largado un dos botes. Cando saltaban a

el varios homes para preceder á embarcación e comprobar a practicabilidade do paso, xa desaparecera do ceo o sinal de fume máis próximo.

Fondearon perto da foz dun cativo río, ó fondo da lagoa, na parede norte do promontorio e nas proximidades do lugar onde aquel parecía ter ardido. Antes de baixar a terra, Gardar fixo soar as tubas e os cornos. O seu son ecoou sobre aquela espida ribeira, contra as abas dos montes e a superficie calma da lagoa, asustando a inmensas bandadas de gaivotas e outras aves, que erguéron súpetamente o voo. Mais non obtivo ningunha outra clase resposta.

Logo de recoñecer os arredores coa inestimable axuda dos cans, baixaron as ovellas para que pastaran, e procederon a renovar a provisión de auga e a preparar a cea. Durmiron, sen embargo, a bordo. Os cans non se amosaban tranquilos, e Gardar tampouco atopou motivos para arriscar a seguridade da expedición permanecendo en terra. Os gardas estiveron atentos tanto ós ruídos que se producían na ribeira como ós do mar. E os cans foron mantidos á espreita durante o breve período que duraba alí a escuridade.

Mais nada aconteceu ó longo daquela noite, nin tampouco ó día seguinte. Cando se ergueron ó terceiro, o "hersir" tomou media ducia de homes e dous dos cans e decidiu aventurarse algo máis lonxe.

Un par de horas máis tarde, cantos quedaran a bordo advertiron outra nube escura de fume que xurdía dunha aba próxima, na outra banda do río. O son longo e acompasado dos cornos chegou

entón ós seus oídos.

-Están ben -comentóu Orn lacónicamente, en resposta á inquisidora ollada da esposa do "hersir".

Nattfari ficou sorprendido da seguridade coa que se expresara. O seu nome significaba "Aguia". E, moitas veces, semellaba certamente posuir as facultades destas.

Gardar demorou aínda varias horas en volver. E o seu retorno resultou unha auténtica sorpresa. Volvían todos. Mais un dos homes traía, atada cunha corda, unha ovella recién rapada.

Nada máis vela, e aínda antes de que lles dixesen que atoparan varias casoupas de madeira, souperon xa cantos permaneceran no acampamento que, nas proximidades daquel lugar, había outros seres humanos. E non debían de ser pictos, segundo informaron, posto que os seus edificios eran do máis ruín, e non fora utilizada na súa construción ningunha clase de pedra. A única conclusión positiva que de todo isto tiraron foi a de que debían de tratarse de moi poucos, posto que se limitaran a se facer aqueles sinais de advertencia, sen atacalos, nin tratar de comprobar sequera cales podían ser as súas intencións.

Gardar amosoulles tamén algo que atopara nunha das construcións. Unha especie de bastón, rematado nun dente de morsa artisticamente tallado, unha pequena campá metálica e, un feixe de follas de vitela cosidas, moi homoxéneas en tamaño, e decoradas con riscos incomprensibles e deseños xeométricos a coores.

Rauda, a escrava irlandesa, deu entón un curto berro e dirixíuse nerviosamente a Helga.

-!Que non lles fagan nadaí. Non son enemigos... Son nada máis que peregrinos...

O "hersir" pareceu sorprendido.

-¿Qué sabes tí disto?. ¿Por qué cres que poidan non seren perigosos?.

-Son peregrinos; peregrinos cristiáns... xente santa... E son moi poucos. Retíranse a lugares afastados, como este, a pregar e a se mortificar... E case que nunca pasan de doce máis un. Ese é un libro dos que usan para as súas oracións. Vin outros coma el en Irlanda.

-¿Cristiáns?... Queres dicir que son "papar"... ¿Seica es tí tamén "papar"?

Ela asentíu. Os demais case que non o podían crer. ¿Irlandeses alí?. Mais a opinión de Rauda semellaba ter sentido. Os "papar", que fuxiran das Faerøe ó chegar a ela os homes do norte, moi ben podían terse retirado a aquela terra, se, como parecía, procuraban a soedade. Non era pouco mérito o seu acadar un lugar tan afastado como aquel nos seus cativos botes de coiro.

Mais Rauda, habitualmente parca en palabras, seguíu a falar. Quería algo máis. Pretendía que o "hersir" lles devolvese as súas pertencias.

-¿Por qué?... -alegou este- Fuxiron; deixáronas abandonadas.

-Nunca pasan de doce máis un... Son homes santos...

E cando xa os demais principiaban a se rir da teima que con estas expresións semellaba ter a rapariga, entrevistú Helga.

-¿Precisamos para algo esa campá, ese báculo ou ese li-

bro?... -perguntou- Xa escoitaches á rapaza, Gardar. Non se trata de xente de armas. Non son máis que un pequeno grupo de homes santos. Pénsao ben. Nada temos que temer deles. Mais tampouco é de intelixentes provocar innecesariamente a ira do seu deus.

O "hersir" ficou un intre en suspenso, como confundido pola argumentación. Logo ollou cara ós seus homes, e por último fixo un aceno coa testa ó tempo que se encollía de hombros.

-Velahí, amigos, unha razón de auténtico peso.

Pouco despois, onda os restos aínda fumegantes das choupanas ás que antes lles prenderan lume, ó acougo dunhas bidueiras e ó pé do báculo, chantado no chan, deixaba Gardar a campá e ó libro. A ovella non. Poderían necesitala para se alimentar, mentres que os "papar" debían contar con máis.

Antes de partir, o "hersir" decidiu chamar Horn Occidental a aquel cabo, ó pe do que acamparan, para diferencialo do outro Horn, o avistado antes (12).

A partir del, a ribeira semellaba non ter fin, expallándose xa decididamente cara ó oeste, como para demostrarlles que estaban a percorrer a parte meridional daquel territorio. Terras baixas e extensas lagoas litorais alternábanse ó pé das montañas.

Ó longo do segundo día, e parte terceiro, despois de deixar atrás o fiordo dos "papar", mudou o panorama, e a ribeira converteuse nun interminable areal orientado ó sudoeste. Mais, sobre el, coroando as escuras alturas do interior, como un

pesadelo constante, amosábaselles unha impresionate masa de neve que chegaba ó ceo e semellaba a piques de se caer sobre eles. Dedos de branco xeo, como os mocos dun neno, esbaraban polas vagoadas camiño do mar. Cantos se atopaban a bordo do "Kranich" sentíronse cada vez máis empequenecidos diante da grandiosidade do lugar, ó mesmo tempo que atemorizados por aquela latexante ameaza.

Nas xornadas seguintes, o areal volveuse de novo cara ó oeste, e amosóuselless cruzado de milleiros de ríos e de regatos, orixinados posiblemente polo desxeo do interminable glaciar. Corrían impetuosos e violentos, formando rápidos, que semellaban as ondas do mar, arrastrando canto atopaban ó seu paso. Págalos, de plumaxe verde-escuro e branca, revolexaban sobre eles.

Pasaron fronte ás foces dalgúns deles de enorme caudal, cargados de materias que denegrían o mar. Mudou entón o tempo e fixo algo máis de calor. Mais, despois principiou a chover. Choveu a reverter, sen interrupción case, no medio dunha luz esmorecida e feble, con perigosas rachas de vento. E as augas que caían chegaron a asolagar aquel chan, xa de por si húmido.

Houberon de permanecer algún tempo fondeados ó occidente do maior dos ríos que alí atoparon. Tratábase dun lugar chan e extenso, sumamente escuro, aínda que en boa parte cuberto de herba. As ovellas poideron satisfacer con ela o seu apetito sen ningunha clase de restriccións.

Permaneceron aínda un día máis, logo de que volveuse a aparecer o sol e lles permitise contemplar en toda a súa grandura a inmensa praia, salpicada de retallos verdes ou escuros. O agora

xa un tanto afastado glaciár, que tanto os atemorizara nas xornadas anteriores, brillaba no alto, cara ó nordeste. Pola outra banda, ó oeste, a chaira parecía rematar nun promontorio, por detrás do cal, nas terras do interior, relocía a masa doutro novo glaciár, sostido tamén pola liña sen fin dos picoutos. Non lles cabía ningunha dúbida xa. Aquel Floki non se trabucara. Aquela era realmente Islandia, a "Terra do Xeo" (13), como el a denominara. Dende aquel momento os pasaxeiros do "Kranich" principiaron a nomeala tanto deste xeito como polo vello apelativo de "Schnaeland" co que, con el nos beizos, partiran da súa terra.

Durante aquela forzada inactividade a bordo, e ó mesmo tempo que acerca de canto a viaxe lles ía amosando sobre a terra que estaban a percorrer, os expedicionarios non poideron menos que pensar na presenza dos "papar". ¿Haberíaos en moitos outros lugares, ademais daqueles nos que xa os observaran? ¿Serían anunciadores da chegada doutros grupos?.

Vestur foi autenticamente asediado a preguntas. O rapaz non fixo outra cousa que confirmarlles o que xa sabían. Os homes santos procuraban lugares afastados e desertos para as súas meditacións. Mais a súa irmá sabía algo máis. Ela escoitara falar da longa viaxe realizada por un deles, Brendan, xunto con outros catorce "papar". Saíran de Irlanda nunha nave de coiro. E navegando nela avistaran unha grandísima balea, que confundiran cunha illa. Estiveran así mesmo na Illa das Ovellas, noutra illa de elevadas montañas chea de paxaros, de "papar" e de ríos, na

que fumegaba a terra, botando un lume pestilente con cheiro a xofre, como o do inferno, así como labaradas e rochas ardentes. Por último, antes de tornar a Irlanda, déranse de fuciños en alta mar cunha enorme pía, como de cristal, chea de covas e caveras, e tan alta que parecía chegar ás nubes.

Ninguén acreditou nun relato tan fantástico como aquel. Tan só Nattfari pareceu reparar no seu contido. Porque, entre tanto despropósito como contiña, as baleas das que falaba si existían, e podían ser confundidas dende lonxe cun pequeno illó, se se mantiñan quedas. E tampouco eran ningunha andrómena a existencia de "papar" en lugares afastados e ateigados de aves, ou a Illa das Ovellas, Faerøe, xa que eles mesmos estiveran nela. O ferreiro non puido menos que reservarse a súa opinión respecto ó auténtico significado daquela historia para despois de que explorasen aquela sorprendente terra.

A chaira continuaba aínda máis alá do lugar no que se detiveran. Mais agora, co sol, amosabaselles intensamente verde, cunha vexetación cada vez máis mesta e luxuriante. A visión remataba ó lonxe nunha elevada estrutura plan e maciza, que penetraba nunhas augas naquel intre calmas e remansadas como as dunha poza.

O mencer do seguinte día, a luz permitíulles advertir que na punta daquela había varias pilastras de basalto, a saír do mar como dentes afiados, tan negros como as mesmas areas das praias. O "Kranich" rebasounas por fóra. Mais Gardar permitiu que algúns dos homes pasasen entre aquelas e o promontorio nun dos botes. Fíxoo non só para comprobar se o paso era practicable

senón tamén para permitirlles á xente un desafo, logo daqueles interminables días baixo a chuvia.

No "knorr" houbo quen tratou de se divertir espaventando ós miles de paxaros que había nas pías, e ata conseguiron cazar algúns coas redes. Querían saber se eran comestibles. Calcularon que as rochas debían ter unha altura duns 200 pés.

Rebasado o lugar, ó fronte deles, ó remate doutra enorme praia, xurdíu un novo promontorio, semellante ó que acababan de deixar a popa, que se adentraba no mar formando dous arcos, un deles de grande tamaño (14).

A nave debía caber folgadoamente baixo este. Mais Gardar seguíu sen querer correr ningunha clase de riscos, aínda que o mar continuase calmo e a reflectir como un espello aquela sorprendente e denegrida estrutura. O "Kranich" separouse da ribeira e manobrou por fóra dos bicudos cons. Foron os dous botes os que nesta ocasión trataron de pasar por aqueles contrafortes naturais. E un deles mesmo o fixo pola o arcada interior, a de menos altura. A causa disto os catro homes que o tripulaban tiveron que abaterlle o mastro. Despois axuntáronse todos, o "knorr" e os botes, na outra banda, onda outra farturenta chan, sobre a que se mantiña, aínda ameazante, o glaciario. Advertiron, sen embargo, que este parecía rematar algo máis ó oeste, nun punto no que os montes perdían altura.

Dende alí puideron albiscar tamén un grupo de illas relativamente afastadas da costa. O se aproximaren advertiron que contaban cunhas estruturas desusadamente acantiladas ás que

nada máis que as aves podían acceder. Tan só a de maior tamaño tiña no seu extremo norte unha abra ben protexida que lles permitiu atracar e subir á plataforma de pastizais do seu interior (15).

A MONTAÑA DO LUME

Ficaran atrás as dilatadas chairas, e as úbedas ribeiras que se espallaban polas beiras dos últimos ríos. Unha nova e menos acolledora paisaxe xurdía agora diante deles. Unha costa de escasa altura, case chan, pero espida por completo. Cara ó interior advertíanse algúñas cativas elevacións. A proa da embarcación, aínda que a certa distancia da parte observable do territorio, a enorme rocha metida no mar, de paredes cortadas a coitelo, seguía a agrandarse diante deles por momentos.

Pasaron entre ela e o cabo. Incalculable, e mesmo arrepiante, a cantidade de aves que tiñan naqueles farallóns a súa niñada e cubrían tamén por completo a súa plataforma superior, lisa, e de plano ostensiblemente inclinado, branca polas defecacións (16).

-Máis de douscentos cincuenta pés -calculou un dos mariñeiros.

Ninguén llo discutíu. O espectáculo era o suficientemente admirable como para que se preocupasen duns cantos pés, de máis ou de menos, na súa altura. Nattfari non puido evitar comparala mentalmente coa pía do relato irlandés. Era moi alta aquela

pedra, mais estaba demasiado próxima a terra, e nada amosaba que a puidese facer parecerse ó cristal para que se tratara da que avistaran Brendan e os seus compañeiros. Mais para Gardar, ó fin e ó cabo, responsable de cantos se atopaban a bordo do "Kra-nich", o lugar representaba unha realidade suxeridora de importantes evidencias. Porque, alí mesmo, a costa viraba cara ó norte en toda a extensión que a lixeira brétema permitía enxergar.

-Debe de ser o extremo occidental de "Schnaeland" -comentoulle a Atli- Se é certo o que de Floki nos dixeron nas Faeröe, a partir de aquí, e cara ó norte, debe de haber unha costa moito máis articulada que a que deixamos atrás. Polo que estamos a ver, "Schnaeland" debe ser un territorio certamente grande. Se os meus cálculos non están errados, dende o fiordo dos "papar", no que comenza a ribeira sur, ata aquí, debe de haber, uns 5 días de navegación.

-Sempre que se conte co vento axeitado -precisou o piloto- A min, sen embargo, é outra cousa a que me preocupa. Estamos moi ó norte, Gardar, e aínda que debezo por saber canta máis terra pode haber máis alá, e se realmente se trata esta dunha illa, tampouco esquezo a cativeza das nosas forzas nin dos recursos cos que contamos. Prégooche que non o deixes de ter en conta.

-Todos eses, Atli, son uns extremos que poderemos comprobar de inmediato se Aegir* e Njörd* continúan a favorecernos -comentou evasivo o "hersir".

A viaxe houbo de proseguir a forza de remos. O ángulo de

procedencia do vento a partir do cabo impedía o seu aproveitamento, por moito que cinguisen a vela. Mais todos se sentían encirrados por saber que se agachaba naquela nova ribeira, a cobreguear agora cara ó norte.

A media tarde, cando estaban xa a piques de acadar o remate da mesma, abriu de todo o ceo. O espacio que albiscaban máis alá desta amosóuselles entón en toda a súa grandura. E poideron contemplar un mar chan e calmo, verdeescuro, medio atoldado aínda a anacos pola lene brétema. Inesperadamente, cara ó noroeste, moi lonxe, máis alá da liña do horizonte, principiou a materializarse o perfil doutra ribeira. A visión aclarouse de inmediato. Tratábase dunha illa, ou dunha cadea de montañas que, como xurdindo das augas, avantaba cara ó oeste, elevándose paulatinamente, ata acadar no seu extremo unha altura considerable, formando un inmenso picouto de forma cónica, todo el cuberto de xeo (17).

-Se non se trata doutra illa -comentou Atli, sinalando o glaciar- ese promontorio podería ser o auténtico extremo occidental de Islandia.

-Quizais -aceptou Gardar- Mais tamén podería tratarse xa da súa punta norte.

Naquel momento o "Kranich" chegaba ó remate da breve ribeira que estaban a costear. A partir de ali, esta retrocedía cara ó sudeste. Volvíase sobre si mesma, claro indicio de que estaban a costear unha pequena península. Houberon de navegar aínda unhas horas máis, ata atopar unha abra resgardada, tan pelada e árida como o resto do territorio. Un lugar chan, de pedra, sobre o que

medraban musgos e, nalgúns puntos, herbas raquílicas. Lonxe, cara ó nordeste advertíanse de novo montañas cubertas de verde, que semellaban enlazar coa elevada cadea que precedía ó xigantesco e distante glaciario antes enxergado.

Mais había alí algo máis aínda. Algo que requeriu unha especial atención por parte de cantos se atopaban a bordo. Do interior daquela pelada ribeira, ascendían varias columnas de fume.

-¿Haberá "papar" tamén aquí?- preguntouse en voz alta Atli. Gardar tomouse uns intreiros antes de responder.

-Esta vez trátase de fume branco. Mais tampouco parece que haxa ahí nada que poida ser queimado. De todos os xeitos non por iso imos deixar de estar á espreita.

O remate da primeira quenda, a piques de comenzar a breve noite daquelas paraxes, os gardas despertaron a todos. Na outra banda da xigantesca baía que enmarcada aquel glaciario, xusto ó norte do lugar no que se detiveran, unhas lavaradas intermitentes estaban a tinxir de bermello e grana tanto a superficie mariña coma o propio ceo. Un espectáculo autenticamente inesperado, pero dunha increíble beleza.

Mais, aqueles rudes homes de mar, visiblemente afectados, limitábanse a ollar temerosos cara a Gardar en demanda dunha explicación. Estaban a arder o ceo e máis a terra. O que tiñan diante dos ollos era o suficientemente sobrecolador como para amedoañar ó máis templado.

-Estamos diante, sen dúbida, do que Floki chamou unha "eld-

fjall" (18) -aventurouse a lles asegurar o aludido.

Despois virouse cara a Stein:

-¿Asustado ti tamén? -perguntoulle, finxindo unha tranquilidade e un sosego que, posiblemente, distaba moito de sentir.

-Non, Gardar, senón admirado. ¿Cantas cousas non debe haber aínda no mundo das que nada saibamos?. Un non ten máis remedio que se asombrar diante da sabedoría e a grandeza de Odín, e imaxinalo a manexar a escadra, o compás, e a chumbada para realizar tantas marabillas como hai, capaces mesmo de nos premer e abrumar.

Mais Nattfari tivo novos motivos para pensar acerca do contido daquela sorprendente viaxe do santo Brendan.

Cando se ergueron, o ceo seguía a amosarse acolledor. E lucía o sol. Mais non se advertía xa aquel estraño lume que unhas horas antes fora quen de os anguriar. O único indicio capaz de lembrarilles a súa existencia era un mesto penacho de fume, como unha nube, que manchaba o ceo no mesmo lugar onde aquel se lles amosara.

Conforme avanzaron despois cara ó interior da baía, puideron comprobar que, tal como sospeitaran, as terras uníanse polo norte coa cadea que remataba no destacado glaciar do oeste. Mais, aqueles outros pequenos fumes da ribeira que tiñan a

estribor seguían a amosarse silandeiros e sen interrupción ó longo de toda ela.

Gardar aproou entón cara a unha península de terras baixas, algo máis acolledora, e fixo baixar nela a Orn con varios homes armados, Nattfari entre eles. A moi escasa distancia distinguíanse varias daquelas fumaradas. Quería que comprobasen de que se podía tratar.

Os elixidos camiñaron con cautela sobre aqueles rochedos plans. A súa superficie, sen embargo, non resultou tan uniforme coma lles parecera dende o "Kranich". Amosaba furas, fendas, e afundimentos, que os obrigaron a dar rodeos. Algunhas aves ergueron o voo asustadas pola súa presenza. Nubes inmensas de mosquitos remexían ó seu arredor, aínda que, sorprendentemente, sen atacalos nin picalos.

Cando acadaron o sitio que estaban a procurar, ficaron sorprendidos. Non había ninguén alí, nin estaba nada a arder. Os fumes que tanto os alertaran xurdían de xeito natural dalgunhas das furas que había no chan. Mais, todo ó seu arredor notábase un nada agradable fedor como de ovos podres, aínda que tamén a xofre, e mesmo a cebola.

Notaron calor ó se aproximar. Nattfari tocou unha das fumaradas coa man e retirouna todo o depresa que puido, dando un berro. O fume queimaba (19).

Os seus compañeiros ríronse moito daquela reacción. Mais Nattfari pensaba de novo noutra cousa. Houbera labaradas na noite anterior. E o cheiro que os envolvía agora era pestilente

e a xofre. Aquela terra asemellábaselle cada vez máis á do relato irlandés. ¿Estarían tamén alí aquel Brendan e os seus compañeiros?.

Tal como Floki Vilgerdaron referira nas Faeröe, a fachada occidental do territorio que dera en chamar Islandia, a diferen-
cia da do sur, era un mundo sorprendentemente variado, cheo de profundas baías e incontables fiordos, de todos os tamaños e orientacións, no que abundaban uns seres tan pouco habituais como as medusas. No interior de unhas e outros puideron contemplar moitísimas illas, en xeral chans, de escasa altura, e cubertas de vexetación.

Fora un percorrido no que as ribeiras de basalto, con acantilados dentados, alternaban ás veces con praias de area amarela ou dourada, aínda que tampouco faltasen as de denegrido chan. Bandadas de araos loros tomaban delas co peto anguilas de area, e remontaban logo o voo para tornar ás súas cobas. E ó pe de alturas coroadas de neve espallábanse acolledores vales, depresións, espetóns basálticos, toba avermellada, ou chairas cubertas de herba, de sorveiras e de bidueiros, cruzadas por ríos. Nalgúns puntos puideron admirar o fascinante espectáculo das fervenzas que se precipitaban vaporosas dende as alturas. Por todas as partes, tamén nubes de aves, abondosa pesca, e fuxidías

focas. E, en cada lugar, onda días nos que o vento rizaba ó mar, atopáronse con outros no que este semellaba inmóbil, tanto no interior dos fiordos coma fóra deles, ata ó mesmo horizonte, mentres nubeiros de rexa textura azulaban o contorno, e o sol se filtraba ó seu través para darlle luminosidades e cores incessantemente cambiantes á paisaxe.

Tiveron intres de auténtico calor e mesmo ocasión de contemplar ás enormes alcas*, coas súas cabezas e os seus lombos negros e o ventre claro, a revolexar sobre o mar, mesturadas coas gavitas, unha clase de gaivotas de tonalidades semellantes as das alcas, aínda que de petos e patas intensamente vermellas, que largaban ó espacio un penetrante berro: "cliip cliip".

Mais, logo de percorridos estes lugares, o territorio mudou de novo. Volveuse máis bravo e montesío, impresionante case, aínda que non por iso exento de beleza.

Ó domear un agudo promontorio de estratos vermellos, completamente espido, advertiron con ledicia que o seguinte accidente, moi semellante a este na súa textura, aínda que de color escura, situábase xa ó leste. Despois dos varios puntos nos que chegaran a pensar que ultrapasaran os extremos occidental e septentrional daquela "Terra do Xeo", aquel si lles pareceu o definitivo. Algo que levaban días a desexar que acontecese.

Porque o feito de que a costa retrocedese alí, cara ó punto no que a abordaran había xa moitas semanas, non podía significar outra cousa máis que, tal como pensaban, a "Terra do Xeo", era unha illa. Unha illa inmensamente grande e, polo que estaban a observar, auténticamente chea de posibilidades, o coñecemento

completo da cal xa non lles parecía, despois disto, ningunha tarefa pouco menos que imposible.

Gardar deu orde de se acoller á protección da baía que mediaba entre aqueles dous destacados outeiros. Un lugar doctado dunha cativa e verde chaira ó pe de elevados escarpes e ó abrigo de todos os ventos, a non ser o do noroeste. Advertiran xa dende lonxe as correntes de auga que descían polas encostas, que lles garantían este imprescindible medio para a súa subsistencia.

-Estamos xa no verán -fixo saber a todos -Se os informes que nos deron son fiables, en calquera momento imos poder contar con ventos do oeste. Será entón cando completemos sen esforzo a nosa circunvalación da illa e volvamos a casa con información abonda para cantos queiran saber que é o que hai de proveitable nesta afastada terra. Mentres eses ventos non chegan, descansaremos aquí.

Ninguén fixo comentarios, nin sequera polo baixo, premedos como estaban os folgos pola canseira e a vastedade do lugar. O mesmo "Kranich" non semellaba máis ca un barco de xoguete entre aquelas alturas. Non resultaba excesivamente acolledor o sitio, dende logo, nin era a súa temperatura a máis desexable. Mais tampouco seducía a ninguén a perspectiva de continuar a viaxe a turrar dos remos.

Por outra banda, había algo que contribuía ós asustar e a manter en completo desacougo. En realidade tratábase de dúas cousas, que ningún de cantos alí se atopaban tivera ocasión de presenciar, ou de saber sequera que existisen. Ningún deles

estivera nunca en ningún lugar no que puidese ter vivido a experiencia de coñecer días sen noite. Por que, no Wiken, estas chegaban a ser moi curtas a finais da primavera ou a principios do verán. Mais habíaas. Pero naquela parte da "Terra do Xeo" levaban xa bastantes xornadas sen que o ceo chegase a se escurecer por completo en ningún momento. A causa disto descoñecían mesmo a hora na que se atopaban, e, ás veces, ata os días transcorridos. Contribuían a producir esta pouco grata sensación as nubes que nos últimos días escurecían o sol, impedíndolles precisar cando este nacía ou cando se aproximaba ó horizonte.

Pero había aínda algo máis. Algo tan inexplicable e desconcertante como a falta das noites. A "leidarstjarna", a estrela guiadora do norte, deixara tamén de ser percibida mesmo xa nas últimas e breves noites que viviran. Dúas cousas para as que nin sequera o "thulir" atopaba unha explicación críble.

-Non tedes por que temer -tratába de animar Gardar á xente- Nada hai que non se deba a ningunha razón. E mentres teñamos diante dos fuciños a terra ou o mar, é que aínda non chegamos ó cabo do mundo.

Os poucos días da súa arribada, cando xa principiaban a considerar como naturais aqueles excepcionais fenómenos, abreu o ceo e saíu un sol un tanto algareiro, que camiñaba polo sur, claro indicio de que se atopaban no que poderían chamar pola tarde. A luminosidade do momento fíxolles esquecer toda preocupación, ó tempo que lles permitíu comprobar que a neve das alturas era moito máis branca do que lles viñera parecendo, mentres que, pola contra, as escarpas que os arrodeaban resultá-

banlles aínda máis escuras e aterrecedoras.

Varios homes decidiron entón subir ó promontorio.

-Levade cordas, estacas, comida, bebida e roupa -advertíulles Gardar- Toda precaución é pouca en lugares como estes.

Nattfari foi con eles. Eran sete en total. Iniciaron o ascenso pola aba menos difícil, preto dun dos regatos, por unha aba formada por detritos, na que se alternaban a herba, os musgos, os liquens, e a rocha descarnada. E suaban a treu cando acadaron o primeiro achanzamento. Logo de se tomar un descanso continuaron por escarpes de pedra menos accesibles que os anteriores, aínda que con bastantes puntos ós que se agarrar.

Horas máis tarde acadaron un segundo planalto, dende o que puideron contemplar xa a superficie achanzada e completamente espida do extremo do promontorio, que, sorprendentemente para eles, atopábase a unha altura algo inferior á que se atopaban. Cara ó norte viron unha lagoa no fondo dun val tapizado de pasto. Mais, na outra banda, acolá en baixo, o "Kranich" e o acampamento eran nada máis que manchas na paisaxe que se espallaba entre aquela altura e o cabo vermello. Cara ó interior as terras amosábanse como unha elevada e ondeante meseta, salpicada de elevacións medio cubertas de neve.

E, ó fronte abríase un mar dilatado e inmenso, naquel momento manso e de color azul metálica, que se espallaba sen termo cara ó norte e o oeste, camiño, quizais, do abismo no que se dicía que remataba o mundo. Tal como pensaran, a liña dos promontorios situados ó leste daquel lugar confirmoulles que se

atopaban noutra das esquinas de Islandia.

Mais viron aínda algo máis dende aquel lugar. Algo auténticamente inesperado. Porque, cara ó noroeste, moi lonxe, tanto que parecía atoparse mesmo máis alá da propia liña do horizonte, xurdía o que lles pareceu outra illa. Unha illa abrupta e cuberta tamén de xeo. Algo que representaba un auténtico acougo para todos eles, xa que lles demostraba que non remataban alí as terras, como chegaran a sospeitar. Seguía a haber outras alén aínda daquela na que se atopaban (20).

Nattfari e dous máis tiveron folgos para continuar ata o extremo do cabo. Para conseguilo descenderon primeiro ó estrado que coroaba a este. Tratábase dun xeito de chan longa pero moi estreita. E camiñando por ela, temendo a cada intre que aquel aire cargado co salitre do mar, ou unha simple cambadela, os precipitase ó estarrecedor cavorco que se abría a unha e outra man, remataron por acadar o seu propósito. Chegados a aquel punto deitáronse no chan e contemplaron como o mar batía baixo eles, ós pés do acantilado. Unha visión que lles produciu admiración e espanto ó mesmo tempo.

Volveron axiña onda os outros catro, a tremer dos pés á cabeza.

Despois de xantar e de descansar, atarecidos de frío naquel lugar espido e batido por todos os ventos, decidiron agardar ó solpor. Querían saber que acontecía entón; contemplar o inusual espectáculo do sol que non se puña. Este amosábase naquel intre, normal e tranquilo, cunha luz medio púrpura e medio agrisallada.

Horas despois, o astro principiou a avermellarse, e a encher

gradualmente de roibén e violeta o ceo e os sutiles veus de brétema que manchaban o límite, mentres camiñaba de xeito pouco menos que imperceptible cara a este. Mais, próximo xa ó horizonte, cando parecía irse ocultar detrás, como acontecía en todos os lugares do mundo, principiou a elevarse de novo, a camiñar polo ceo, agora polo norte, camiño do leste, recuperando ó mesmo tempo, paseniñamente, o seu brillo e o seu aspecto habituais, aínda que alí se amosase case cun aspecto invernal. Estaban no insólito lugar no que o sol nacía e morría no mesmo punto. Algo que ningún acertou a comprender ou explicar, e que remataron atribuíndo nada máis que á grandeza cada vez máis abraiante de Odín.

UNHA CASA NA BAÍA

Pagara a pena terse detido a contemplar aqueles case que increíbles e fraguentos promontorios, cos seus aguillóns e os seus dentes de serra de variado colorido, estériles, cortados a pino, inhabitables, e de inquedaante aspecto, contemplar o impresionante alude que se producira nunha das súas detríticas abas, no que os seus escuros resíduos caíran con estrondo no mar, ou introducido a nave ata o derradeiro dos currunchos de cada fiordo e de cada unha das baías daquela ribeira setentrional, admirar os seus ríos, as súas fragas, os pastizais dos seus vales, agora cubertos de flores, ou contemplar as focas a lecer ó sol deitadas na area das praias, entre restos de conxéneres, de aves, e de raposos.

Pagara ben a pena. E, se por algúns fose, teríanse detido xa no último dos fiordos visitados. Mais resultaba evidente que perderan moito tempo neste traballo, mentres o verán seguía a camiñar cara ó seu xa non demasiado lonxano remate. Volvían ter noite de novo, aínda que, polo de agora, nada máis que dunhas poucas horas. Mais todos sabían que estas iríanse delongando moi

depresa, e acabarían por seren, a non tardar, máis grandes que os propios días, permitíndolles contemplar de novo sobre as súas cabezas, a estrela do norte.

Mais Gardar quixo apurar aínda o vaso ata o final. Quixo coñecer a seguinte baía. Se é que realmente a había.

Estaban a aforar por unha ribeira de enormes alturas, ó pé das que apodrecía a madeira arrastrada polas correntes. Troncos de árbores demasiado grandes e poderosos para pensar que puideran medrar naquela terra, pero inexplicablemente conducidos a ela polo mar e depositados ó acougo dos lugares máis resgardados. Auga adentro albiscábase unha illa relativamente grande, e á proa, preto da costa, outra, máis cativa, completamente chan. O ceo atoldárase con nubes escuras e ameazantes que lle prestaban á paisaxe unha color monótona, gris azulada, pero de cambiantes gradacións.

Antes de chegar a esta segunda illa advertiron xa a boca da baía intuída por Gardar. Parecía grande, e espallábase, como as anteriores, cara ó sur. A súa ribeira occidental era abrupta e elevada; mais as do sur e do leste amosábanselles baixas e achanzadas, aínda que se advertisen tamén alturas de certa entidade detrás delas, cara ó interior das terras.

Rabuñaban o ceo bandadas de aves cando apareceron os primeiros lóstregos. Ó principio breves e espallados. Despois máis longos e frecuentes, acompañados de trebóns que fixeron abanear a estrutura enteira da nave aterrecendo os folgos e os corazóns. Mudou de novo o colorido do ceo e das augas baixo unha

difusa luz que impedía case advertir o relevo das terras que se silueteaban arredor da enorme abra. Con cada lustre o mar, aínda que calmo, parecíaselles cada vez máis a un touro disposto a escornear.

O brazo de Gardar sinalou entón ó sudeste, onde ó acougo dunha pequena altura parecía advertirse o que estaba a procurar.

Atli asentíu. Logo do tempo que levaba a navegar con el estaba xa convencido de que Gardar adeviñaba máis que vía. O "hersir" parecía identificado por completo coa topografía daquel territorio.

-Chamaremos "Skjálfandi"* a este fondeadoiro -anunciou este a berros, tratando de facerse escoitar entre os incesantes estrondos, quizais coa intención confortar ós seus.

Pouco despois, no medio dos estralampazos do ceo, o "Kra-nich" acadaba o lugar elexido. Un punto daquela ribeira, baixa e pedrallenta, no que se producía unha lene inflexión que formaba unha cativa rada capaz de servirlles de acougo. Permaneceron, sen embargo, a bordo. Atopábanse demasiado atemorizados para intentar sequera baixar a terra naquelas condicións.

A temperatura descendeu de novo. E principiou a caer unha lixeira auganeve, seguida despois por un forte pedrazo, que acabou por se converter en simples boliñas de neve.

Foi ó día seguinte, logo de pasada a terrible treboada, cando tiveron vagar para inspeccionar o lugar e comprobar as súas posibilidades. Tratábase dun pequeno ancoradoiro doctado cunha reducida praia na que saltaban os peixes, arrodeado de terras chans. Un outeiro de cumio arredondeado protexía o lugar

polo nordeste, mentres que polo leste advertíase unha cadea de alturas, relativamente afastada. Pero, ademais, contaban cun pequeno regato que baixaba do outeiro, pasto dabondo, e madeira máis que suficiente. As sorveiras, medio desfollatadas xa, amosaban aínda os seus tentadores froitos vermellos como unha muda invitación. Parecía un lugar auténticamente axeitado para pasar o inverno. Naquel momento caía unha lene poalla e no chan formáranse lameiras e pozas que a nordesía rizaba.

Aínda baixo aquel intenso frío, Rauda e Vestur foron encargados de darlle de comer ás ovellas. Leváronas á aba máis próxima. "Bu" acompañounos, a remexer incansable con elas. Dende lonxe distinguíase perfectamente a causa do seu lombo escuro e as cores, branca e acastañada, das súas orellas. Había moita anxélica e moito liño bravo nas proximidades, e tomiño e herba paxareira preto do regato, polo que puideron fartalas sen ningunha clase de problemas. Cando volveron para cear, o can traía na boca un raposo de color azulado, xa morto, que despois de depelgado servíu de alimento para el e os seus irmáns.

Ó día seguinte mudou o tempo e atemperou. Saíu o sol, e percibíase o cheiro a herba mollada e o agradable arrecendo da anxélica e o tomiño.

Foi entón cando decidiron tirar o barco do mar. Para acadalo utilizaron varios troncos de bidueiras, axeitadamente podadas, sobre os que o fixeron esbarar ata máis alá do mallante. Despois desmontaron canto del era susceptible de ser desmontado e, por último virárono de costas, ata deixalo coa quilla ó aire.

Representou toda unha xornada de traballo. O longo dela ata as mulleres axudaron, turrando dos cabos, o mesmo que os homes, ou metendo as cuñas para inmovilizar os troncos, ou fixar definitivamente a posición do casco.

O mencer seguinte, principiaron xa a abater as árbores que precisaban para iniciar a construción tanto da casa, coma do cuberto onde gardar o barco e os botes, así como un alpendre no que afumar o peixe.

Nattfari suxeríulle a Gardar a conveniencia de facer tamén outro para instalar a forxa, sequera para reparar a ferramenta que resultara danada nos traballos. O "heisir" deixoulle a Kraka, "o Corvo", que se mancara no traslado do "Kranich", e o escravo Vestur, para que o axudasen, prometéndolle máis xente conforme a construción do refuxio, a súa principal prioridade naquel momento, llo permitise.

Os labores leváronse a toda presa. Ninguén permaneceu ocioso. Uns cortaban árbores, outros pelábanos, outros transportábanos, e os menos, procedían á construción. Mais Nattfari separaba antes determinadas partes daquelas, as menos aproveitables, que, coa axuda de Vestur e de Kraka foi colocando en pillas. Cando estas acadaron unha altura prudencial, fíxollas cubrir con terra.

Tratábase dun vello recurso que ningún ferreiro descoñecía. As pillas contaban cun oco ou respiradoiro central, e varios máis, laterais. Cando lles prenderon lume, conseguiron, gracias a aquela especie de cheminea, unha combustión incompleta da madeira. Este foi o xeito como Nattfari se procurou o carbón que

precisaba.

As noites seguían a medrar, ás veces acompañadas dun vento frío que lles lembraba a necesidade de apurar o traballo. Porque, estaban tan ó norte que ninguén estaba demasiado convencido de que o inverno non comenzase alí con moita antelación ó do Wiken. O mesmo tempo, tres dos homes adicaban todos os días unha boa parte do seu tempo a botar as redes para se procurar peixe. E conforme as obras avanzaban, sumóuselles algún máis, e dispuxeron ademais de máis tempo.

Ninguén se queixou da aptitude do lugar escollido para invernar. Os recursos cos que este contaba permitíronlles coller bacallaos, abadexos, arenques, rodaballos ou sollas. As mulleres preparábanos para xantar, e destripaban os excedentes para salgados, afumalos, e gardalos para o inverno. Para isto usaban madeira verde, que desprende fume. O peixe, colocado sobre ela en enreixados impregnábase así do sal e do seu penetrante cheiro. Ós xa tratados colocábanos en capas nos puntos do edificio pensados para despensas, aínda que unha pequena cantidade colgábase simplemente dos secadoiros e deixábana ó aire.

Outra das actividades paralelas, a cargo das mulleres e de Vestur, principalmente, foi a de apañar canto froito comestible puidese haber aínda. Os das sorveiras e das arandeiras, vermellos os primeiros, negros os destas, estaban, ademais, no seu punto preciso naquel momento. Apañar herba para alimentar as ovellas ó longo da invernia que se anunciaba foi outra das actividades inescusadas.

A tarefa de cazar paxaros e aves correspondíalle ós homes. Xa non era aquel tempo de apañar ovos. Mais gardáronse ben todos eles de tocar sequera ós corvos. Ningún se quería arriscar a cometer, aínda que fora sen intención, o sacrilexio de acabar con algún dos heraldos de Odín.

A construción fora situada nun punto que distaba uns cen pasos da beira do mar, e non lonxe dun dos regatos. O suficientemente afastada tamén dos lugares nos que a neve, que sen dúbida habería de cobrir axiña o outeiro, puidese chegar a representar un perigo. Era longa de máis de vintecinco pasos, e ancha de máis de seis.

Estaba formada por catro paredes de troncos apillados entre dúas guías, e emsamblados nas esquinas. Non tiñan tempo para se procurar grandes laxes coas que facer muros, como os dos pictos, un xeito de construír do que os nórdicos tomaran boa nota tanto nas Orcadas coma nas Faerøe, tal como tiveran ocasión de comprobar. Mais, como medida de precaución e defensa contra a neve, acumularon exteriormente, arredor das paredes, cantas pequenas pedras puideron conseguir, ata unha altura de case que a cintura dun home. Despois cubríronnas con varias capas de terróns e de

carrizos.

Os troncos utilizados nas paredes eran rebaixados nas súas partes superior e inferior, có obxecto de que encaixasen uns cos outros, como xeito de impedir o paso do frío, da chuvia e da neve. As fendas e os intersticios foron selados con barro.

Mais, a principal dificultade á que se tiveron que enfrontar foi a do pequeno tamaño e á febleza das bidueiras daquela terra, que non lles permitían facer trabes o suficientemente longas e resistentes para soste o teito, aínda que os carpinteiros se deran boa maña en ensamblar unhas con outras. Nada máis facer unha proba, domeáronse perigosamente, indicando ás claras que non serían capaces de soste a cuberta, e moito menos a neve que acabaría por depositarse nela.

Nattfari deu axiña cunha solución, que foi de inmediato aceptada. Consistía esta en situar unha ringleira de postes no interior, a todo o longo do edificio, que termasen das trabes. Naturalmente, non se trataba de ningunha invención súa, xa que isto facíase tamén no Wiken. A aportación de Nattfari consistiu en que estes postes estivesen compostos cada un por catro bidueiras, macizadas por medio de puntas e abrazadoiras de ferro, gracias ó cal incrementábase enormemente a súa resistencia.

O mesmo Gardar se sentiu entusiasmado pola idea, e permitíulle que dispuxese de varios homes para procurarse canta turba precisase para levar adiante o labor.

A Nattfari faltoulle tempo para subir ó inmediato outeiro. "Bu" non se apartou del en ningún intre. Mais, antes de chegar ó

alto do mesmo advertíu xa unha grande lagoa situada nun achanzamento da súa aba sudoriental. Nela era onde nacían os regatos que pasaban preto do lugar que elixiran para o asentamento. Máis tarde, cando conseguíu acadar ó cume decatouse de que o outeiro era moito máis elevado do que dende abaixo lle parecera. Gracias a esta circunstancia puido repasar con vagar, como se dunha águia se tratara, a baía, e os montes cubertos de neve e de fragas da súa banda occidental, así coma os pastos e arboredas que cobrían a oriental. Cara ó sur, como a unha hora de remo do punto no que recalaran, advertíu unha inmensa chan pola que cobregueban, perguiceiros, varios ríos. E, máis alá, outras elevacións tamén significativas.

Skjálfandi, unha xeografía sometida constantemente a un variado e cambiante xogo de luces e de cores, parecía conter tamén o que estaban a precisar. Os nórdicos chamaban a unha das variedades da limonita, o mineral de onde tiraban o ferro, "mineral das brañas", xa que, habitualmente atopábase na turba destas. Se o seu pai non lle ensinara mal, tiña que haber turba suficiente tanto nas inmediacións daquela lagoa, como entre as xunqueiras que medraban arredor dos ríos do sur.

Mais tamén puido albiscar dende alí aquela illa chan diante da que pasaran ó entrar na baía, e aquela outra máis afastada que quedaba ó norte (21). O panorama alcanzaba máis alá aínda da punta nororiental. Un miradoiro autenticamente admirable aquel outeiro que lle permitíu contemplar en toda a súa extensión a admirable baía.

Logo de cavado o foxo recobreu as súas paredes con barro. E foi nesta arcaica oquidade, utilizando carbón, madeira e a propia turba ata alí carrexada, onde fundiu a limonita. O resultado bateuno despois co esteixador sobre a zafra, para volvelo a derreter de novo. Esta segunda fusión era xa ferro puro, ou "fellujarn", como eles o chamaban. Del saíron as primeiras abrazadeiras, e os primeiros cravos que se forxaron naquela terra.

Mentres seguían a medrar a toda presa os muros, pavimentaban con terra machucada o interior do edificio, e con laxes a parte inmediata á lareira, un simple buraco alongado, aberto no chan.

O deseño en nada se diferenciaba do das vivendas habituais, xa que básicamente consistía nun grande cuarto, que ía servir de cocina e de sala de estar, destinado a acoller a maior parte da vida da pequena comunidade. Nel, ademais dalgúns trebellos, as súas armas, e os seus efectos pessoais, dispuxeran tamén lugar para as despensas, o baño de vapor, unha leñeira, e senllas separacións, unha para as mulleres, e a outra para Gardar e a súa esposa.

O vestíbulo, ou acceso ó interior do edificio, serviría tamén como lugar de conversa. E ía contar cunha cativa bancada, o "skali", ó longo das súas paredes, para se sentar.

Unha vez rematados os muros, procederon a colocar as trabes,

ben asentadas agora sobre aquela liña interior de postes, e, sobre elas, a cuberta de táboas e casqueiros craveteados. Por riba deles estenderon unha fina capa de codia de abidueira, que cubriron despois con fentos, carrizos e dous estratos de terróns, pacientemente escollidos, que debían de impermeabilizala.

Deixaron así mesmo un buraco para o fume, e, nas paredes, varias xanelas, para a ventilación. Era moita a xente que ía permanecer no interior da construción durante un período de tempo dilatado, polo que se impuña a necesidade de tomar as debidas precaucións se non querían rematar cheirando a bravú. A letrina estaba fóra, sobre unha fochanca o suficientemente grande como para que non se enchese antes de que as defecacións se fosen autoconsumindo.

O edificio contaba tamén con dúas portas, cada unha cun enlousado exterior de pelouros, que facilitaba o acceso. E estaba, o mesmo que a ferrería e o alpendre para o peixe, orientado ó sur.

As camas consistían en caixas de madeira sen pulir, recheadas con herba. Construíron tamén varias cubas grandes para lavar, e algúns baldes e caldeiros de madeira.

O día no que por primeira vez puideron instalarse no interior do seu novo fogar, beberon o derradeiro dos pelexos de

cervexa. Gardar conservárao para unha ocasión como aquela, aínda que sabía que nunca podería ser suficiente para facer unha auténtica festa, na que se consumase o vello costume viquingo da embriaguez ritual. Cantouse, sen embargo, moito aquela noite arredor da lareira. Contáronse tamén historias de viaxes e de engaioladoras experiencias, escoitadas dos beizos de outros, e Stein o "thulir" soupo atopar palabras axeitadas para inmortalizar o momento. Por último, decidiuse tamén, por unanimidade, darlle ó lugar o nome de Húsavik*, "A baía da Casa".

No medio da ledicia que todos parecían sentir naquel momento, houbo alguén que suxeriu algo que, logo de canto viñan comentando cada día, tiña necesariamente que xurdir en calquera momento.

-¿Como sodes os "papar"? -perguntou en voz alta- Dínolo, Vestur. ¿En que se diferencia o que vos pensades do que nós cremos?.

A face do rapaz volveuse roxa. Ollou indeciso cara ós demais, e cara á súa irmá. Mais non se atreveu a dicir nada, aínda que todos teimasen en convencelo de que o fixera. O "thulir", viróuse entón cara á rapaza.

-Ti és máis vella ca el, Rauda. Dínolo, se o sabes. Non teñas medo de falar nunha xuntanza de homes.

A irlandesa pareceu tamén escasamente disposta, ó principio, como se temera que lle faltase capacidade, ou que as súas palabras puidesen non ser todo o axeitadas que deberan. Despois, conscente quizais de canto mudara entre os demais a opinión

respecto a eles, logo de que contemplaran o lume daquela montaña e de que soupesen da existencia das solfataras, atreveuse a dicir o que pensaba.

-En Irlanda sabemos moer, o mesmo que vós, o gran con pedras. Utilizamos tamén arados de ferro, tixeiras, carros, e diferentes medidas. Gostamos do queixo, do leite e das festas. Contamos así mesmo con poetas, xuristas, médicos, e artesáns, e damos sempre hospitalidade a quen chega... Consideramos tamén que tanto a natureza coma o corpo humano son sagrados, e que calquera idea, por estrana que pareza, é respectable. Mais, en desacordo co que as xentes do norte observades, entre nós non hai diferencias entre os homes e as mulleres... Os dous membros dunha parella teñen entre nós os mesmos dereitos, e as mulleres non só non perden o seu ó se casar, senón que seguen a dispor libremente das súas propiedades, estando por iso tamén suxeitas, en caso de necesidade, ó servizo das armas. Algunhas hai que chegan a instruír no seu manexo ós propios homes. Pero o principal dos nosos costumes é o de que ata os varóns de maior relevancia e prestixio non se reprimen nunca de pedir o parecer da muller, como acabas de facer tí agora, "thulir".

As palabras de Rauda sorprenderon á concurrencia. Axiña, sen embargo, xurdiron os comentarios. "Mulleres a combater... Escoi-tar o parecer das mulleres"... Absurdo. Así podía explicarse que os irlandeses estivesen a ser vencidos, unha e outra vez, polos viquingos.

-Non respondeches á nosa pregunta, Rauda -teimou Stein.

-En Irlanda -continuou ela, con maior seguridade xa- os non

cristiáns pensan que os deuses non debían de ter necesidade de ningunha clase de ofrendas, posto que eles mesmos as derraman xenerosamente sobre nós. E tampouco comprenden como se pode concebir o divino baixo formas humanas. Entre eles a esencia da vida atópase na verdade que sae do corazón.

-¿E os "papar"? Dinos algo acerca deles.

Esta vez, Rauda tomouse algún tempo para contestar. E mentres o facía Nattfari reparou por primeira vez, á escasa luz dos fahicos e da lareira, no pequeno bordado que levaba no peito. Parecéuselle a unha roda de raios curvos. Un deseño un tanto parecido a algúns dos moitos que decoraban as trabes e ós trebellos, e mesmo as naves, norueguesas.

-Coñezo tres xeitos de ver as cousas, "thulir". O do vello saber irlandés, o do cristianismo, ou dos "papar", como lles chamades, e o voso. E observo que os tres tratan de explicar as causas e os efectos por medio de relatos, que polo que veño escoitando dos teus beizos, as máis das veces resultan moi semellantes. Os tres nos din, por exemplo, que o mundo tivo un principio, ou que houbo un primeiro home, e suponse que tamén unha primeira muller. Mais, pódevos asegurar que ningún irlandés desprezaría nunca, como facedes vós, a un deus que non o recompense a cambio das súas ofrendas. Antes de chegar a ese extremo consideraría os motivos polos que podería non ser merecedor de tal deferencia. Referente ó cristianismo, en Irlanda, afirma que calquera ser humano, como responsable dos seus actos, pode achegarse a Deus a través da oración persoal, sen necesidade de

ningunha clase de intermediarios. Aconsella tamén a moderación e a sobriedade, así como a procura do coñecemento, e a práctica de actividades en común: axuda ós necesitados, roturación de terras, desecación de brañas, arranxo de camiños, ou a instrucción da xente nos labores do campo e nos oficios manuais. Oponse tamén ás guerras, ás liortas, ás mortes, ós sacrificios humanos, mesmo ós voluntarios e, sobre todo, á escravitude. Mais, para o vello monxe que me estaba a adoutrinar, o cristianismo, redúcese nada máis que a unha cousa: a querer para os demais o mesmo que para un... Ou, dito doutro xeito, a non lle facer a ningún nada que non nos gustaría que nos fixesen a nós...

Non houbo burlas esta vez entre os viquingos por estas afirmacións da irlandesa, ó mellor por qué comprenderon o sentido das mesmas e as consideraron acertadas, ou, quizais, por chegar á conclusión de que había moitos xeitos de dicir e entender as cousas, e que non tiñan por que ser eles os únicos posuidores da verdade. O propio Gardar pareceu cavilar sobre aquilo. Mais Stein creuse na obriga de rachar o silencio que entón se produciu.

-Son sabias as palabras de Rauda -afirmou- Pois, aínda que as glorias do mundo nos poidan confundir ás veces, e mesmo enganarnos, todos sabemos que é mellor o respecto que a ofensa, a moderación que o arrouto, a razón que a forza, a paz que a guerra, ou un home bo que outro malo; aquel que te axuda, que o que te abandona, ou trata de se aproveitar de ti; o que libera, que o que escraviza; quen empuña a espada nada máis que cando se lle fai estrictamente necesario, para sobrevivir, que aquel que

a utiliza para destruír, roubar ou ferir.

Estas foron as palabras do "thulir".

Dendaquela noite todos ollarían xa cunha certa consideración a aquela fraca e osuda rapaza, capaz de semellante sabedoría, aínda que non se tratara máis que unha simple muller e contando como contaba con tan poucos anos. O mesmo "thulir" tería, a partir de entón, moitos á partes con ela. Mais, de entre tantas cousas como Rauda e Stein dixeran, había unha coa que ningún se amosou conforme. Ninguén participaba das súas loubanzas en favor da paz. O combate e a morte, aseguraban, eran a auténtica esencia da vida. E non houbera nunca ninguén auténticamente grande que non matara algunha vez.

A PLUMA DO INVERNO

Estaban completamente brancos o outeiro que se erguía detrás da casa e cantas alturas era posible enxergar a unha e outra banda da baía. Había tamén algunha neve sobre as bidueiras próximas, na cuberta da casa, e no chan. E seguían a cair algunhas folerpas, se ben que a maioría acabou por se desfacer ó contacto coa terra ou a auga. O ceo estaba escuro, e facía un frío intenso, moito máis que o dos días anteriores. Tratábase, sen dúbida, do o primeiro aviso do inverno.

Detívose a actividade habitual. As ovellas, que xa medraran moito respecto a como eran cando as subiran a bordo, tiveron que se conformar con recibir por primeira vez a comida na corte. Os cans, sen embargo, foron ceibados coa pretensión de que puidesen apanar algún raposo. Ben abrigados, os homes practicaron o tiro co arco ou prepararon esquíes e trineos para utilizar en canto a cantidade de neve lles impedise camiñar. Mais a colleita de bagas, a produción de carbón ou de leña, e a pesca, non se detiveron. Continuou, aínda mesmo despois de detectar a presen-

cia no mar de varios tiburóns, longos como dous homes colocados un a pór do outro. Necesitaban amorear a maior cantidade posible de reservas para acometer con garantías a inevitable reclusión que se lles aveciñaba.

Pero onde máis xente se xuntou aquel día foi na ferrería, na que, non só Vestur, senón moitos outros voluntarios disputáronse o privilexio de turrar do barquín que mantiña acceso o lume necesario para levar adiante o traballo. Foron tantos que Nattfari puido aproveitálos para rematar de cubrir con barro o forno e a cheminea.

Dous días despois volveu a lucir o sol, polo que, a pesar do moito frío que seguía a facer, puideron continuar o traballo e sacar de novo as ovellas a acabar coa pouca herba que xa quedaba nos arredores. Mais o aviso non foi esquencido. Aquelouse moito mellor a corte, e fíxose un derradeiro esforzo para carrexar a maior cantidade posible de turba dende as inmediacións da lagoa.

Nos días que seguiron, e nalgunhas ocasións, Rauda fíxolle varias visitas ó seu irmán na zafra. Cambeaba algunhas impresións con el nunha fala para Nattfari incomprendible e desaparecía, ás veces sen que este, atento sempre ó traballo, se decatara.

Mais, nunca ocasión, dirixíuse a el.

-O "hersir" e a súa dona falan moito de tí, "Folt Buide"-díxolle.

Nattfari deixou un intre de bater no ferro.

-¡Ah, si! -comentou- Resulta agradable sabelo. A non ser que o fagan nada máis que para me censurar.

Ela botouse a rir, e foise, sen engadir palabra. Polo que o deixou peor que se lle confirmara que era realmente para aquilo para o que o estaban a facer.

-Non se pode dicir que a túa irmá se explique con moita claridade -comentou entón, dirixíndose ó rapaz.

Vestur pareceu rir polo baixo.

-Xa a debías de coñecer. De Brighit..., é dicir, de Rauda pódese asegurar que, máis que o que dí, o que importa é o que realmente pretende dicir.

-Estoume a dar conta...

Nattfari continuou co seu labor, mantendo o ferro prendido coas tenazas. Vestur tiraba de novo da cadea do barquín. Logo duns intres, e aínda sen erguer a cabeza, preguntoulle:

-¿Que foi o que me chamou?.

-... ¿"Folt Buide"?... -repetiu o irlandés.

-Pois, si... iso, ou algo que se lle parecía.

O rapaz seguía a rir.

-**"Cabelos Loiros"** -respondeulle despois- É como ela te chama. Resúltalle máis doado de dicir que Nattfari.

-**"Cabelos Loiros"** -repetiu para si o ferreiro- Non está mal. Non está mal... ¿E como é que, sendo cristiá, sabe tanto acerca dos que non o son?.

-Tampouco os nosos pais son cristiáns.

-¿Ah, non?- comentou Nattfari, sorprendido.

-Non -repetiu Vestur- Mais ten unha explicación. En Irlanda hai o costume de enviar os fillos á casa dalgún parente ou

dalgún achegado. Nó-los dous vivíamos cunha irmá do meu pai, que está casada co carpinteiro dun mosteiro. Foi alí onde nos fixemos cristiáns.

-Xa... ¿E que é un mosteiro*, Vestur?.

-O lugar no que viven os monxes -explicoulle o aludido, sen abandonar o sorriso- Normalmente consiste nun grupo de edificios, arrodeado por un terraplén e un balado de pedra. No seu interior están a igrexa, ou o oratorio, algúns pequenos hortos, e as cabanas nas que se aloxan os profesos. Fóra, nas proximidades dos campos, é onde se instalan as demais xentes que co mosteiro teñen algunha relación, especialmente os labradores e os artesáns.

-Como o teu tío, ¿nonsí?.

O rapaz asentíu. Despois doutro breve silencio, Nattfari volveulle a facer outra pregunta:

-¿E cal é a ocupación deses monxes, se é que se pode saber?.

-Sorprenderache un pouco -comentoulle o irlandés-, porque o que fan, principalmente, son pregos. Pregan varias veces ó día e tamén pola noite. O resto do seu tempo pásano a escribir, traballar nas hortas, ou a insinar oficios e adoutrinar ás xentes.

-¿Escribir?... ¿Para qué?... ¿Que é o que escriben?.

-Non o sei. Mais escriben moitísimo. E utilizan para iso peles de ovella e de vitela. Son xente santa, como di a miña irmá. Visten unha túnica branca de la, con capucha, e calzan sandalias todo o ano, someténdose a constante mortificación polas malas accións que poidan cometer.

-¿E, como foi que vos colleu Rögnval?.

-Por parvos. Colleunos realmente por parvos. Esa é a verdade -respondeulle rapidamente o rapaz- Foi hai xa algo máis de dous anos. Nós somos do Aileach, no norte, e sabíamos que o noso rei, Aed Findliath, acababa de facer un pacto cos homes do norte. Por iso non nos agochamos cando vimos aparecer as súas embarcacións no fiordo. Pensábamos que ían cara a Derry. Mais equivocámonos. A xente de Rögnval deixouse caer sobre o mosteiro, rapinou canto puido, prendeulle lume ás casas, e levouse a todas as mulleres e a cantos homes sans puideron. Rauda e máis eu aínda tivemos sorte, posto que non fomos vendidos como os demais, xa que nos tomou ó seu servicio o propio Rögnval.

Nattfari gardou silencio. Comprendía o doloroso que para o cativo debía resultar remexer cousas tan desagradables. Mais estaba seguro de que facelo tamén o podía axudar.

Aínda que o intentaron moitas veces, nunca foron quen de cazar ningún dos falcóns que espreitaban polos arredores da lagoa e das abas próximas. Eran realmente enormes. Os máis grandes e fermosos que vira nunca ninguén. Impresionaban nada máis que de contemplalos no aire, coas áas abertas, cubertos de plumas a manchas brancas e grises, ou negras nas puntas. Parecían moi seguros de si mesmos. Mais abraiaban aínda máis cando emitían o seu inconfundible "kraeekk" de morte ó se abater

céleres, pregadas as áas, sobre os pequenos paxaros cos que se alimentaban: pardais, escribentas, carrizas, ou mesmo corvos. Puideron, en troques, coller moitas logópodas, a maioría xa coa súa plumaxe branca do inverno, así como algúns araos loros. Un ave esta sorprendente polas súas cores e por ser capaz de virar case que en redondo a cabeza, así como pola súa enorme rapidez. Ás veces case que non lles daba tempo de velas, e nada máis que escoitaban o seu "arr aah" antes de se mergullar no mar. Tampouco se quixeron arriscar a máis, pois moitas das pedras dos acantilados estaban demasiado esbaradizas a causa dos restos dos mosquitos e das moscas, mortos na fin da estación. As varias focas que conseguiron alancear dende os botes proporcionáronlles carne, graxa para aceite, e unha pel flexible que, cortada en tiras, utilizaron como cabos.

Mais, conforme medraban as noites, aumentou o frío. O aire era limpo e claro, e permitíalles advertir durante as horas diurnas como medraba a neve que se acugulaba no alto das montañas. Polas noites ficaban engaiolados diante da fermosura daquel ceo profusamente estrelado e, ás veces, adoviado por unha lúa branca e enigmática a esbarar lentamente sobre el.

Había tempo que desapareceran as moscas e os mosquitos, aínda que non os patos, cando á caída dunha tardiña sentíronse sorprendidos por un doce son formado por dúas alternancias musicais que parecían proceder do espacio. Inevitablemente, ergueron a cabeza. Mais non eran grullas, como sospeitaran. Tratábase dun grupo de cisnes cantores, de inmaculada brancura e

peto amarelo, que voaban como frechas cara ás terras do interior.

-Debe de haber lagos por esa parte -comentou Atli, logo de observalos, sabedor sen dúbida dos seus costumes habitacionais.

Uns días despois volveu nevar, cubrindo definitivamente a follatada seca das árbores, caída no chan. O sol non tivo xa o pulo necesario para derretir a neve, e a paisaxe volveuse intensamente branca, manchada a penas polas siluetas de árbores espidas e dalgunhas rochas illadas e escuras. Tan só contadas sorveiras continuaban a manter aínda nas polas, agora completamente orfas de follas, algúns dos seus froitos. A baía de Skjálfandi seguía tranquila e repousada. Mais os compoñentes do pequeno grupo a penas sentían a cara. E aterecíanselles as máns de frío, a pesar das lubas de la coas que as protexían, o alento convertíase nunha nube de vapor a piques de se xear, cando falaban, ou mesmo ó respirar, e nada máis que con permanecer un pouco no exterior chegaban a formárselles molestos carambos de xeo na barba.

Chegara o momento de reducir a maior parte das actividades a nada máis que ás que podían realizar no interior dos edificios, das que o peso principal recaía sobre as mulleres.

Estas tiñan ó seu cargo facer a comida, ordeñar a única das ovellas que lles daba leite, lavar, coser, zurcir, fiar, facer punto, ou curtir as pelicas dos raposos cazados, aínda que axudadas en todo polos homes. Misión específica destes era a de reparar os trebellos caseiros, vixiar o exterior, evitar que se xuntase unha excesiva cantidade de neve sobre a casa e os cuber-

tos, ou carrexar agua. Mais, como había tempo para todo, unha boa parte deste adicábana á conversa, xogar co "hnefatafatl", - uns taboleiros de sete a quince buracos, nos que se exercitaba a mente resolvendo lances de auténtica estratexia-, practicar a loita, o lanzamento de pesos, ou a esquiar. Logo bañábanse no vapor producido con agua botada sobre unhas pedras quentadas ó lume.

Outro dos seus entretementos era o que chamaban da manta. Tratábase dun enfrontamento entre dous homes no que ambos tiraban dun lenzo, tendo por medio unha fogueira. Perdía o primeiro que pisaba as brasas.

Máis discreta era a actividade de Kraka, "o Corvo", a tallar incansablemente madeira co seu coitelo. Mesas, baldes, banquetas, trabes, taboleiros; nada escapaba ás súas hábiles mans. A súa lacería e as súas filigranas, así como as de algún que outro ocasional imitador, principiaron a se converter nunha auténtica reiteración.

Ó longo do día, sen embargo, seguían a ser moitos os que se xuntaban na ferrería ó acougo do lume, mentres Nattfari manexaba incansable o espetón, a talleira ou o esteixador, cos que producía aquel constante soniquete ó que todos acababan axiña por se afacer. Curiosamente, non era el o único que acirraba entón a preguntas a Vestur.

-¿Por qué, o tres? -quixo saber un, nunha ocasión- ¿Que de especial ten para vós, os irlandeses, ese número?.

As meixelas do rapaz coloreáronse de inmediato.

-Non o sei moi ben -contestou- Mais penso que debe representar os tres aspectos de Deus, como Pai, como Fillo, e como Espírito.

Fóra o vento muxía como un touro. E a cea, aínda que adoviada nada máis que con agua, transcorrira con normalidade, no medio da habitual e xeralizada conversa.

Stein requeríu entón a atención de todos facendo soar teimudamente a súa pequena lira.

-¡Escoitade! -anunciou- Rauda ten algo máis que nos dicir sobre os "papar", ou "homes santos", como ela os chama. Como sabedes, esta xente, ademais de rexeitar a familia e as cousas do mundo, retírase a lugares afastados, onde se adica ó traballo e á meditación, soportando, ás veces en solitario, a fame e os terrores da terra e do océano. Ela coñece retallos dalgúns dos seus poemas. E entre os dous conseguimos vertelos á nosa fala.

Convidou cun xesto á irlandesa, e esta situouse no medio da concorrencia, preto da lareira. Alí agardou a que o "thulir" marcasse as notas que a ían a acompañar. Despois, con certa inseguridade, principiou:

Rexurdo hoxe, a través da forza dos ceos:

a luz do sol,
o brillo da luz,
o esplendor do lume,
a velocidade do raio,
a lixeireza do vento,
a fondura do mar,
a estabilidade da terra,
a firmeza da pedra.

Por iso convoco a todos estes poderes,
contra os feitizos das bruxas, dos ourives, e dos magos,
contra os demos e os vicios,
contra aqueles que me desexen o mal,
e contra todo aquilo que poida corromper ós seres humanos.

Calou un intre, a observar quizais a receptividade e o efecto que aquelas palabras produciran no auditorio, ou tal vez dubidosa acerca da conveniencia de dicir, ou non, que o que acababa de recitar era unha parte dun canto realizado por Patraic*, o apóstolo da súa terra, por medio do cal tratara de efectuar unha sutil conexión entre a vella sabedoría irlandesa, directamente ligada á natureza, e a doutrina que predicada. A súa mirada cruzouse entón, tal vez involuntariamente, coa de Nattfari.

Este advertíu de súpeto algo que se asemellaba á risa no fondo dos seus ollos. E ficou admirado, porque lle pareceu como

se a través deles estivese, de súpeto, Rauda máis próxima, e que mesmo chegaba a saber canto ela estaba a pensar e a sentir naquel momento. E non lle pareceu xa fraca nin lambida, como outras veces. Os seus cabelos, os seus ollos, e a súa pel, estaban agora como tinguidos da color do mel, mentres un lene e desconcertante sorriso se lle debuxaba nos entreabertos beizos. Antes de que puidese acordar, ou chegase a engadir ela ningunha outra palabra, alteráronse os cans, puxéronse rapidamente en pé e, sen transición, principiaron a ladrar ó tempo que corrían como adoecidos cara á entrada do edificio. Gardar ergueuse do seu asento e observounos con marcada atención. Logo, sen dicir palabra, tomou a súa roupa de abrigo, o seu escudo e a súa espada, e procedeu a acender un fachico no lume.

Os demais imitárono. Nada máis que Nattfari permanecía no seu sitio. Ó fronte del, a inmóvil e delgada figura de Rauda, silueteada sobre as labaradas da lareira, continuaba a ollalo, medio asustada tamén polo que sen dúbida acababa de advertir.

A foula que remexía ó seu arredor acabou sen embargo por separalos, e o mozo veuse conducido cara a unha das xanelas pola que penetraba o resplandor que inesperadamente principiara a iluminar o interior do edificio. Decatouse axiña do que se trataba, porque, aínda que nunca tivera ocasión de presencialo, escoitara falar moitas veces daquel insólito feito.

Cando, despois de abrigarse, chegou ó exterior, malia a terrible friaxe e o aire que soplaba, ficou admirado ó ollar aqueles veus de luz que, de xeito sorprendentemente discontinuo, remexían na altura, como se tivesen vida, ou quizais mexidos

dunha a outra banda do firmamento por un vento producido polas áas da aguia do xigante Hraesverlgr, ocultando ou revelando por momentos a xélida escuridade e as estrelas da noite. Era como un feixe luminoso, de formas e intensidade que mutaban con rapidez, amosándolles a baía, as fragas, os brancos outeiros do contorno, a neve do chan, e a eles mesmos. Cortinas, doubles ou triples, formas nubulares, camiños marcados no ceo, ou frechas de luz, movíanse sen acougo no alto, como conducidos por unha invisible e poderosa man (22).

Cando a forte impresión que aquel remuíño de refoladas e de escintileos causara en todos principiaba a se esvaír, e os corpos acusaban xa os efectos da xélida temperatura, veuna de novo. Estaba alí, non lonxe del, cuberta de peles, aparentando ensumida na contemplación da escena, mais pendiente aínda del. Tímidamente, dominado pola inseguridade, fóiselle achegando. As luces do norte estábanlle a iluminar a súa vermella cabeleira e as marxas da súa face con profusión de matices, xa non só da color do mel. Advertíu que lle sorría.

-Aínda non me aclaraches que é o que comentan de min Gardar e a súa muller -foi o único que se lle ocorreu dicir.

Rauda soltou unha breve e nervosa gargallada.

-Considérote o suficientemente agudo como para adeviñalo - contestoulle- Non necesitas que cho diga.

-Xa -comentou el, máis dono xa de si. Logo fixo un aceno en dirección ó alto- Algúns afirman que estas luces producen algo así como un débil son susurrante.

Gardaron silencio un intre.

-Non consigo escoitar nada, "Folt Buide" -comentou ela.

-Tampouco lle quixeches explicar nunca a ninguén porque os "papar" se xuntan en grupos de "doce máis un", e non de trece.

Esta vez ela ríu con auténticas ganas. Logo recitoulle:

Un grupo de homes que vivan connigo

e que lle pregunen a Deus,

homes de ben, de mente humilde...

Direiche o seu número:

Catro filas de a tres, ou tres filas de a catro,
para levar o psalterio;

seis para pregar no muro sur,

e seis no do norte.

De dous en dous, a miña ducia de amigos...

"Non hai ningún misterio nesa expresión -explicoulle despois, deixando en suspenso o final da composición- senón que se trata nada máis que dun símbolo. Aínda que non o creas o mundo é pura simboloxía. Nada máis que a natureza é real e concreta. E para os eremitas o doce representa ós apóstolos de Cristo.

-E o un, claro está, ó propio Cristo.

-Si, e non.

-¿Si, e non?... -repetíu el admirado- ¿Como pode haber algo que poida ser si, e non ó mesmo tempo?.

-Quero dicir que "si" simboliza a Cristo, mais que "non" é el. Nas nosas comunidades e nos nosos mosteiros o número un correspóndelle sempre ó abade, ó que consideramos unha represen-

tación súa, non ó propio Cristo.

Nattfari ficou un tanto desconcertado polo razonamento. Os irlandeses principiaban a parecerlle unha xente un tanto especial. Vían todo dun xeito diferente, aínda que non puidese dicir por iso que equivocado. O cal significaba que debía de medir moito as súas palabras se pretendía chegar a se entender con eles.

-¿E o tres? -teimou despois- Teu irmán cre que simboliza ó voso deus.

-Si, e non.

-¿Tamén nunha cousa como esta?.

-Tamén -aseguroulle ela- Mais é bastante doado de entender. Por que, por moito que se diga, non hai nada que non teña máis que unha única explicación. Vos mesmos afirmades que Odín, ademais de creador, é o deus tamén do coñecemento, da guerra e da xusticia. Do mesmo xeito, o tres pode simbolizar tanto os elementos da natureza: a terra, a auga e o aire, como as tres dimensións das cousas, así como as distintas manifestacións de Deus. Mais o tres representa tamén a solución ó dualismo.

-¿O dualismo? -repetiu el, cun turbillón xa na cabeza.

-Si, o dualismo. Xa sabes, cousas ou principios opostos, como os que xa ten comentado o "tullir": a vida e a morte, o respecto e a ofensa, a razón e a forza, a paz e a guerra... Con base a el, a maioría dos pobos pensan que todo se reduce a unha alternativa, ou unha confrontación entre dúas cousas, a maioría das veces entre o ben e o mal. Mais os irlandeses sabemos que

non é así.

-¿Ah, non?...

-Non -afirmou, negando, ela.

Nattfari revirouse, deixando de contemplar as luces.

-¿E por que será que non me sorprende?... -comentou- ¿Trátase doutra argumentación, como esa do sí e do non?... Mira, Rauda, ata un home tan simple coma min pode decatarse de que entre o afecto e o odio pódese dar a situación intermedia da indiferencia, ou mesmo que entre estar aquí ou estar alá, hai outros lugares onde un se poida atopar. Mais, ¿qué outra posibilidade pode darse, segundo se me ocorre agora, entre acendido e apagado, moverse ou estar quieto...?.

-¿De verdade que non o sabes?.

-Por, favor, non me contestes con outra pregunta.

Rauda volveu a rir, divertida. Logo respondeulle:

-Saberíalo se te detiveses a pensalo. Por que, fronte a calquera feito, mesmo diante da máis perfecta das dualidades, Nattfari, está sempre o ser humano. Nós somos a única criatura vivinte que ten a capacidade de decidir, de tomar un ou outro camiño. Podémonos mover ou estar quietos, procurar comida, ou agardar que nos caia do ceo, defendernos, ou deixar que nos maten... Pois ben, ese poder de decisión ou de elección é o que para nós representa o número tres.

Separou lixeiramente unha das peles que cubrían a súa veste. As luces do ceo, xa a remitir, iluminaban aínda o suficiente como para permitirlle ver de novo aquel estrano bordado, tan parecido ós deseños que adoitaba facer Kraka, "O Corvo": un

xeito de roda con raios curvos. Tres rexos raios curvos.

Inmediatamente despois a escuridade señoreaba de novo a noite ártica. Cantos se atopaban no exterior do edificio comezaron a verse xa case nada máis que como sombras. E volveron a advertir en toda a súa intensidade o frío que os mortificaba. Esmoreceran definitivamente as luces e o espectáculo. Mais, con eles desapareceu tamén ela. Esvaeuse case que sen que se puidese decatar. Nattfari non a volveu ver ata que estiveron de novo no interior do refuxio, mentres principiaba cada un a buscarlle unha explicación, ou a evocar lembranzas relacionadas co misterio que acababan de presenciar. Rauda sentárase onda a esposa de Gardar, e permanecía envolta no fusco das sombras, que non acertaban a escorrentar por completo o lume da lareira nin os fachicos acendidos das trabes. Non soupo dicir se aínda seguía a procuralo coa ollada.

Deran conta xa de dúas das ovellas que trouxeran das Faeröe, e as demáis, así como a que lle colleran ós "papar", tiñan os días contados. O resto da dieta consistía en papas de cebada, peixe, principalmente peixe, e guisantes. Os allos e as cebolas, así como os froitos das arandeiras e das sorveiras que conseguí-

ran apanhar, foran xa esgotados. Mais, a pesar das escasas horas de luz coas que contaban naquel momento, non tiñan excesivo tempo para o lecer. O sol asomaba nada máis que uns momentos cada día, arrente o horizonte do sur, antes de se volver a ocultar, dándolles a penas tempo para realizar algunhas pequenas actividades no exterior.

Nun lugar tan reducido como aquel edificio, no que resultaba imposible non atoparse uns cos outros dun xeito case que continuo, se non había que facer, inventábase. Esta era a máxima preocupación de Gardar. O lecer e a nugalla eran moi malos conselleiros. A causa disto nunca se interromperon as tarefas de pesca, a corta de leña, as batidas cos cans á procura dunha caza naquel momento case que inexistente; ou practicábanse as loitas, as competicións de esquí ou de trineos, o tiro co arco, e continuaba a baterse o ferro na zafra.

A presenza dun fato de mulleres novas non supuxo ningún especial problema. Eran todas elas servas do "hersir", o que as situaba baixo a súa protección. E este advertira a todos, antes xa da partida, que serían elas as que debían escoller quen podía ser obxecto das suas atencións.

Mais Gardar, tiña, outra adicional preocupación. Día tras día penetraba no alpendre que os cubría e facíalle a preceptiva visita ó seu querido "Kranich" e ós botes. Comtemplábaos longamente, imaxinando quizais novas e excepcionais singraduras, e inspeccionaba con meticulosidade o seu calafateado e o seu pintado.

Despois daquela noite, Rauda xa non volveu á ferrería. Era como se deliberadamente o estivese a evitar. Se tiña algo que lle dicir ó seu irmán, facíao no interior da casa. Nunca máis volveron estar ela e Nattfari sós, tan próximos un ó outro. Nunca, ata un día, a finais xa do inverno.

Nesta ocasión coincidiron no momento no que el se encamiñaba ó baño de vapor, e saía ela del, xunto con outra das mulleres. Ia lixeira de roupa polo que Nattfari puido comprobar o cambio que na súa anatomía se producira nos últimos meses. Era xa case que tan alta coma el, ancheara, e, baixo a blusa, advertíanselle os seos.

Mais o seu xeito de ollar seguía a ser o mesmo que lembraba daquela noite.

-¿Que anos tes?.

-¿Para que o queres saber?- preguntoulle ela á súa vez.

-Xa está ahí a irlandesa...

-E que o son. E se nos coñeceses saberías que unha cousa así non se lle pregunta nunca a unha muller. Mais, para que vexas que, como irlandesa, son capaz de comprender que haxa quen non pense coma min, xa que existen moitos xeitos de ver e de entender as cousas, e ata que non hai nada que deba de ser tomado demasiado en serio, direiche que ando xa nos dezaseis. E o meu

irmán nos trece.

Isto aconteceu no mesmo día no que Gardar anunciou que Helga, a súa esposa, estaba encinta. Todo un acontecemento, merecedor da máis grande das ledicias. Mais o "hersir" acalou de inmediato os berros de felicitación da concorrencia advertíndolles:

-Isto significa que, a penas chegue a primavera, iniciaremos o retorno ó Wiken. E farémolo aínda que sexa a forza de remos. Quero que o meu fillo naza alí.

Días despois, apareceu unha enorme cantidade de masas de xeo á deriva ó longo de todo o Skjálfandi, procedentes sen dúbida de alta mar, dándolle un aspecto desusadamente nórdico e remoto. O frío fíxose máis intenso, se cadra, e o resto das ovellas e o carneiro acabaron por seren sacrificados para incrementar a dieta. Salvouse nada máis que unha das ovellas por atoparse tamén ela preñada.

Mais houbo algo que chamou poderosamente a atención de Nattfari. Un daqueles blocos era enormemente grande e elevado, intensamente branco, destacando sobre todos os demais pola súa forma e polo seu tamaño. En realidade asemellábase a unha illa bicuda, de configuración un tanto irregular, que contaba con

grutas e covas, dende distancia dende a que o observaba de cores aparentemente azuladas. Estaba varada a unha grande distancia da terra, como se tivese tocado fondo. Nalgún momento, ó pegarlle o sol, brillou con escintileos como os dun cristal.

A' hora do xantar, Rauda achegouse a el.

-Esta mañá vin como ollabas o témpano de xeo -díxolle.

Nattfari asentíu.

-¿E que conclusión tiraches?.

-Considérote o suficientemente aguda como para adeviñalo, "Raud stúlk", "Moza do pelo roxo" -respondeulle el- Non debería de ser necesario que cho dixese. Mais se o que queres é que che regale os oídos, direiche que, despois de contemplalo, xa non abrigo ningunha clase de dúbidas sobre a viaxe dese voso home santo Brendan, nin de canto nos contaches acerca dela.

O inverno estaba a piques xa de rematar. Mais, lonxe de aquecer o tempo, unha mañá atopáronse coa sorpresa de que tanto o regato como a enorme baía estaban completamente xeados. E o témpano que uns días antes merecera a atención de todos, converterase nun sorprendente e destacado outeiro no medio da conxelada superficie que cobría o Skjálfandi.

Faltoulles tempo para saltar sobre esta e comprobar a súa rexistencia. E cando se convenceron de que era o suficiente

grosa, organizaron de inmediato unha partida de "sopplierkr", un xogo de pelota moi semellante ó que xa tiñan practicado noutras ocasións, pero posible nada máis que sobre o xeo, xa que para xogalo era necesario patinar.

Aquela mesma noite, mentras departían arredor do lume, advertiron de novo amostras de inquedaanza nos cans. "Bu" era o que máis remexía, achegándose á porta ou ás xanelas, a uliscar o aire. Ata que chegou un intre no que non puido ser xa contido. Evidentemente non podía tratarse doutra luz do norte. Non se apreciaba ningunha clase de escintileo fóra. E os cans estaban xa afeitos a elas, polo que tiña que ser outra cousa o que daquela xeito os alteraba.

Un rumor impreciso, se ben que próximo, acompañado polos beos da ovella, alertáronos definitivamente. A penas aberta unha das portas, os cans precipitáronse fóra. escoitábase un remexer e uns gruñidos que non podían proceder nin dos pequenos raposos que había nos arredores, nin dos lobos, da existencia dos cales non tiñan sequera probas.

A luz dos fahicos iluminou de repente unha masa peluda, branca e inmensa, que remexía tratando de derrubar as febles paredes da corte. Cada movemento seu facía tremelar uns músculos poderosos, ocultos baixo a grosa pel. Os cans cercárono amenzaantes. Un manotazo do animal guindou a un deles contra a parede da casa, ó pé da que quedou engruñado a se queixar con mágoa. "Bu" e o outro seguirono a acirrar, se ben que mantendo a distancia, avanzando ou recuando, segundo fosen os movementos do enemigo.

Varios homes votaron entón man dos seus coitelos dispostos a dar conta del. Tratábase dun oso branco. Un ser perigoso e temible, que algúns xa cazaran. Mais Gardar detívooos cunha orde seca. Non quería riscos innecesarios. O animal foi abatido a frechazos, e rematado despois no chan cos machados de combate. Nel, logo da derradeira boquexada, ficou teso, mentres o seu sangue manchaba de vermello a neve.

Mantivéronse á espreita o resto da noite, pendentos de calquera ruído e do máis lene rumor que se producisen no exterior, por se se atopaba perto a parella de aquel ou algún outro oso, mentres atendían o can ferido. O animal parecía ter posibilidade de se recuperar, e lambía agradecido as mans que o coidaban. Mais a pregunta que se facían todos era de onde podería vir aquel exemplar. Non viran ningunha pegada desta clase de animais en todo o tempo que alí levaban, polo que estaban convencidos de que non debía de habelos, o mesmo que tampouco había alí lobos, réptiles, formigas, ras, grullas, nin morcegos. O feito de que ningún outro oso fixese acto de presenza tanto naquela noite coma nos días que a seguiron, fíxolles supór que o que acababan de abatir debía ter chegado alí sobre algún daqueles xeos á deriva, procedente, tal vez, daquela lonxana ribeira enxergada dende o alto do promontorio do noroeste, ó pé do que se detiveran a principios do verán anterior.

O inexplicable visitante, sen embargo, proporcionoulles carne, xamóns, e unha excelente pel de abrigo (23).

Cando Atli corría a pór da pelota, a superficie renxeu baixo os seus pes. Lañouse rápidamente o xeo, e antes de que tivese tempo de recuar, foi engulido polo buraco. O piloto principiouno a chapotear, dando berros, ó tempo que se esforzaba por gañar a capa firme. Mais, cada intento non servíu para outra cousa que para agrandar aquel. Logo da sorpresa inicial, os demais correron a terra firme e trataron de lle largar un cabo.

Mais ningún tiña forza suficiente para facelo chegar tan lonxe. Colleu este entón Nattfari, e principiouno a atalo á cintura.

-¿Estás tolo? -dixéronlle- Afundiraste tí tamén. O xeo está xa demasiado cuarteado para que te poida soste.

-Se me afundo, tirade da corda -díxolles- Mais deixade que me achegue a el. Se o consigo coller antes de que quede teso poderedes sacarnos ós dous.

Tanteou a superficie por un punto distinto, e foise aproximando ó lugar no que o piloto esmorecía xa nos seus esforzos, no medio da ollada espectante dos demais.

Perto xa del abríuse tamén o xeo baixo os os seus pés e afundiuse. Mais Nattfari debía de ter pensado xa nesta eventualidade posto que, sen se apoucar, desfixo de inmediato a patadas a capa que aínda o separaba do piloto, e, nadando despois cara a

el, colleuno polas costas e por debaixo dos brazos. Entón, os demáis, tiraron do cabo con todas as súas forzas. E aínda que de novo rachou unha parte do xeo, acabaron por conseguir subilos sobre el, e conducilos despois á ribeira.

O único que lembrou Nattfari de canto aconteceu nese momento foi a manta que os brazos de Rauda votaron sobre el, e a súa voz pregándolle que tirara de riba a súa mollada roupa e que entrara na casa.

Instantes despois tanto el como Atli estaban a recibir unhas enérxicas fretas ó pe da lareira. E aínda que a todos lle pareceu cáse que un milagre, ambos acabaron por reaccionar.

-Sei porque nos salvamos -comentou o piloto- Estabamos a suar. E isto axudounos a manter o corpo fóra da acción da friaxe.

Gardar non se gardou de loubar acción de Nattfari.

-Aquel que arrisca a súa vida por outro, é un home digno da mellor das condicións.

E todos souperon o que con aquelas palabras quixera significar.

Nattfari permaneceu en silencio, sentindo de novo chantada nel a ollada de Rauda.

Algo ocultou o sol que penetraba a cachón pola porta, escurecendo o interior do alpendre. Era ela. Aproximárase en silencio, sen que a advertira, aproveitando que estaba só. Detívose na soleira.

-Os días van sendo cada vez máis longos, e o sol aquece xa bastante -comentou- As flores da herba paxareira anuncian a fin do inverno. Está a desaparecer a neve dos outeiros, e os ríos veñen medrados a causa do desxeo. Nin sequera pode ser ocultado o embarazo da esposa do "hersir", nin o das outras dúas raparigas... Dun momento a outro iniciaremos o retorno á túa terra.

Nattfari fixo un aceno de asentimento. Logo comentou:

-Fixemos algo importante. E levamos información abonda para cantos precisen saber dun lugar no que poderen vivir libres.

A irlandesa achegouse á zafra.

-Non és libre porque non queres -espetoulle.

-¿A que ven iso agora?. Nacín na casa do pai de Gardar.

-Mais sabes que este daríache a liberdade nada máis que con que lla pidas.

-Supoño que si... Sei que si... -dubidou el, reafirmándose ó mesmo tempo- Estou seguro de que si...

A rapaza seguía a ollalo con fixeza. Mais esta vez non había risa nin bulra nas súas pupilas, senón algo moito máis grande e profundo.

-¿Non che gustaría ter casa e familia propias?.

O macico bateu nunha esquina da zafra e estivo a piques de írselle das mans.

-Rauda, Rauda... ¿Qué é o que estás a tratar de me dicir?.

-!Ahí, xa non somos só os irlandeses os que temos o costume. Tamén vós sabedes contestar con outra pregunta... Sábelo perfectamente, Nattfari. Hai cousas que non é necesario que se digan para que se saiban. Ti és un home de ben. Sábeno todos... Non o hai mellor... Quero ser a túa esposa, Nattfari... ter fillos teus, e que estes sexan libres... Mais iso pasa por que renunciés a volver ó Wiken. Hai moitos lugares axeitados para vivir nesta terra. Nesta mesma baía, ou nalgunha das que deixamos atrás, se che gustaron máis. Iso é algo que poderás pensar con máis vagar. O que si terás que decidir axiña é se queres quedar ou non. Porque, se nos imos agora seguiremos a depender para sempre das necesidades dos amos. E nunca poderemos dispor de nós. Por moito que nos queiran ou nos aprecien, continuaremos a ser os seus servos.

Como por un acaso, a súa man rozou lixeiramente o bordado da vestimenta. Nattfari sabía agora que o que alí estaba representado, aquel xeito de roda con tres raios, era unha aportación cultural chegada a Irlanda da man dunhas xentes procedentes dunha terra situada ó sur da mesma, a nove días de mar. Mais, aínda que se gardara de decírllo con palabras, co aceno Rauda estába-lle a indicar que chegara o intre no que, como ser humano, debía de facer uso da súa capacidade para decidir.

Tal como pensara, atopou ó "hersir" a inspeccionar os últimos retoques que lle estaban a ser dados ó "Kranich", antes de ser devolto ó mar. Nattfari fixo provisión de todo o valor que precisaba.

-Necesito pedirche algo, señor.

O sueco virouse cara a el, e fitouno con marcado interese.

-Quixera poder quedar aquí... -tatexou, finalmente, o ferreiro.

A face de Gardar adquiriu unha expresión de auténtica sorpresa.

-¿En Húsavik?... ¿Estás tolo? ¿E que ías facer, só, nun lugar como este? Non poderías sobrevivir sequera ó inverno.

-Só, non... Quixera tamén que me deses a Rauda e o seu irmán. Xuntos poderíamos construír unha granxa e unha familia. Hai medios de sobra neste lugar para conseguilo. E cando cheguen os que veñan despois, estaríamos xa debidamente instalados.

-Entón sodes tres os tolos. Eu pensaba que o que pretendías era conseguir terras no Wiken... Podes contar con elas, dende logo, e tamén con eses dous escravos. O teu pai foi un grande servidor, tanto meu coma do meu propio pai, Nattfari. E a ti sempre te considerarei case que como un membro da familia, como xa che teño dito máis dunha vez. E é precisamente por iso que non podo autorizar a que te quedes.

-Esas son nada máis que palabras, señor.

-Non tal, Nattfari. Quérote axudar. Mais non a que te afundas. Douche esa rapaza, se tanto che gusta, aínda que non sexa

filla de ningún rei. E és un home libre dende hai xa moito tempo. Para min sempre o foches. Levas, tamén de sempre, cabelos longos, e o teu propio nome é o dun ser libre. Mais non podo consentir que pretendas enterrarte en vida. Pídeme calquera outra cousa. Mesmo que che axude máis tarde a que vos veñades instalar neste lugar, se tanto vos gustou, unha vez que dean principio os asentamentos. Mais, iso outro, non.

-Témolo xa todo pensado, Gardar. Non precisamos máis nada que o bote pequeno e a ovella preñada.

-¿E con que ías facer, ou reparar, a casa e o propio bote, cando se faga necesario? ¿Coas mans?... Precisaríades ferramentas, sementes...

-Estamos dispostos a quedar, mesmo sen elas.

-Sabes que nunca consentiría unha cousa así.

-Gracias, señor.

-Aínda non che dixen que si... !Odín me valaí. ¿Qué clase de tolemia é esta?.

-¿Que che custa, señor?. A' túa esposa quedaríanlle aínda cinco mulleres para atendela.

-¿Pretendes que se produza un motín?. Témome que non fósedes vós os únicos que quixesen quedar. ¿Como podería xustificar un privilexio como o que me pides? Necesito a tripulación completa para chegar ó Wiken o antes posible.

Nattfari sorreu, complacido.

-Estou seguro de que, se realmente me queres axudar, serás quen de solucionalo, señor.

Perderan moito tempo. Ninguén parecía quen de se explicar como era posible que se tardase tanto en valeirar unha casa que case que non contiña nada. Ou, polo menos, así llo parecera. Remataron despois do mediodía. Dende o "Kranich", Gardar aburaba intranquilo para que se desen presa. Non quería que a noite os collese antes de atopar un lugar axeitado para fondear. Estaba avanzada xa a primavera, e víanse flores nas abas do outeiro, rosadas as das arandeiras, brancas as das sorveiras, verdes ou bermellas as dos bidueiros. Mais, aínda que xa case que non había noite, o vento seguía a ser contrario e excesivamente rexo. Resultaba impredecible calcular a velocidade á que ían poder navegar en circunstancias como aquela.

O bote pequeno fora subido xa a bordo. Nattfari tornou co outro, por última vez, a terra, a recoller a ovella e os dous escravos, xunto coas súas últimas pertencias.

Cando iniciou a volta, o "Kranich" esbaraba xá ó compás do remar. Dende a amura foille largado un cabo, que amarrou no remate da roda para que os remolcara.

O "knorr" enfiou cara ó norte, logo de domear o pequeno cabo, avanzando maxestoso e sereo por aquelas familiares augas. A cativa abra, o edificio que os albergara durante aquela longa invernia, a chan e a cativa fraga que o arrodeaban, testemuñas

da irreplicable experiencia que acababan de protagonizar, foron quedando ocultos detrás daquel. Impensadamente, perdida xa de vista Húsavik, saltou o amarre. O bote quedou solto e foi afastado da nave. A forza do vento e a corrente levábano cara á outra banda da baía.

Oculto ós ollos dos remeiros e da tripulación pola tenda montada na plataforma da popa, o feito tardou en ser advertido. Foron os ladridos de "Bu" dende a amura os que chamaron a atención de todos. E foron moitos os brazos que entón deixaron de turrar do remo para sinalar o xa lonxano bote.

Mais non por iso se detivo o "knorr". Tanto Gardar como Atli, situados ó pe do leme, preferiron ignorar o feito, e ordenaron que continuase a boga. "Bu" chimpou entón ó mar e principiou a nadar cara á chalupa. Os outros dous animais tiveron que ser contidos.

Stein, o "thulir", aproximouse entón ó "hersir".

- "O camiño á casa do amigo -recitou- resulta curto, aínda que viva lonxe".

- Eles así o quixeron, Stein -limitouse a dicir Gardar, aparentemente atento nada máis que á marcha da embarcación- Mais espero e desexo que consigan sobrevivir.

RAUDA

"Bu" foi subido a bordo e mollou a todos ó sacudir a auga que impregnara a súa pelaxe. Nattfari e Vestur continuaron, sen embargo, a mover os remos tratando de se dirixir á outra banda da baía. A babor advertíase a dilatada chaira meridional, naquel momento medio alagada pola chea que producira o desxeo.

Aquela fora, nun principio, a parte que máis atraíra a Nattfari. Fixérao posiblemente dende o mesmo momento no que a contemplara dende o alto do outeiro próximo a Húsavik. Era ampla e dilatada, e estaba cuberta de árbores e de pastos, amosando extensos lugares aptos para os cultivos. Mais xa non lle agradara tanto cando a visitara á procura da turba que precisara para conseguir ferro. Naquela visita advertira as moitas brañas que nela había, o que a convertía nun lugar bastante insalubre. E o asolagamento que estaba a padecer naquel momento rematara de convencelo do pouco conveniente que podía resultar instalarse alí.

Rauda estivo conforme en procurar un lugar máis axeitado ó pé dos elevados outeiros da outra banda, onde medraban as fragas e nos que había herba abonda.

"Bu" distraeunos cun ladrido de advertencia. Unha foca acababa de asomar os fuciños moi perto deles. Mais, logo de os observar un intre cos seus ollos de limitado alcance, mergullouse a toda presa. Remexían sobre as súas cabezas as anduriñas brancas, as gaivotas, os araos, as lavandeiras, os malvises, as cotovías e os petreis, e sobre as augas, nadaban palmípedas e mascatos en número case que incontable, lembrándolles, quizáis, que eles ían ser, por moito tempo, os seus únicos veciños.

Un novo ladrido advertíulles que a foca volvera á superficie. Estaba algo máis lonxe, e a súa aparición escorrentou a unha boa cantidade de aves próximas.

Continuaron a remar. O fondo, por detrás da serena face de Rauda, sentada na popa, Nattfari e Vestur podían contemplar como o "Kranich" continuaba a avanzar cara ó norte, tan lonxe xa que non podían distinguir as cores branca e vermella do seu casco.

O lugar que procuraban atopábase ó pe dos acantilados, nunha vagoada entre o grande outeiro situado na foz do río, e a montaña que se observaba detrás. Formaba unha cativa baía, na que desembocaban dous regatos. Era moito máis reducida e menos cómoda ca de Húsavik, pero estaba protexida en parte por un pequeno illó.

Mais non tomaron terra alí. Os acantilados e a altura das beiras dos regatos fixéronos dubidar da súa conveniencia. Unhas brazas máis ó norte víase outra inflexión semellante, que contaba con outro regato, unha cativa praia, e outro illó que a

cobría das nortadas. A encosta era tamén moito máis suave.

Naquel punto foi onde desembarcaron as súas pertencias.

Unha chata nada máis lle atoparon ó lugar. Case que non daba nel o sol pola tarde. O astro do día estaba naquel momento oculto xa detrás da montaña, mentres seguía a pegar aínda en Húsavik e en toda a banda oriental da baía. Pola contra, recibiría toda a forza dos seus raios dende o mesmo alborexar, mentres que o feito de que se atopara a sotavento protexeríalos dos fríos aires do norte e do oeste.

Rauda virouse entón cara a el radiante:

Dame, señor, unha casa nun lugar solitario,
para convertila na miña morada,
cunha agradable fraga ó seu arredor
que a protexa do vento,
para facela fogar de paxaros que cantan
por unha e outra partes.

Unha orientación ó sur para ter calor,
un regato ós seus pés,
e unha pradería fresca e verde, con boa terra,
que sexa axeitada para todos os froitos.

Nattfari agradeceulle cun sorriso aquelas palabras. Parecían pensadas para un lugar como aquel. E aínda que ela nada lle dixo sabía que procedían dalgún poema dos seus homes santos. ¿Que cousa podería haber na que os irlandeses non tivesen pensado antes?. Un aceno dela fíxo que se virase rapidamente. Rauda estaba a sinalar cara ó extremo oriental do Skjálfandi. O sol

seguía a bater aínda nel, o que lles permitiu distinguir con toda a nidieza como o "Kranich" domeaba naquel momento a súa punta e desaparecía despois detrás, deixando orfa e vacía a superficie mariña. Con el íanse, quizais para sempre, aqueles que foran os seus compañeiros naquela longa e increíble vivencia. A partir daquel momento ficaban completamente sós, e abandonados ós seus recursos.

-Non volverán- comentou Rauda, sen dúbida adeviñando o seu pensamento- A señora non facía máis que falar das doces chairas e dos suaves outeiros do Wiken, dos seus aquecedores veráns e das festas que organizaba os días das asembleas. Entusiasmábase só de lembrar as visitas dos comerciantes, levándolle teas, roupas, arrecendos de afastadas terras, ou os mil outros produtos dos que tanto gusta. Ou pouco coñezo eu á xente, ou Gardar non conseguirá convencela nunca de cambiar aquilo por isto, por difíciles que se lle cheguen a pór alí as cousas.

Nattfari non soupo que contestar. A ovella triscaba xa na herba, baixo a ollada atenta de "Bu". E facía bastante fresco. O seu caso era outro. El elixira voluntariamente. E o motivo que o acabara de decidir tiña ó seu fronte. Era de cabelos cobrizos, doce ollar, e unha calada promesa de futuro nos beizos. Pensaba, sen embargo, que pagara a pena a elección. Mais debía de ser realista e non se enganar. Ela, o seu irmán, e el, eran, naquel momento, a non ser os contados "papar" que a puidesen habitar nas súas ribeiras do sudeste, os únicos seres humanos que había naquela inmensa illa.

Vestur procedía xa a armar a tenda na que debían pasar a noite.

Nattfari reaxiu axiña e procedeu a coller garabullos secos do chan e a cortar algunhas polas para acender lume, mentres Rauda dispuña a súa primeira cea coas provisións que levaban. Un berro de ledicia escapou entón dos seus beizos. Unha pequena bolboreta branca revolexaba naquel intre en torno a ela cos seus movementos intermitentes e constantemente cambiantes.

O ferreiro sorreiu complacido. Si que resultaba sorprendente a presenza dunha bolboreta tan ceda. Non podía pedir un agoiro mellor para escomenzar a nova vida.

Algo debeu de lle dicir polo baixo na súa fala, porque Vestur nin sequera fixo intención de entrar na tenda. Tomou o seu saco e buscou para se deitar un lugar ó pé das sorveiras onde atara a ovella. "Bu" acochouse de inmediato onda el.

Cando Nattfari entrou naquela, veu que estaba xa disposto o leito. Rauda adoviárase a cabeza cunha coroa de flores e agardábao sorrinte, sen ocultar os sentimentos que a dominaban.

Colleulle as mans. Estaban entebecidas.

-Penso que foi unha sorte que "Bu" quixese quedar con nós - comentou ela, nervosa- Alertaranos dos perigos e axudaranos a cazar raposos, cos que poderemos facer abrigos e roupa de inverno.

Nattfari fixo un aceno. Considerara de sempre a aquela muller como un ser dificilmente abordable, e custáballe afacerse á idea de que era real que se atopase alí, sumisa, e a agardar por el.

-O principal e máis inmediato é erguer a casa -comentou- Serviranos de moito o que aprendimos coa de Húsavik. Mañá mesmo buscaremos o lugar máis axeitado. Mais tampouco deberemos de esquecer a conveniencia de nos procurar alimentos. Nos acantillados debe de haber xa miles de ovos. Os das anduriñas son os máis sabrosos de todos. E sei facer trampas para os patos. Contamos tamén con pesca dabondo, tanto na baía como nos regatos, nos que debe de haber troitas e anguilas. Este é, ademais, o momento no que os salmóns remontan o río para desovar. O cal significa, Rauda, que non imos ter un intre de acougo ata que chege o inverno.

-Haberá tempo tamén para nós -comentou ela- Xa o verás. E eu axudareite en todo. Floreceron xa as bidueiras, e unha boa parte das sorveiras e das arandeiras. Tamén eu deprendín moito no tempo que estivemos en Húsavik. Sei que cos seus froitos, ademais de compota e xelatina, pódese facer un licor capaz de escorrentar o frío (24); as ortigas serven tamén para tecer. E as abellas...

El púxolle os dedos nos beizos.

Rauda tratou de conter o riso, e despois amosoulle uns envoltorios.

-Non cho quixen dicir -comentou, incapaz de deter xa a súa

locuacidade- Son sementes de cebada, avea e centeo. Deumas a señora. Servirános para comezar. En Irlanda utilizamos o argazo como esterco, e aquí hai moito nas praias.

Nattfari bicoulle as mans.

-¿Que faría eu sen ti?.

-Tamén lle poremos nome a este lugar -dixo ela entón, mudando de conversa, como se dun divertimento se tratara- Chamáremolo Nattfaravik*.

El volveu a rir, esta vez con ganas.

-Penso que foi unha grande sorte que ollases para min cando aquel recitado có "thulir"... Foi entón cando realmente me din conta de que existías.

-Pois eu xa me fixara en ti moito antes. Antes mesmo daquela ocasión na que me axudaras a baixar a terra... Si, cando nos detivemos ó pé daquel cabo ó que despois agabeaches.

Nattfari ficou sorprendido. Non lembraba semellante deferencia pola súa parte. Mais felicítouse de obrar do xeito que o fixera.

-Sentínme orgullosa cando te botaches ó mar para salvar ó piloto -engadíu- Pero non puiden evitar chorar, porque crín que te perdía.

Apretouna contra el. A coroa de flores esmagouse e desfíxoselle en parte, aínda que permaneceu sobre os seus cabelos.

-¿É isto o que en Irlanda chamades a verdade que sae do corazón?.

Ela saloucou, incapaz de contestar.

-Temos moitas posibilidades de refacer aquí a nosa vida,

Rauda. Mais convén que nos decatemos xa dende agora de que estas pasan a través da ovella. Debemos de coidala. Non sabemos cando poderemos conseguir outra. Observarías que está moi gorda. É fácil que teña polo menos dúas crías. Mais debemos pedir que unha delas sexa un carneiro. Só así poderemos conseguir un rabaño o suficientemente numeroso que nos asegure leite, carne e la. O "thulir" díxome que estes animais viven entre doce e quince anos, e que as femias poden empreñar pouco despois de cumprir o primeiro, mentres que os machos necesitan case que dous para acadar a súa madurez sexual.

-O cal significa que non poderemos pensar en comer a súa carne antes de que pasen tres ou catro anos -ríu agora ela, dona xa de si de novo.

El ficou como abraiado, gañado pola gracia e a dozura da súa voz.

-Teremos tamén moitos fillos, se os deuses nolo permiten - comentou- E ti falaraslle das chairas, dos ríos e dos lagos de Irlanda, ou referiráslle historias acerca dos vosos heroes e dos vosos incomparables guerreiros "fiannas"*, leais, valentes e xenerosos como ninguén.

-Terémolos, Nattfari. E serán metade noruegueses e metade irlandeses. Fareinos coñecedores do pouco que sobre Cristo sei, e non me vou a opor a que ti lles refiras tamén as trafulcadas dos vosos "trölls"*, e lles fales da sabedoría e dos consellos de Odín, das maravillas do "walhalla", ou da fermosura dos vosos fiordos.

-Aínda que acabemos por rifar para decidir os nomes que lles poñamos.

-Sería terrible que non aceptases porlle o meu á nosa primeira filla. Eu xa me afixen ó de Rauda, xa que o meu tío, e os meus curmáns, adoitaban chamarme "Ruadh", que é como se dí "Roxa" na nosa fala. Case que igual. Brigit é, ademais, a protectora dos rabaños, do fogar, e dos partos.

Acabaron por rir de novo. Despois ela rebuscou algo que mantivera oculto ata entón, baixo o leito. Unha pequena redoma de vidro.

-En Irlanda, o home unxe sempre á esposa antes de tomala.

-¿Regalo tamén da muller do "hersir"?

Rauda asentíu.

Sen deixar de contemplala, atento á súa expresión e a calquera exteriorización dos debezos que puidese amosar, Nattfari tirou entón a rolla do cativo frasco. O arrecendo impregnou de inmediato a tenda e o interior dos seus propios sentidos. Logo verqueu unhas pingas na man, como preludio ó vello e necesario ritual.

Gardar Svavarsson parteu á procura de Schnaeland seguindo as indicacións da súa nai, unha vidente. Alcanzou terra firme ó leste do Horn Oriental, onde naqueles días había un fondeadoiro. Despois navegou arredor do territorio e descubriu que era unha illa.

Chegou a un fiordo que chamou Skjálfandi, construindo nel unha casa, na que pasou o inverno, sendo esta a razón

pola que lle deu o nome de Húsavik.

Na primavera, cando estaban listos para emprender a viaxe, rompeuse o cabo do amarre do bote, e este foi arrastrado á deriva levando a bordo a un home chamado Nattfari, xunto cun escravo e unha serva.

Este fíxose un fogar no lugar que, dende entón é coñecido como Nattfaravik, mais Gardar volveu a Noruega e loubou moito a terra que acababa de explorar, á que lle e deu o nome de Gardarsholm, "Illa de Gardar". El foi o pai de Uni, pai á súa vez de Hroar "Boa Língua". Daquela medraban aínda en Islandia as fragas entre as montañas e o mar (25).

Isto aconteceu, segundo consideran os eruditos, nos tempos nos que Harald o da Fermosa Cabeleira, fillo de Halvdan o Negro, era rei do Vestfold; Olaf o Cano, rei de Birka; Sigfred, rei dos daneses; Olaf o Branco, rei de Dublín; Rognvald de Möre, jarl das Orcadas; Ketil Flatnose, jarl das Hébridas; e Nicolás, bispo de Roma. Foi no ano no que Ivar, Halvdan, e Ubbe, fillos de Ragnar Lodbrok, tomaron Londres, York e todo o leste de Inglaterra, e o ano tamén da morte de Ansgar, aquel que predicara o cristianismo e construíu as primeiras igrexas entre os homes do norte. Faltaban aínda uns vinte anos para que Harald o da Fermosa Cabeleira, do que se afirma que viviu oitenta, vencesse na batalla de Hafrsfjord e se convertese no rei de toda Noruega (26).

NEMA LAND *

"Nec Tylensium industria silentio oblitteranda: qui cum ob nativam soli sterilitatem luxuria nutrimentis carentes officia continuae sobrietatis exercent omniaque vitae momenta ad excolendam alienorum operum notitiam conferre soleant, inopiam, ingenio pensant."

"Tampouco se debe relegar ó silencio a laborosidade dos islandeses, os cales, carentes de alimentos sabrosos exercen constantemente a sobriedade e adican todos os momentos da súa vida á colleita de informes sobre outros pobos, compensando coas súas calidades a súa pobreza".

Saxo Gramáticus (1150-1220)
"Gesta danorum"

Por primeira vez en moitos anos, "Bu" abandonou ás orelhas. Afastouse delas, subiu a un penedo próximo ó lugar onde pastaban e dirixiu os ollos ó mar. Fíxoo cara ó norte, mentres mantiña atentas as súas aguzadas orelhas, como se todo canto

puidese importarlle se atopase nesta ocasión naquela dirección, máis alá do reducto que representaba o eido de Nattfaravik.

O propio Nattfari se sorprendeu desta actitude. Björn, o maior dos seus fillos, asubioulle ó animal, aínda que sen resultado.

Había nortada no Skjálfandi. Aumentara o frío primaveral, e nas partes da baía non ocultas pola chuvia e a brétema advertíanse os puntos brancos da xerfa das ondas e dos pequenos témpanos que aínda flotaban no seu interior.

Logo, o rabo de "Bu", habitualmente embrullado sobre si mesmo, estarricouse, e a súa pelaxe ourizouse. Inmediatamente despois, deu un longo ouveo. Un ouveo que a Nattfari lle produciu arrepios, porque lle lembrou a actitude adoptada polo animal o día no que lles nacera o neno morto. Rauda e Bright asomaron á porta da casa, tamén sorprendidas. Vestur e Gunnar, que sachtaban na horta detiveron o seu labor para contemplar a figura do can sobre o penedo.

Non deixaría xa de ouvear este en todo o día e ó longo da noite que seguía a este. A pequena Solvej non puido durmir, e cos seus choros conseguiu que tampouco o fixesen os demais. A inquedaanza apoderouse de todos.

-¿Que pode estar a acontecer? -preguntou Rauda, temerosa.

-Non o sei. Os cans saben ventear a morte. Mais esta vez non parece ser por ningún de nós. Tampouco parece que se trate dalgún outro oso chegado en riba dun témpano. Teremos que estar á espreita.

Pola mañá, sen embargo, "Bu" deixou de ouvear, e acudiu

ledo, e movendo o rabo, onda eles á procura da súa comida. Despois, o mesmo que todos os días, conduciu ás ovellas ó seu pasto, puxando co seu fuciño, tamén como sempre, os añaños que se demoraban.

Dous días máis tarde volveu a ouvear de novo. Nesta ocasión foron breves e espaciadas chamadas, cara á baía. Foi Vestur quen descubriu o motivo. Algo estaba a aboiar nas súas augas.

Faltoulles tempo tanto a el coma a Nattfari para subir ó bote. Björn e Gunnar houberon de quedar en terra por disposición paterna. Eran demasiado nenos aínda. A forza de remos, sorteando as salpicaduras do rizado mar, fóronse aproximando ó descoñecido obxecto. Moito antes de chegar a el advertiron que se trataba dos restos dun barco. Algo máis da metade dun "knorr", medio cuberto polas augas.

Había aínda algúns remos nos toletes, e mantiñase no seu lugar unha parte do mastro. Mais, onda este atopábanse tamén un potro, unha vaca, dous porcos, e varias ovellas e cabirtas. Morreran sen tempo sequera de que as puidesen soltar para que trataran de se salvar pola súa conta. A bordo continuaban, así mesmo, moitos dos vultos coas pertencias dos seus tripulantes. Mais, non eran do "Kranich" aqueles restos, como nun principio chegaran a sospeitar.

Cando abriron aqueles, xa na praia, comprobaron que contiñan armas, roupas, bastimentos e, varias monecas. Rauda limitouse a sinalar estas cun aceno de door. Resultaba evidente que a bordo daquela embarcación houbera nenos. Os ocupantes da mesma por

forza debían de ter chegado alí á procura dun lugar no que se establecer.

Mais, á marxe da terrible traxedia que se abatera sobre aquela xente, o feito amosaba un lado positivo. Por qué parecía indicar que Gardar conseguira chegar con ben ó Wiken, onde as novas por el levadas tiveran a necesaria acollida, e debía de ter dado comezo xa a colonización de Islandia. O feito anunciáballes tamén a inminencia de novas visitas. A partir daquel momento era cuestión nada máis que de tempo que os colonos chegasen a contactar con eles. Significaba o remate do seu longo e, ás veces, desesperado illamento. O fin tamén de tantas carencias e de tantas dificultades tiveran que padecer ó longo daqueles anos.

Durante dous días máis percorreron no bote toda a ribeira occidental. Podía haber aínda superviventes, necesitados de axuda. Mais atoparon tan só os cadáveres de dous homes, esnaquizados contra os acantilados, e o dunha neniña nunha das praias da illa chan onde escomenzaba Skjálfandi. A pequena amosaba unha extrana expresión de calma na face, como se recibira a morte cun sorriso. Fíxoos chorar. Despois pensaron que aquela xente podía terse salvado. Non tiña por que ter perecido. Un erro, ou calquera pequena falta de previsión, deberon ser os culpables de que se visen privados de acadar o debezo de se instalar na terra que alentara a súa ilusión durante aquela longa e inútil travesía.

-E moi pouco probable que haxa homes que poidan igualar a Gardar en capacidade e en prudencia -comentou Nattfari- Ninguén

senón el podería levar a termo unha exploración tan completa como a que fixemos co "Kranich", por lugares tan difíciles e afastados, sen perder sequera un home. Confiemos, emporiso, que as próximas embarcacións que traten de chegar teñan máis sorte ca esta.

Era outro "knorr", cargado de xente, gando e trebellos. Conseguiu superar con ben a entrada da baía, e despois detívose na súa cativa abra ó advertir os sinais que lles estaban a facer dende a ribeira. O seu patrón e varios dos seus homes baixaron a terra.

-Estades en Skjálfandi -explicoulles Nattfari, logo das presentacións, satisfeito de ver xente despois de tantos anos- Aínda que a esta parte dámoslle o nome de Nattfaravik. As miñas propiedades exténdense ata o río que hai na outra banda, onde teño varios alboios. Máis alá está Húsavik, da que seguramente teredes oído falar. Alí foi onde invernou Gardar Svavarson. Teño motivos máis que sobrados para pensar que non vai volver nunca; mais alí está aínda a súa casa, por se algunha vez se decide a facelo.

-Pasei o inverno no fiordo que hai ó oeste de aquí -comentou o recén chegado, sen ocultar o seu desencanto- As mellores terras teñen alí xa dono. E non agardaba que acontecese aquí o

mesmo. Non parece quedar moito onde escoller.

Nattfari sorreu. Algo máis alá, Rauda intentaba iniciar a conversa coas mulleres que se atopaban a bordo. Vestur contemplábaas dende lonxe con curiosidade non exenta de interese.

-Si que o hai -respondeu Nattfari, sinalando o outeiro próximo- O pé del está a foz do Skjálfandafljot. Coñezo toda a súa riveira ata máis alá dunha grande fervenza (27) que hai a uns dous días de camiño. Trátase dun lugar un tanto particular. Cando hai vento do sur, o seu bruar chega a escoitarse mesmo aquí, de xeito especial polas noites. Mais o río está cheo de enormes ínsuas, e nas súas beiras hai pastos, fragas, brañas e mesmo lugares axeitados para sementar. Coñezoo perfectamente. A non ser a súa foz, podedes tomar toda canta terra queirades. Nada máis que habedes de ter en conta unha cousa. Que no desxeo o río adoita alagar toda esta chan.

-O que significa que nos deberemos de instalar, como precaución, nun lugar elevado.

-Contade coa miña axuda -ofreceuse Nattfari, logo de asentir- Seremos bos veciños. Mais dado que os meus fillos son aínda nada máis que uns rapazotes, non podo facer outra cousa que vos emprestar ó meu cuñado Vestur. El pódevos axudar, se o queredes, a escoller un lugar axeitado ás vosas necesidades.

Aquel home foi o primeiro dos que se instalaron nas beiras do Skjálfandafljot, ocupando as terras inmediatas ás de Nattfari. A bordo do seu barco traía, gando, galiñas, gansos, porcos, gatos e cans. Non había máis que escoitar o intercambio de ladridos que naquel intre se estaba a producir entre estes e o

vello "Bu", a remexer pola ribeira, máis excitado que nunca estivera en toda a súa xa longa vida. Nattfari supuxo que tamén debía de traer toda clase de sementes. Acompañábano varios mariñeiros máis, coas súas mulleres, as súas fillas, e algúns cativos. O ideal para iniciar con todos eles un intercambio beneficioso para todos.

Mais portaban tamén novas non demasiado gratas. O cobizoso Harald, o da Ferosa Cabelleira, sometera xa á maior parte dos noruegueses, aínda que o número dos descontentos medrase cada vez máis. De feito eran moitos os que estaban a deixar o país fuxindo, tanto a causa da penuria de lugares axeitados para se acomodar, e do medrío constante da poboación, como da servidume e das arbitrariedades que estaba a cometer o novo soberano. E o mesmo lle estaba a acontecer á xente das Orcadas, as Shetland e as Faerøe, ás que mesmo lles prohibira continuar as súas incursións nos territorios habitados polos nórdicos, aínda que non polos dos cristiáns.

Sorprendentemente para Nattfari, o "jarl" Rögnvald, aquel vello coñecido da súa estadía nas Orcadas, indirecto responsable de que coñecera á que era a súa esposa, volvera ás terras de Möre e Raumsdal para gobernalas no nome do novo rei, despois de recibir o honor de ser el quen lle cortase a súa longa cabeleira, tantos anos inviolada, a causa daquela petulante promesa.

Nesta ocasión tratábase de dúas embarcacións. Un "knorr", e un esbelto "drakarr", cunha roda que cortaba o mar como un coitelo, e unhas amuras das que apenduraba unha abigarrada mestura de escudos de todas as formas e cores. Sorprendente que un barco destas características puidese chegar tan lonxe, a través dun mar e dunha xeografía tan difíciles.

Nattfari gardouse ben de lles facer sinais, advertindo ó mesmo tempo a Rauda e ás rapazas que non se lles ocorrixe avivar o lume.

Algo máis tarde viron como os barcos afundían as súas proas nas areas da barra que ía dunha a outra das foces dos ríos. Tampouco fixeron lume durante a breve noite, aínda que distinguiron á perfección as cacharelas coas que se aquecían en terra os recién chegados.

-Deben de ser perto de cen, entre homes e mulleres -limitouse a dicir Rauda, cunha das súas habituais frases, capaces de máis dunha interpretación.

Ó abrente advertiron unha columna de fume que ascendía das inmediacións da foz do Skjálfandafljot. E ó longo do día observaron outras semellantes, en distintos lugares, que parecían enmarcar un espacio situado entre un e outro ríos.

Ó terceiro día non viron xa as naves no punto no que permaneceran ata entón. Desplazáranse cara ó leste, ata as inmediacións da foz do Reykjá. Nattfari, Vestur, Björn e Gunnar botaron

entón o bote ó mar. Estaba o ceo despexado, e o Skjálfandi era como un espello que reflectía as bandadas de paxaros que riscaban o ceo, ó mesmo tempo que as siluetas das montañas que o abeiraban.

-Irei con vós -decidiu Rauda, achegándose a eles. Levaba nos brazos un año xa destetado.

-¿Estás tola?- díxolle o seu irmán- Non sabemos que clase de xente é esa.

-Por iso mesmo. Non quero que ningún dos meus perda estúpidamente a vida a causa dun simple anaco de terra.

Nattfari observouna en silencio. Tamén nesta ocasión as súas palabras pretendían máis do que parecían dicir. Comprendía á súa esposa. Sempre lles fora ben con todos os veciños, gracias á súa capacidade para se acomodar ás circunstancias e á súa disposición para non se amosar nunca esixentes de máis. Por iso, quizais, seguían a medrar a súa granxa e a súa facenda, e vivían en sosego. Comprendeuna e agradeceu sen palabras a súa participación naquela cuestión. Era conscente da necesidade que tiñan de se gañar tamén a aqueles recién chegados, así como a cantos puidesen vir despois.

O resto dos fillos, e a esposa de Vestur, en avanzado estado xa de xestación, ficaron visiblemente preocupados na praia, mentres a embarcación se ía alonxando a golpes de remos.

Nattfari botou de menos esta vez a presenza e os algareiros ladridos de "Bu", o seu inseparable compañeiro de tantos anos. Pola súa mente desfilaron tamén as dificultades, os incon-

venientes e os labores que tiveran que superar na súa longa e solitaria estadía naquelas terras que acabaran por se converter no seu fogar.

Algo o fixo acordar naquel instante. Un enorme falcón acababa de emitir o seu arrepiante berro de morte ó se abater sobre unha anduriña. Tivo tempo de ver como esta se debatía, inútilmente xa, entre as súas poutas, dando os derradeiros e afogados chiídos, cando a victoriosa rapaz remontaba o voo, mentres do punto onde se producira o impacto caía un fato de pequenas plumas semellantes a folerpas de neve. Ficou de novo pensativo. Non lle parecía aquel o mellor dos agoiros para quen, como el, ía tratar de establecer un difícil diálogo con alguén que contaba ó seu favor con dúas naves e un fato de homes armados.

-Son a astucia e a agudeza, as que deciden un combate; non a forza ou o tamaño -foi deixando cair Rauda- Se a anduriña andase ó que debía de andar, tería podido evitar a morte, xa que é máis lixeira que o falcón.

Cando chegaron onda as naves, advertiron varios homes na praia con aspecto de estar a agardar por eles. Aquelas foran subidas xa a terra, lonxe do mallante, e ó seu arredor había instaladas moitas tendas. Ós seus oídos chegaban os golpes secos dos machados a cortar árbores, mesturados con voces, e algún choro de nenos.

-Nattfari, supoño -saudouno o que semellaba ser o principal do grupo.

O aludido ficou autenticamente admirado de que o recién chegado coñecese o seu nome. Rauda adiantouse a calquera inopor-

tuna reacción pola súa parte para ofrecerlle o año. O descoñecido ficou, en principio, como sorprendido. Mais logo aceptouno con visibles amosas de complacencia.

-Chámome Eyvind* -presentouse- Eyvind Askelsson..., e nada teño que ver con Eyvind o "Oriental", nin cos seus fillos, dos que tanto se fala agora en Islandia (28). Sei o que me vas dicir. Xa vin as túas marcas nas árbores. Compréndote perfectamente, Nattfari. Mais antes de que comeces a dar berros, quero que saibas que é o que se acordou no Thing.

-¿No Thing? -repetiu este, desconcertado- ¿Que Thing?.

-O noso; o dos islandeses -aclaroulle Eyvind- Está en Kjallarnes*, no sudoeste. Tanto o leste, como o oeste, o sur, e aínda a maior parte do norte da illa están xa cheos de asentamentos. Sumamos moitos miles os que eliximos este chan para vivir. E virán aínda moitos máis. Mais, como os primeiros colonos retivestes unha excesiva cantidade de terra, acordouse que ninguén puidese posuir máis ca que poidan percorrer el e a súa tripulación, ó longo dun día, acendendo lumes. E, se se trata dunha muller a que desexa instalarse, o espacio que poida arrodear unha pucha de dous anos, nun día de primavera, camiñando dende o abrente ó solpor.

"Demasiado lonxe ese Thing", pensou para si Nattfari, "para chegar a saber eu del. E excesiva falta de previsión a dos seus membros, xa que foron capaces de pasar por alto un feito tan importante como o de que, durante unha boa parte da primavera, aquí no norte, non se pon nunca o sol".

-Non o dubido, Eyvind Askelsson -comentou despois, gardándose a reflexión- Nin veño aquí coa intención de rifar contigo. Son home pacífico, como sen dúbida terás escoitado dicir. E prefiro ser o teu amigo que terte como enemigo. Nada mais que empuñei espadas para fabricalas ou para as reparar. Nunca para pelexar. Mais haberás de admitir que unha axeitada política de boa veciñanza sería que antes de marcar a túa "landnám"* intentaras porte en contacto conmigo, a fin de nos repartir o eido do mellor xeito posible.

Eyvind semellou desconcertado diante do razonamento. Mais, Nattfari, aínda estando de costas a ela, sentíu a ollada de Rauda clavada nel, certeira como unha frecha. A irlandesa non quería que esquecese o que pouco antes lle acontecera a aquela anduriña.

-De todos os xeitos -engadiu rápidamente- xa che dixen que non tiña intención ningunha de rifar contigo. Se o que dis é o que marca a lei, e é esta a parte que che gusta, pódeste quedar con ela, sempre e cando esteas disposto a respectar o río do oeste como extrema, e te poñas de acordo tamén nos deslindes cos que se instalaron antes de tí, corrente arriba. Pódeste quedar tamén cos alpendres que teño aquí, nos que almacenaba herba, leña e turba para o inverno. De todos os xeitos, penso que che debo de dar un pequeno consello, Eyvind. É conveniente que constrúas a túa granxa nun lugar algo máis elevado. As cheas cubren ás veces toda esta ribeira.

Se Eyvind era un falcón e un home de combativo, como o seu "drakkar" parecía indicar, ficou completamente desarmado pola

conciliadora actitude de Nattfari, a presunta anduriña. Logo de ollar a este longamente, como dubidando aínda das súas auténticas intencións, acabou por conducilo satisfeito onda a súa esposa e os seus fillos. E faltoulle tempo para agasallalo cun par de galiñas, algunhas sementes, e un pequeno cadelo da mesma caste que "Bu"*.

-Son uns cans tan agudos -díxolle- que ata falan coas ovellas.

Logo, mentres as mulleres departían, como se xa se coñecesen de toda a vida, Nattfari tratou de que o recién chegado o puxese ó día de canto estaba a acontecer no mundo. Soupo así que había xa case que tres anos que Harald, o da Ferosa Cabelleira, vencera ó resto dos noruegueses nunha mortífera batalla disputada no Hafrsfjord*, "a máis grande de cantas houbera nunca entre os homes do norte", feito que o convertira definitivamente no rei de todo o país. E que fora despois deste enfrontamento que se incrementara o éxodo cara a Islandia.

Con non ser xa demasiado agradable esta nova, Eyvind, comunicoulle outra que conseguiu preocupalo aínda máis. Un fillo de Gardar Svavarson, o home ó que lle debía a súa liberdade e a súa facenda, o mesmo posiblemente que fora enxendrado en Húsavik, convertírase en partidario de Harald. Ese fillo de Gardar chamábase Uni*, e acababa de ser enviado polo rei a Islandia coa misión de convertila noutro feudo seu. A cambio, Uni recibiría a dignidade de "jarl" da illa. Unha arbitrariedade máis por parte do novo monarca. O fillo de Gardar instalá-

rasedo, segundo se dicía, nos fiordos do leste, perto do lugar por primeira vez avistado polo seu pai. Mais os seus veciños, alertados polo Thing, tomaran a decisión de non lle vender animais nin provisións, como inicial xeito para dificultar as súas pretensións.

Retornaron a Nattfaravik. Sentada na pana de popa, Rauda acariñaba en silencio ó pequeno cadelo, engruñado na súa aba. Este amosaba aínda a primeira e uniforme pelaxe, e, como todos os da súa raza, o característico rabo a revirárselle por riba do lombo. Asemellábase moito ó vello amigo perdido, aínda que non tivese, como este, as súas dúas orellas diferenciadas.

-Chamarémolo tamén "Bu" -comentou Björn, á procura, quizais, de rachar o silencio que os ensumía, ou tal vez lembrando ó que fora inseparable compañeiro da súa nenez.

Nattfari seguía a remar. Outros eran os motivos que bulían naquel intre na súa mente. Que alguén como aquel Uni, educado e criado por un home do valimento e coas arelas de liberdade que sempre caracterizaran ó seu pai, Gardar, puidese chegar a someterse a un déspota como o rei Harald, indicáballe ás claras que os medios cos que este contaba para gañar terras e vontades eran superiores ó que cría. Algo que podía resultar perigoso para eles. Moi perigoso. Especialmente se, dalgún xeito, conseguía

chegar a influir sobre os integrantes daquel Thing que se arrogara a misión de garantir a lei e a liberdade entre os islandeses.

Por outra banda, fora por unha decisión desta Asemblea que acababa de perder unha boa parte da súa facenda. Non se queixaba disto, sen embargo, porque, gracias á clarividencia daquela sentenza, e á súa propia actitude, conseguira non perdela toda, e conservar ademais a vida. Era evidente que Eyvind contaba con demasiada xente para que puidese intentar facerlle aceptar unha postura contraria a aquela decisión. E estaba convencido, ademais, de que conseguira polo da súa parte. Neste sentido facíase-lle definitivamente evidente a sabedoría das palabras que tantas veces lle escoitara ó propio Gardar: "A Lei -a razón- é a garantía da liberdade".

Contaban xa cun Thing en Islandia. Tiñan, pois, grandes posibilidades de se poderen gobernar da forma máis axeitada. Mais decatábase tamén da necesidade de non continuar illado. Non podía permitir que fosen outros os que decidisen por el. Tiña que deixarse caer por Kjalarnes, saber como pensaban os demais, facerlles comprender a conveniencia de coñecer opinións distintas, e defender os seus intereses. Debía de se anticipar a calquera outro que puidese intentar convencer ó Thing de que aínda seguía a ter máis terra da que se podía considerar conveniente.

Contemplou unha vez máis a Rauda. Parecía satisfeita, e convencida de que actuara como debía, de acordo sempre coa vella sabedoría da súa xente, capaz de respectar a quen pensase dis-

tinto, e de admitir a variedade e a flexibilidade como principios capaces de garantir a convivencia. En todo caso soupera defender a necesidade de sobrevivir que con tanta dificultade deprendera ó longo daquelas dúas décadas de soedade. Fora tamén ela quen lle fixera comprender canto representaba a facultade humana de tomar decisións. Algo no que pensaba sempre, cada vez que tiña que facer uso da mesma. E, tal como Odín preconizara, procurara ser xusto e facer amigos, ó mesmo tempo que escoitara a opinión dos demais e intentara ser en todo sobrio e moderado, sen facerlle nunca a ninguén nada que non lle gustaría que lle fixesen a el, tal como Rauda lle insinara.

Había xa bastantes canas na súa cobriza cabeleira. Mais continuaba a ser fermosa e, sobre todo, a súa insustituíble compañeira. E ambos amábanse aínda como o primeiro día.

O pequeno "Bu" xemía na súa abada, mentres ela continuaba a pasarlle as mans, unha e outra vez, pola cabeza e o lombo.

!Aii, a ledicia de estar no seo dunha illa
ou no picouto dunha montaña,
de xeito que poida ver o mar en calma;
que poida contemplar as bandadas de páxaros
sobre o caudaloso océano;
que poida admirar as xigantescas baleas;
que poida asistir ó avalo e ó debalo do mar.

O animalciño acabou pódose en pé e lamberlle a cara.

=====

NOTAS A PE DE PAXINA:

- (1) Este primeiro grande ataque viquingo a París aconteceu no ano 845. O monarca danés Horik foi destronado no 853.
- (2) Estes dereitos familiares inalienables recibían o nome de "odal".
- (3) Na actualidade, Pentland Firth, o brazo de mar que separa o norte de Escocia das illas Orcadas. Os pictos habitaron o norte das illas británicas mesmo con anterioridade á chegada a estas das poboacións célticas.
- (4) Trátase dos Brochs, un xeito de fortaleza que existe nada máis que en Escocia, as Orcadas e as Shetland. Son da Idade do Ferro. De algunhas pénsase que puideron ser construídas en previsión de ataques romanos. Na actualidade consérvanse aínda 106 Brochs, tan só nas Orcadas.
- (5) A nave de Gardar estáse a adentrar no Scapa Flow, a baía central das Orcadas. Este lugar fariase famoso no século XX por ser escenario de tres importantes episodios protagonizados polas forzas alemáns na primeira e segunda guerras mundiais. Formando parte das denominadas Illas do Norte, as Orcadas recibiran dos noruegueses, que as ocuparan no século IX, a denominación de "Orkneyjar".
- (6) Ketil Flatnose foi jarl das Hébridas dende o ano 840, aproximadamente, ata o 880.
- (7) Trátase do chamado Arao Loro, ou "Fratercula Arctica".
- (8) Islandia significa "Terra do Xeo". Dise Island nos idiomas nórdicos e Iceland en inglés. Esta é aínda a súa denominación actual.
- (9) O escandallo é unha especie de sonda primitiva, consistente nun peso de chumbo, atado no extremo dun cabo. A Pedra do Sol, ou cordierita, é un mineral moi abondoso en Noruega, de color amarelo grisáceo que, aínda có ceo atoldado, vólvese azulado na parte que mira ó sol. O Compás solar, era unha pequena roda de madeira, na que aparecían marcados os 32 ventos así como as curvas dos equinocios e dos solsticios. No medio levaban un gnomon, a sombra do cal, especialmente ó mediodía, permitía coñecer a situación da nave.
- (10) Trátase da Corrente do Golfo que, procedente do Golfo de México, afecta ó sur de Islandia e ás illas Spitzberg.
- (11) "Entendemento" e "Memoria", son os seus significados.
- (12) Na actualidade, Austurhorn e Vesturhorn, "Horn oriental", e "Horn occidental", respectivamente, situados no sudeste de Islandia. A lagoa litoral na que situamos estes acontecementos, recibe hoxe o nome de Papafjörd, e nas súas inmediacións consérvase o topónimo de Papós. En canto á illa na que pernoctaron é a actual de Papey. Son topónimos todos eles etimoloxicamente derivados de "papar", o que nos permite coñecer en parte os lugares frecuentados daquela polos ere-

mitas irlandeses.

- (13) O "Kranich" está a navegar agora ó sur do xigantesco Vatnajökull, o glaciar máis extenso do mundo. O que avistan a continuación é o Myrdalsjökull, que se pode contemplar dende a bisbarra de Vik e Myrdalur, a máis meridional e aquecida de Islandia, que conta cunha pluviosidade anual de máis de 4000 mm., a máis elevada, con moito, de toda a illa.
- (14) Trátase de Dyrholaey, no extremo sur de Islandia. Os aguilións indicados acadan os 66 metros de altura, mentres que o promontorio sobre os arcos sobrepasa os 100.
- (15) Son as Illas Vestmann, ou dos Irlandeses. Nada máis que a do porto descrito está actualmente poboada, contando con magníficas instalacións, aeroporto, e industrias pesqueiras. A denominación débese ós escravos irlandeses que, logo de asasinar ó colonizador Hjor-Lief, no ano 871, instaláronse despois nelas. E aínda que o cuñado do morto, Ingolf Arnarson, o fundador de Reykjavik, parece que acabou por eliminar a todos eles, houbo un grande aporte de sangue irlandesa na colonización de Islandia.
- (16) O illó de Eldey, duns 80 metros de alto, situado no extremo da península volcánica de Reykjanes, o punto máis sudoccidental de Islandia. Algúns quilómetros ó norte del atópase o aeroporto internacional de Keflavik.
- (17) O lugar correspóndese co actual Snaefellsjökul, no extremo da península de Snaefellsnes, o glaciar e volcán no que Jules Verne sitúa o comenzo da súa incomparable "Viaxe ó centro da terra". Snaefellsnes é a ribeira septentrional da inmensa bahía de Faxaflói, e dista algo máis de 100 quilómetros en liña recta do punto no que se atopaba o "Kranich" naquel momento, a costa norte da península de Reykjanes.
- (18) "Montaña do lume". Neste caso trátase do volcán Rauldhalsar, situado no actual Haffjördur, no itsmo de Snaefellsnes, que deixou de estar activo arredor do ano 900. Existen aínda moitos volcáns activos en Islandia, que produciron importantes catástrofes. Están situados especialmente ó leste dunha liña que podemos situar entre a península de Reykjanes e Húsavik.
- (19) Trátase do fume das solfataras coas que se manifesta a enerxía térmica que hai soterrada en Islandia. Uns dez anos despois de Gardar, no 873, ou o 874, o noruegués Infolg Arnarson, bautizaría este mesmo lugar co nome de "Reykur vik", "Baía dos fumes", hoxe Reykjavik, a capital de Islandia.
- (20) Os noruegueses atópanse agora no extremo noroeste de Islandia, concretamente no alto do promontorio Kögur, próximo ós 500 metros. A baía na que se instaláron é a actual Fijóta-vik, e o promontorio bermello que a abeira polo sudoeste o Straumnes. Dende estas alturas albíscanse, efectivamente, nos días claros, as montañas da costa oriental de Groenlandia, das que as separa unha distancia de arredor dos 287 quilómetros en liña recta.
- (21) A altura á que se encaramara Nattfari acada os 417 metros, e a lagoa nela existente é o Botnsvatn. A illa achanzada é a

- actual de Flatey, mentres que a máis afastada é a de Grimsey, situada exactamente na liña do Círculo Polar Artico. A chaira do sur é o actual Adaldalur, pola que corren os ríos Laxá-Reykja, Skjálfandafljót, e outros máis cativos.
- (22) A descripción máis gráfica que sobre as Auroras Boreais coñezo débese a unha rapaza de Akureyri, a segunda vila de Islandia, situada a escasa distancia de Húsavik. Segundo ela, estas "móvense como as luces das discotecas".
- (23) Non hai, efectivamente, osos en Islandia. Mais si chegan a ela algúns, de xeito ocasional, a bordo dos témpanos flotantes, como o do caso que nos ocupa.
- (24) Ignoramos se os viquingos tiñan coñecementos de dietética, mais o que si sabemos é que os froitos das sorveiras e das arandeiras, por eles habitualmente consumidos, son abondosos en vitaminas A e C, mentres que o mel contén glucosa, fructosa, sacarosa, ademais das vitaminas A, B e C. As bagas das abidueiras son máis ben pobres en aportes nutritivos. En troques, o zume destas árbores ten un sabor moi agradable.
- (25) A referencia está tomada do "Landnámabók". A súa frase final aparece tamén no "Íslendingabók", realizado arredor do ano 1125 por Ari Thorgilson, o Erudito, sendo un fel referendo da realidade. No tempo da colonización o 25% da illa estaba cuberto polo bosque. Menos de trescentos anos despois xa non era así, especialmente a causa das ovellas e das talas indiscriminadas. Na actualidade trabállase na recuperación desta riqueza. E preténdese completar nas próximas décadas o prantado de sesenta millóns de árbores.
- (26) Como aclaración complementamos a cronoloxía destes datos: Olaf o Cano, foi rei de Birka (Suecia) despois do ano 850. Olaf o Branco, rei de Dublín (Irlanda), no período 856-870. Sigfred, rei en Dinamarca aproximadamente no período 860-75. Ketil Flatnose foi "jarl" das Hébridas entre aproximadamente os anos 840 e 880. Rögnvald de Möre chegou ás Orcadas pouco despois do ano 860. Nicolás I foi Papa no período 858-867. Ivar, Halvdan e Ubbe, fillos de Ragnar Lodbrok, invadiron Inglaterra no ano 865. O arcebispo Ansgar de Corvey morreu no ano 865. A definitiva victoria de Harald o da Fermosa Cabeleira sobre os noruegueses en Hafrsfjord, tivo lugar no ano 885, aproximadamente. O seu dilatadísimo reinado sitúase entre 860 e o 930.
- (27) Trátase da actual Godafoss, a "Cascada dos Deuses", un lugar de formacións basálticas no que remexe unha impresionante masa de auga procedente do glaciar Vatna, situado ó sur da illa.
- (28) Eyvind o "Oriental", sueco de vida aventureira á fronte das súas naves. Casara en Irlanda con Raforta, filla do rei Kjarval. Os seus fillos, Helgi "Magri", ou Helgi o "Fraco", e Snaebjörn, establecéronse nos cantóns do norte de Isladía, onde se convertiron en homes relevantes. O primeiro deles era cristián.

GLOSARIO:

- AEGIR:** Deus do vento e das tormentas, na mitoloxía nórdica.
- AGDER:** Comarca situada nas inmediacións das actuais Kristiansand e Arendal, no sudoeste de Noruega.
- ALCA:** Neste caso a Grande Alca; unha clase de araos que chega a sobrepasar o metro de altura. Ten un aspecto moi semellante ó do pingüino. A Gran Alca desaparecería de Islandia, por exterminio andrónimo, no ano 1844.
- ANSGAR:** Misioneiro cristián que viviu do 801 ó 865. No 831 foi arcebispo de Hamburgo e no 847 de Bremen.
- ASGARD:** Sé dos deuses escandinavos. O seu centro era a Walhalla.
- BEITIAS:** Literalmente, "cinguidor". Pau co que se mantiña inclinada e tensa a vela de xeito que o barco puidese navegar aproveitando ventos pouco favorables.
- BRENDAN,** ou tamén Brandán e Barandán (486-575): Santo fundador do mosteiro de Dingle, na península do mesmo nome, no sudoeste de Irlanda, protagonista dunha sonada navegación polo Océano, recollida por escrito no século IX, "Navigatio sancti Brandanis". Versións posteriores convertíron a esta nunha auténtica viaxe iniciática, moi desfigurada.
- BRIGHIT:** A principal das divinidades indoeuropeas. Trátase dunha deusa de triple significación. Considérase que representaba as tres clases sociais daquela cultura: druídas, guerreiros e traballadores. Deusa polo tanto da inspiración, da guerra e das artes manuais. Có significado etimolóxico de "valor", "poder", "prestixio", "altura", está tamén relacionada con cantos topónimos en "briga" existiron tanto na Gallaecia coma nunha boa parte da península Ibérica, así como coa "Brigantia" na que viviu Breogán, e cos Brigantes, que o xeógrafo alexandrino Claudio Ptolomeo (90-168), situou tanto no noroeste de Galicia coma no sudeste de Irlanda e o norte de Inglaterra. Considérase tamén que o seu culto chegou a Irlanda da man dos seus penúltimos invasores, os Tuatha Dé Danann, procedentes da área que acabamos de reseñar.
- Relaciónase tamén con ela a excepcional santa irlandesa do mesmo nome, convertida ó cristianismo por San Patric. Santa Brighit fundou e gobernou o mosteiro mixto de Kildare, é dicir, "A hermiña dos carballos". Pero, ademais, confesou, foi consagrada bispo, ordenou cegos, e parece que celebrou tamén misa. Morreu un 1º de febreiro, casualmente o día da festa irlandesa de Imbolc, adicada á vella divinidad dos Tuatha Dé Danann.
- BROCHS:** Torres ou fortalezas redondas da Idade do Ferro existentes nada máis que en Escocia, as Orcadas e as Shetland. Algunhas puideron construírse en previsión de

- ataques romanos. Nas Orcadas consérvanse aínda 106.
- BU:** Cobertizo, alboio, corte. A principios do século IX esta etimoloxía utilizaríase para designar un can noruegués duns 43 centímetros de alzada, de cor branca acastañada -ás veces tamén moi escuro- e moi rexo, que se fixo imprescindible axiña nos traballos das granxas e no pastoreo. Tanto o chamado "Pastor de Islandia" coma o "Buhund" noruegués semellan ter unhas características comúns e correspóndense físicamente co "Bu" que aparece nesta historia. Así mesmo, o nome que lle aplicamos á súa nai, "Neisti", ten o significado de "Faisca", "Moxena" ou "Muxica".
- DRAKKAR:** Dragón; nave veloz e de guerra. Podía transportar 70 homes e 400 kr. de armas, 2.500 de agua e alimentos e 500 de outros trebellos. Velas xeralmente brancas, aínda que ás veces a franxas de cores. As dos xefes principais eran púrpura.
- ELDFJALL:** Literalmente, "Montaña de Lume", é dicir: volcán.
- ESCALDA:** poeta de corte que canta os méritos do señor que o mantén, aínda que se ocupaba tamén de temas relixiosos e de proverbios. A súa figura estilística era o KENNING ou metáfora, designación de algo por medio de varias palabras: "cabalo das ondas", nave...
- EYVIND ASKELSSON:** O contacto con este colono, supón a derradeira das mencións que acerca de Nattafari e a súa xesta de supervivencia se coñece. O curioso reparto de terras efectuado entre ambos aparece recollido no "Landnáma-bok".
- FAEROE:** FAEYJAR, "Illas dos Carneiros", ou "Das Ovellas", situadas ó norte da Gran Bretaña e das Shetland, ocupadas polos viquingos no século IX. Foron chamadas "Faeyjar" ou "Illas das Ovellas", a causa do número destes animais nelas existente, probablemente levados a elas polos "PAPAR".
- FIANNA** ou "fenian": Especie de milicia guerreira que perviviu en Irlanda ata finais do século III dC. A lealdade, a valentía e a xenerosidade súas eran tamén as calidades que integraban o código de honor das sociedades da Idade do Ferro, que perviven en diversos textos, como a Iliada, e permaneceron en Irlanda non só ó longo da Idade Media senón ata a actualidade. A denominación provén do seu xefe Finn ou Fionn.
- A sona destes "Fianna" eclipsou a das demais confradías guerreiras daquela existentes en Irlanda. Os "fianna" tiñan a misión de vixiar a aplicación da xusticia, e os portos. Perseguían ós delinquentes e, ás veces, encargábanse tamén da recaudación dos impostos. O seu prestixio foi tal que a súa lembranza chegou ata os nosos días na literatura oral. As características dos "fianna", e das outras orgaizacións irlandesas de guerreiros, aseméllanse de tal xeito ás ordes militares medievais, de xeito especial á famosa "Táboa Redonda"

- do Ciclo Artúrico, na que a lealdade, a valentía e a xenerosidade continuaban a ser os valores máis destacados, que se sospeita que se inspiraran neles.
- GRIMUR KAMBAN: O primeiro nórdico que se instalou nas Faeroe. Isto parece que aconteceu despois do ano 820, e debeu de ser fillo dun noruegués e unha irlandesa.
- HAITABU: Notable centro portuario, comercial e económico danés, situado nas proximidades da actual cidade alemá de Schelswig, ó fondo dun fiordo. Foi destruída no ano 1066. Tanto o lugar como a súa comarca foron daneses ata 1864.
- HALVDAN O NEGRO: Residía, ou polo menos alí foi enterrado arredor do ano 860, en Borre, no Vestfold, nas inmediacións da actual vila marítima de Horten.
- HAFRSFJORD: Fiordo próximo a Stavanger, no extremo sudoccidental de Noruega. O combate tivo lugar en datas próximas ó ano 885. Aproximadamente uns 18 ou 20 despois de que Nattfari e Rauda se instalaran en Nattfaravik, segundo a nosa estimación.
- HARALD HAARFAGR: Harald o da "Fermosa Cabeleira", fillo de Half dan "O Negro", unificador e primeiro rei de Noruega. A principal fase do proceso de unificación abrangueu dende o ano 860 ó 872, aínda que, na práctica durou todo o reinado, rematado arredor do ano 930.
- HAARFAGR: Literalmente, "Fermosa Cabeleira". Vide HARALD HAARFAGR.
- HEBRIDAS: ou SUDUREYJAR, illas situadas ó noroeste de Escocia, ocupadas polos noregos no século IX.
- HERSIR: Xefe dunha comunidade territorial, habitualmente formada por varias aldeas e granxas, elixido polo Thing.
- HNEFATAFL: Xogo de mesa, especie de guerra, con régulas que descoñecemos.
- HROLF: Fillo de Rögnval de Möre que máis tarde acabou vivindo no leste de Islandia. Un descendente seu foi Jon, o primeiro bispo de Holar, a Sé do norte da illa. Hai dúbidas máis que razoables de que poida ser o Rolf, ou Rollón "O Camiñador", parente tamén de Rögnval, que unha ducia de anos máis tarde do momento no que se desenvolve esta narración, sería quen de conquistar no 876 a comarca do baixo Sena, posteriormente chamada Normandía, da que había de ser o seu primeiro Duque. Rebasada amplamente o medio século de idade este Rollón faríase cristiano e casaría con Gisele, filla de Carlos III de Francia. Morreu arredor do ano 925, cando sobrepassaba os 70.
- HROSEY: Literalmente, "Illa do Cabalo". Na actualidade recibe o nome de Maindland.
- HUGIN e MUNIN: "Pensamento" e "Lembranza". Os dous corvos de Odín.
- HUSAVIK: Así continúa a denominarse este lugar, convertido agora nunha vila industrial, comercial e portuaria, doctada de toda clase de servizos, ademais de museos, hospital, hotel, aeroporto, camping e piscina. O lugar ató-

pase, así mesmo, na comarca de maior insolación e precipitacións máis reducidas de toda a illa, ata o punto de que estas representan aproximadamente a séptima parte das do sur da mesma.

ISLANDIA: ISLAND, "Terra do Xeo". Nome dado á illa por Floki Vilgerderson, pouco despois do ano 861.

JARL: Home prestixioso, xefe ou caudillo dunha comunidade. Posteriormente equivaleu a Conde.

KJALARNES: Asento do primeiro Thing de Islandia. Foi creado por Thorstein, un dos fillos de Ingolf Arnarson, o fundador, arredor do ano 874, de Reykjavik. Atopábase a escasa distancia ó norte desta. Sería substituído polo Althing de Thingvellir, situado uns 50 quilómetros ó interior, no ano 930.

KNORR: Nave comercial, máis lenta, de alto bordo e con superior capacidade de carga que os Drakkar -unhas 100 toneladas- utilizados no combate. Precisaba de moi pouca tripulación para ser manexada, por depender máis do vento que dos remos. Capeaba mellor a mar grosa.

KRANICH: Grulla.

LANDNAM: Expresión que designa tanto a área tomada para un asentamento ou colonia, coma o feito de afirmar o dereito de propiedade sobre a mesma. Vide NEMA LAND.

LEIDHSÖGUMADR: "Home que indica o camiño"; piloto ou persoa coñecedora que axudaba a chegar á nave a un destino. Chamábaselle tamén "Leidsagnarmadr" e "Strymadr".

MONAQUISMO IRLANDES: Parece que San Patraic (385-461), que pasa polo tradicional fundador do mesmo, non fixo senón incentivar o ascetismo dos eremitas, continuado posiblemente polo seu discípulo San Manchan de Offaly. O auténtico monaquismo debeu de començar inmediatamente, e parece ter certas conexións co monaquismo exipcio, iniciado no ano 320 por San Pacómio, sendo coñecido moi de perto pola nosa paisana Egeria, cara ó ano 380. San Columcille (521-575), fundou o seu primeiro mosteiro no ano 546 en Doire, posteriormente denominado Derry. O de Iona foi tamén fundación súa. El decidiu xa a preferencia pola cultura entre as ocupacións dos monxes: "A cada vaca a súa pucha, e a cada libro a súa copia".

San Kevin (498-618), fundou cara ó 550 o mosteiro de Glendaloug, uns 35 kms. ó sur da actual Dublín, que, ó dicir de Beda o Venerable (673-735), recibiu gratuitamente a estudiosos, tanto de Irlanda coma de Britania, sen distinción de clases, ós que cederon libros e impartiron clases, como se dunha auténtica Universidade se tratase.

San Columbano (540-615), sería quen estableceu a definitiva régula destes mosteiros -"muintir" en irlandés-: oración, xexún, estudio, e traballo diarios. Gracias a ela os mosteiros acabarían por convertérense nas primeiras comunidades urbanas coas que contou Irlanda. Houbo moitos mosteiros mixtos, algúns rexidos por aba-

desas, como é o caso de Santa Brighit.

O monaquismo celta espallóuse con grande forza por Britania, Centroeuropa e Italia.

MÖRE: Comarca noruega situada nas proximidades do paralelo 62°.

MOSTEIRO: A descripción de Vestur sobre eles correspóndese coa dos mosteiros irlandeses do seu tempo, nos que o traballo agrícola era o máis importante. Posteriormente, esta estrutura básica sufriría importantes modificacións, ó seren doctadas de obras defensivas, espectaculares torres cilíndicas e estancas, que serviron como depósito e salvagarda de valiosísimos manuscritos, e tamén con refectorios, cociñas, bibliotecas "scriptoria" e outros edificios de pedra, ademais de ampliar as zonas que acollían ós seculares.

Vide: MONAQUISMO IRLANDES.

NADDOD: NADDODUR, alcuñado "O Viquingo". Arredor do ano 860, nunha viaxe de Noruega ás Faeroe, foi desviado cara ó noroeste por unha tormenta, que o conduciu a unha terra chea de fiordos e árbores, anque sen sinais de habitantes. Como no momento de abandonala caíse unha nevada, decidiu chamala Schneeland, "Illa da Neve".

NATTFARAVIK: Literalmente, "Baía de Nattfari", denominación que segue a manter aínda hoxe.

NJÖRD: Deus da navegación, pai de Freya e Freyr. Facíanselle ofrendas.

NEMA LAND: Literalmente, "apropiación dunha terra". Poderíase traducir tamen por "asentamento".

NORDREYAR: Illas do norte: Orcadas e Shetland.

ODAL: Dereitos territoriais das familias propietarias, inalienables ata o reinado de Harald o da Fermosa Cabeleira. UDAL.

ODIN: Divinidade suprema da mitoloxía escandinava, pai, creador, deus da guerra, dos mortos, do coñecemento, da xusticia e da agricultura. Era tamén poeta e vidente. Vivía no Walhalla e cabalgaba no seu corcel de oito patas chamado Sleipnir.

ORCADAS: ou ORKNEYJAR, illas situadas no nordeste de Escocia, ocupadas polos viquingos no século IX.

OSTFOLD: A ribeira oriental do fiordo de Oslo, oposta ó VESTFOLD, sobre o que principiara reinando Harald.

PAPAR: Denominación coa que os nórdicos coñeceron ós eremitas irlandeses que vivían nas illas do norte.

PATRAIC: Vide MONAQUISMO IRLANDES

PICTOS: Pobo, posiblemente pre-celta, procedente do continente, establecido no norte da Britania arredor do ano 1000 antes de Cristo

RAGNAR LODBROK: Viquingo danés, que atacou Francia máis dunha vez, e negociou a cidade de París có rei Carlos o Gordo. Uns anos despois caeu prisioneiro do rei Aella de Northumbria, que o fixo executar xunto coa maioría dos seus homes. O célebre Björn Eisenite que, en unión de Hásteinn, fixo unha expedición de tres anos polo Mediterráneo, era un dos seus fillos. Os que acabaron

- con Aella foron, Halvdan, Ivar e Ubbe.
- RAUDA: Abreviación de "Raud Stúlk", ou "Moza do cabelo roxo". No antigo irlandés, "roxo" dicíase "rúad", e "roxo intenso, "ro-rúad".
- ROGALAND: Comarca noruega situada nas proximidades da actual Stavanger e ó sur de Bergen, no paralelo 59°.
- RUNA: Do xermánico "reunen": "murmurar". Signos e escritura utilizados polos pobos nórdicos ós que se lle conferían certos poderes. De feito, todos aqueles que os sabían utilizar gozaban de grande prestixio e eran considerados como sabios. Posuían valor fonético e conceptual. O deus do coñecemento rúnico era Odín. O alfabeto rúnico denominábase FUTTHARK. Era de orixe xermánico tamén. Inicialmente tivo 24 sinos, mais, a principios do século IX imporiáse o de 16 caracteres.
- SCHNAELAND: "Illa da Neve", nome dado por Naddod a Islandia.
- SEELAND: ZEELAND. Hoxe Sjaelland, a illa onde se atopa Copenhague.
- SHEID: Nave pequena de guerra, con 13 remos por banda, estruturalmente idéntica ó "drakkar".
- SHEIDING: territorio que aporta a tripulación para un SHEID.
- SHETLAND: ou HIALTLAND, "Terra das follas de espada", illas situadas ó nordeste de Escocia, ocupadas polos vikingos no século IX.
- SKJALFANDI: Literalmente, "O Tremedor". Skjálfandi é o nome que leva aínda o lugar.
- THING: Asemblea social, militar e xudicial dos homes libres dunha mesma comunidade. Axuntábase unha ou dúas veces ó mes ó aire libre. Ancianos e xuristas, capaces de lembrar de memoria as súas leis non escritas, dirixían os debates. Podía durar ata tres días.
- THULIR: Recitador anónimo do mundo nórdico. Cara ó ano 1000 serían substituídos polos ESCALDAS, poetas con certa conciencia creadora xa, testemuñas case sempre dos feitos que narraban.
- TROLL: Demo, ou personaxe mítico, varón e femia, que se presentaba tanto con aspecto de xigante coma de anano. Equiparable en certo xeito ós nosos trasnos.
- UDAL: Feudo familiar hereditario, xeralmente con comunidades de aldeas, cultivable. ODAL.
- UNI: Deste fillo de Gardar sábese tamén que morrería en chan islandés sen ter acadado os seus propósitos, nunha liorta. Isto debeu de acontecer arredor do ano 890. É dicir, moi pouco despois. Deixou un fillo, Horar, que remataría os seus días tamén dun xeito semellante. A unión dos islandeses a Noruega produciríase, por decisión propia, no ano 1262, é dicir, uns 375 anos máis tarde dos feitos aquí recollidos, a causa principalmente dos graves enfrontamentos entre a Igrexa, a hexemónica familia Sturlung e outros grupos de poder. Os resultados foron claramente negativos. Islandia recobrou a súa soberanía en 1918.

Dende esa data, ata os nosos días, a illa case que cuaduplicou a súa poboación, pasando a ser un dos países de máis elevada renda per cápita do mundo.

- VADHMAL: Tecido ordinario de la, semellante á sarapilleira, comunmente utilizado para a roupa de inverno. Estaba ordinariamente confeccionado con liquens ós que se lle daban cores bermello, violeta, verde ou negro, con poos minerais.
- VESTFOLD: Literalmente "O Oeste do Fiordo". Comarca situada ó oeste do fiordo de Oslo.
- VESTUR: Apócope de "Vestmann", Irlandés.
- VIQUINGO: Nome có que se designaban a sí mesmos os antigos escandinavos cando formaban parte dunha expedición marítima. Pode derivar tanto de "vig", combate, loita, coma de "vik", burgo, fortaleza, ou de "wik", bahía, fiordo, lugar onde a terra se retira diante da agua. "Wik" procede de "weichen", retirarse, ceder. Coñécense uns 870 topónimos con "wic" en Europa.
- WALHALLA: Morada eterna dos guerreiros mortos no combate, situada no Asgard.
- WIKEN: nome primitivo do actual territorio sueco do Bohuslánd, ó oeste do lago Vänern, no que se atopa a cidade de Goteborg. Foi noruegués ata o ano 1658.

TABOIA CRONOLOXICA:

- 460 Data aproximada da morte de San Patrik -Patraic-, en Irlanda.
- 490 Santa Brigit fonda o mosteiro mixto de Kildare -"Igrexa do Carballo"-, a uns 40 kms. ó sur da actual Dublin.
- 546 San Columcille fonda o mosteiro de Doire -"Carballeira"-, logo chamado Derry, no norte de Irlanda.
- 560 Data aproximada da fundación de Iona, nas Hébridas, por San Columcille.
- 575 Data aproximada da morte de San Columcille en Irlanda.
Data da morte de San Brendan, ou Brandán, fundador do mosteiro irlandés de Dingle.
- 750 Fundación do establecemento comercial, non permanente, de Kaupang no Vestfold, na marxe occidental do actual fiordo de Oslo, perto de Tønsberg, na foz do mesmo. Etimoloxicamente significa "mercado". Algúns identifícano con Sciringesheal.
- 789 Tres naves escandinavas atacan Portland, no Dorset, Sur de Inglaterra (Crónica Anglosaxona).
- 793 8-6: os noruegueses arrasan o mosteiro de Lindisfarne, no nordeste de Inglaterra (Crónica Anglosaxona).
- 795 Ataque viquingo ó mosteiro de Colmcille, na illa de Iona, Hébridas Interiores, na costa occidental de Escocia.
-Primeiro ataque viquingo a Irlanda, en "Rechru", posiblemente a illa de Rathlin, no extremo nordeste.
- 800c. Nestas datas comencian os asentamentos noruegueses nas illas SUDREYJAR (Hébridas), e HJALTLAND (Shetland), illas das Espadas. Nas primeiras fundiríanse coa poboación autóctona dando lugar ós Gall-Gaedhil. Nas outras a poboación autóctona acabaría por ser absorvida.
-Fundación das importantes cidades comerciais de Birka (perto de Estocolmo), Ribe, no oeste de Jutlandia, e Haitabu, no sur desta.
- 820c. Grimur Kamban, noruegués posiblemente nacido nas Hébridas ou Irlanda -Kamban é celta- instálase no norte das illas FÖROYAR (Faeroe), Illas das Ovellas, descubertas moito antes, quizais arredor do ano 700, por monxes Irlandeses.

"Había un home chamado Grim Kamban; foi o primeiro en se establecer nas illas Faeroe. Mais nos tempos do rei Harald, o da Fermosa Cabeleira, fuxiu moita xente -de Noruega- a causa da súa tiranía. Algúns decidíronse polas Faeroe e establecéronse nelas, mentres que outros marcharou a outros países despoboados". ("Faereynga Saga").

- 825 No seu "Liber de Mensura Orbis Terrae", o irlandés Dicuil

fala das illas Faeroe e do abandono das mesmas por parte dos monxes a causa da chegada a elas dos noruegueses:

"Hai moitas outras illas no océano ó norte de Britania ás que se pode chegar dende as illas británicas máis setentrionais en dous días e dúas noites de navegación coas velas despregadas e o vento favorable. Certo relixioso informoume que, en dous días de verán e a súa noite intermedia, navegando nunha barca de dous remeiros, chegou a desembarcar nunha delas. Algunhas destas illas son moi pequenas. Case que todas están separadas entre elas por angostos estuarios. Nestas illas os eremitas que navegaron dende a nosa Scotia -Irlanda do Norte- viviron durante uns cen anos máis ou menos. Constantemente despoboadas dende os comenzos do mundo, volven a estar agora vacías de ermitaños ó faltar estes a causa dos piratas nórdicos. Mais están cheas de numerosas ovellas e de aves mariñas. Nunca atopei ningunha mención destas illas nos libros eruditos".

- 825c. Os noruegueses nas Hébridas.
- 826 Harald Klak, rei dunha parte de Dinamarca, é bautizado.
-Primeira misión de Ansgar de Corvey en Dinamarca.
- 829 Misión de Ansgar entre os suecos de Birka, onde reina Björn.
- 835 Os daneses desembarcan na illa Sheppey, na foz do Támesis, a saquean os arredores.
- 839 Os viquingos invernan por primeira vez en Irlanda, en Lough Neagh.
- 840 O noruegués Ketil Flatnose goberna nas illas SUDREYJAR (Hébridas)
- 840c. Olav Geirstada-Alf e Halvdan o Negro, reinan respectivamente no sur e no norte do Vestfold, no fiordo de Oslo.
- 841 Os noruegueses fundan Dublín, que contou con rúas pavimentadas con grandes travesas de madeira.
- 843 23-6: Incendio e destrucción de Nantes por viquingos do Vestfol, que antes atacaran París e outros lugares. Estes pasan o inverno na foz do Loire.
- 844 Partindo da foz do Loire, os vestfaldingi saquean Burdeos e suben polo Garona ata Toulouse.
1-8: os mesmos atacantes tratan de desembarcar en Xixón; días máis tarde son rexeitados no Farum Brecantium por Ramiro I (842-50), aínda que conseguen botín. Pouco máis tarde atacan Lisboa, para seguir logo a Cádiz e Sevilla, que desvantan.
- 845 Os viquingos arrasaron Hamburgo. O arcebispo Ansgar ten que fuxir para salvar a vida.
-O arcebispado de Hamburgo é trasladado a Bremen.
-Ataque a París de Ragnar Lodbrog, subindo polo Sena con 700 naves. Ocupou a abadía de Saint Germain-des-Près. Carlos II o Calvo (840-877) págalle 7.000 libras como "dane-

- geld" para que respeten á cidade.
- 846 Ataque viquingo ó mosteiro de San Cibrán de Calogo, en Vilanova da Arousa, fondado por San Froitoso. Chegan polo Ulla ó interior de Galicia, aínda que volven ser rexeitados en Chantada polo rei Ramiro no lugar actualmente denominado Camporramiro
- 850 O misioneiro Ansgar autorizado a construír igrexas en Ribe, Haitabu e Birka.
-Data aproximada do nacemento de Harald o da Fermosa Cabeleira, fillo de Halvdan o Negro, rei dunha parte do no Vestfold, fiordo de Oslo.
- 851 Os daneses tómanlle ós noruegueses o control de Dublín e a súa área.
- 853 O danés Horik, destronado.
- 854 Olav o Cano (853-71), rei sueco de Birka, recibe ó misioneiro Ansgar.
- 856 Morte de Ragnall en Dublín. Sucédelle Olav o Branco, casado con Aud a "Meditativa", que era cristiãna.
- 857 Ataque a París de Björn Eisensite, fillo de Ragnar Lodbrok, e Hásteinn.
- 858 No mes de xullo deste ano estes mesmos viquingos penetran pola ría da Arousa e saquean Iria Flavia, mais son rexeitados ó parecer perto de Compostela polo conde Pedro.
-Atacaron máis tarde Lisboa, posiblemente xa no 859, así como prazas do Estreito de Gibraltar, Mauritania, costas levantinas da Península, illas Baleares, sur de Francia, noroeste de Italia, e costas gregas.
- 860 Ragnar Lodbrok ataca Northumbria, onde é executado por Aella, rei ou líder do país.

"Medra o número de navíos. A corrente sen fin de viquingos non para. Aquí e alá os cristáns son vítimas de masacres, do lume e dos saqueos. Os viquingos toman todo o que se lles pon por diante. Ninguén lles pode prantar cara. Tomaron Burdeos, Perigord, Limoges, Angulema e Tolosa. Angers, Tours e Orleáns foron destruídas. Unha incontable flota navega Sena arriba, e a maldade faise dona do país. Rouen ficou deserta, saqueada e incenciada. París, Beauvais e Meaux conquistadas; Chartres ocupada, Evreux e Bayeux saqueadas e outras moitas cidades sitiadas".

(Ermentarius, monxe de Noirmoutier).

- 860c. Data aproximada da morte de Halvdan o Negro, rei do norte do Vestfold, que é enterrado en Borre, moi perto de Oseberg.
-Rögnvald de Möre, Noruega Occidental, instálase nas Orca-das, das que se convirte en jarl.
-O viquingo Naddod navega de Noruega ás Faeroe coa intención de instalarse nelas. Mais unha tormenta desviouno cara ó occidente onde descubriu un gran país. Subiu a unha montaña elevada e non advertiu sinal de que estivese habitado.

- No outono, mentres tratába de volver ás Faeroe, caíu unha forte nevada nas montañas, polo que chamou a este país "Schnaeland", "Terra da Neve".
- 861 Aed Findliath, rei de Ailech, na actual comarca nordirlandesa de Derry, alíase cos noruegueses de Dublín.
- 861-3c. O noruegués Floki Vilgerdaron, procedente do Rogaland, explora as costas meridionais e occidentais de "Schnaeland", na que pasa dous invernos, e á que acaba por denominar "Island", "Terra do Xeo".
- 864-5c. Gardar Svavarsson, fillo dun sueco do Väster Götland, con grandes posesións na illa danesa de Seeland, que procuraba esta terra seguindo as indicacións da súa nai, unha adiviña, ou ben desviado por unha tempestade cando viaxaba ás Hébridas, chega á terra descuberta por Naddod, que circunvala e explora meticulosamente, invernando en Húsavik. Logo de deixar nela a Nattfari, xunto cun escravo e unha serva, remata a súa circunvalación e, tras bautizala como "Gardarsholm", volve a Noruega.
- 865 Morre o misioneiro Ansgar de Corvey, arcebispo de Hamburgo e Bremen.
- 865 Grande ataque danés contra Inglaterra. Halvdan, Ivar e Ubbe, fillos de Ragnar Lodbrok, conquistan Londres, York e o leste da illa.
- 866 Novembro: captura de York polos daneses.
- 867 21-3: Aella e Osberth, reis de Northumbria, recuperan York ó asalto.
-Ambos perecerían a mans dos daneses na grande matanza que se produciu inmediatamente despois.

Pasaron xa as horas da miña vida,
e morrerei sorrindo,
porque sei que está a serme
preparado un asento nas salas de Odín.
Fun vencido, mais sei tamén que, moi axiña,
a lanza dalgún dos meus fillos
atravesará de parte a parte o corazón de Aella.
Do "Canto de morte de Ragnar Lodbrok"
(Recollido por Soemund o Erudito, en Islandia)

- 867c. O noruegués Ingolf Arnarson xunto con Leif Hrodmarson, o seu irmán de leite, aínda que máis coñecido como Hjor-Leif, (Espada-Leif), explora os fiordos orientais de Islandia. Logo de invernar nela volveron a Noruega. Cando isto acontecía, e segundo o "Islendingabók", Harald o da Ferosa Cabeleira, non tiña máis que uns dezaseis anos.
- 869 Novembro: Ivar, fillo de Ragnar Lodbrok fai matar a San Edmund, rei da Anglia oriental, logo da batalla de Hoxne.
- 870c. Harald o da Ferosa Cabeleira, convírtese en rei do Vestfold.
A partir desta data Harald principia a someter ás illas Orcadas e Shetland, que facían incursións piráticas a Noruega. Nun dos combates perece Ivar, fillo do jarl Rögnvald.

- 870 Ingolf Arnarson e Hjor-Leif, agora tamén cuñados, deciden instalarse en Islandia á que se encamiñan en senllas naves, desembarcando esta vez no sudeste da mesma.
- 871 Hjor-Leif e a súa xente son asasinados polos seus escravos irlandeses, que se instalan nunhas illas próximas á costa meridional de Islandia que, dende entón son denominadas Vestmann, ou dos Irlandeses.
- 871 Ingolf Arnarson acaba cos escravos irlandeses e libera ás mulleres dos noruegueses por estes asasinados.
- 873c. Morre o rei Sigfred de Dinamarca.
- 873-4 Ingolf Arnarson e a súa xente instálanse definitivamente en Reykjavik. (Para o Islendingabók, no ano 870). Este é o comenzo do período duns trinta anos no que serían repartidas e ocupadas todas as terras aptas de Islandia.
- 876 Rolf o Camiñador, irmán, ou parente, posiblemente, de Rögnval de Möre, apodérase da Normandía, onde xa había asentamentos nórdicos dende o ano 850. Halvdan, fillo de Ragnar Lodbrok, convírtese en rei de York. Sería deposto ó ano seguinte.
- 880 Fin do goberno de Ketil Flatnose nas SUDREYJAR (Hébridas).
- 885c. Harald o da Fermosa Cabaleira vence ós viquingos noruegueses en Hafrsfjörd perto de Stavanger, no sudoeste do país, impondo a unificación da Noruega meridional.
-Intensifícase a emigración norueguesa ás illas Británicas e a Islandia.
-Inicia as súas actividades o primeiro Thing de Islandia, instalado en Kjalarnes, a escasos quilómetros ó norte de Reykjavik. O seu instaurador foi Thorstein, fillo de Ingolf, o fundador de Reykjavik.
- 886c. Uni, fillo de Gardar Svavarson, chega a Islandia coa intención de incorporala á autoridade de Harald "Haarfagr".
- 887c. Por este tempo parecen asentados xa en Islandia os proxenitores dalgunhas das principais familias da illa: Hrollaug, fillo de Rögnval de Möre, no leste; Ketilbjorn Ketilsson, no oeste; Aud a "Meditativa", viúva de Olav o Branco, rei de Dublín, tamén no oeste; e Helgi "Magri", o fillo de Eyvind o "Oriental", no norte.
-Data probable do reparto de terras efectuado entre Nattfari e Eyvind Askelsson.
- 890c. Uni, fillo de Gardar Svavarson, perece en Islandia nun enfrontamento có seu sogro Leidolf, moi pouco despois de que nacesse o seu fillo Hroar.
- 910c. O rei francés Carlos III o Simple (893-923) pídelles ós viquingos de Normandía que lle envíen ó seu soberano para tratar de chegar a un acordo con el. A resposta foi: "Nós non temos soberano. Somos todos iguais".
- 911 Rolf o Camiñador, máis coñecido como Rollon, pasa a ser Roberto I, Duque de Normandía logo de xurar fidelidade a Carlos III o Simple, e de obter a man da princesa Gisele. Foi bautizado ó ano seguinte.
- 930c. Os 80 anos de idade morre Harald, o da Fermosa Cabeleira, o unificador do sur de Noruega.